

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18

SESION ORDINARIA DO 30 DE NOVEMBRO DE 2009

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velo Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martíño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTEN:

González Sagarra, Javier Pablo

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e seis minutos do día trinta de novembro do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font,

Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. González Sagarra. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (220).- ACTA ANTERIOR. (S. 07.09.09)

(Está ausente o Sr. González Sagarra, do Grupo Popular).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente á sesión que tivo lugar o día 7 de setembro de 2009, correspondente ó Pleno ordinario do mes de agosto.

2.- (221).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións da Alcaldía entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de outubro e 26 de novembro de 2009.

3.- (222).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de outubro e 26 de novembro de 2009.

4.- (223).- ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO LIBRE ACCESO ÁS ACTIVIDADES DE SERVIZOS E O SEU EXERCIZO NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1268/110.

ANTECEDENTES.- O concelleiro delegado de Xestión Municipal, con data 12 de novembro de 2009, na memoria da “Ordenanza municipal reguladora do libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo no Concello de Vigo”, manifesta o que segue:

“(Transposición Directiva de Servizos 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos no mercado interior).

Con data 12 de decembro de 2006 apróbbase a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, d2 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos no mercado interior, adoptada no marco da Estratexia de Lisboa, ante a realidade de que tras máis de cinco décadas de vixencia do Tratado de Roma, non foi posible acadar un auténtico mercado único de servizos no que se garantan a liberdade de establecemento e a liberdade de circulación de servizos no ámbito da Comunidade Europea.

A transposición da Directiva ó dereito interno compete a todos os niveis territoriais da Administración, é dicir, Administración Estatal, Autonómica e Local, polo que cada unha delas debe proceder dentro do seu ámbito a realizar as actuacións correspondentes de transposición.

Nese senso o Concello de Vigo por Resolución de Alcaldía de data 21.07.09 procede á constitución da Comisión Técnica de adaptación á normativa local á Directiva de Servizos, para a identificación, avaliación e modificación da normativa municipal que permita a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ós servizos no mercado interior, integrando en dita Comisión, presidida polo concelleiro delegado de Xestión Municipal e coordinada pola secretaria xeral do Pleno, a un representante da Asesoría Xurídica Municipal, a un representante da Área de Ingresos, a un representante da Área de Seguridade e a un representante da Xerencia Municipal de Urbanismo, sen prexuízo da obrigada colaboración de todos os traballadores municipais coa referida Comisión en orde á consecución da finalidade sinalada.

Como parte das actuacións municipais na labor de transposición, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de agosto, a proposta desta Concellería, acordou, dunha banda, integrar ó Concello de Vigo no portelo único da Directiva de Servizos de conformidade coas disposicións de aplicación e en cumprimento do principio de cooperación administrativa, ordenando ós servizos informáticos municipais a realización dos trámites necesarios para garantir o dereito dos cidadáns á realización das xestións en materia de servizos a través do portelo único referido, por vía electrónica e a distancia, así como á obtención da información legalmente establecida, e por outra, tomar coñecemento dos traballos previos da Comisión Técnica de identificación da normativa municipal afectada pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ós servizos no mercado interior, comunicando ó Ministerio de Política Territorial os traballos de identificación a efectos do seu coñecemento dentro do programa de traballo para a adaptación da normativa local á Directiva de Servizos.

Dende a Comisión presentáronse dúas alternativas, por unha banda, a aprobación dunha ordenanza ómnibus, é dicir, unha ordenanza a través da que se modificarían os preceptos directamente afectados da normativa local, ou ben a aprobación dunha ordenanza paraugas, mediante a que garantir a transposición horizontal dos principios da Directiva á normativa do Concello de Vigo.

En relación coa ordenanza ómnibus e considerando que, na data de subscripción da presente memoria, non se teñen aprobado as normas previstas polo lexislador estatal, se ben é previsible que estean en vigor na data establecida pola Directiva, e polo que respecta á normativa autonómica se atopa nunha fase pouco avanzada na súa tramitación, non resultaría aconsellable adiantarse coa aprobación dunha ordenanza ómnibus, pois unha vez coñecida a normativa estatal e autonómica puidera resultar necesario efectuar unha nova modificación, coa correspondente complexidade na tramitación.

En relación coa ordenanza paraugas considerando que todos os niveis das Administracións Públicas estamos obrigados á transposición da Directiva a Comisión Técnica Municipal propón a aprobación dunha ordenanza paraugas, seguindo o esquema da norma estatal, dispoñendo a inaplicabilidade de toda norma e procedemento municipal que vaia en contra da Directiva e garantindo dese xeito o cumprimento expreso do mandato legal contemplado na Directiva, no seu artigo 44 cando establece como prazo máximo para a transposición o 28 de decembro de 2008, sen prexuízo da doutrina de aplicación directa.

Nesa liña o Concello de Vigo sitúase na dos Concellos pioneiros que están a modificar a súa normativa para adaptala á Directiva 2006/123CE, de Servizos no mercado interior, como poden ser os Concellos de Granada, Madrid, Jérez de la Frontera, Valencia..., se ben cada un deles optando por unha solución propia.

Así mesmo coa aprobación de dita ordenanza darase cobertura á actuación do Concello en relación co disposto na Disposición final cuarta do proxecto de Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo.

"Las Administraciones Públicas que, en el ejercicio de sus competencias, incumplieran lo dispuesto en esta ley o en el Derecho comunitario afectado, dando lugar a que el Reino de España sea sancionado por las instituciones europeas

asumirán, en la parte que les sea imputable, las responsabilidades que de tal incumplimiento se hubieran derivado. La Administración del Estado podrá compensar dicha deuda contraída por la administración responsable con la Hacienda Pública estatal con las cantidades que deba transferir a aquélla, de acuerdo con el procedimiento regulado en la Ley 50/1998, de 30 de diciembre, de Medidas Fiscales, Administrativas y de Orden Social."

Se ben a aprobación da referida ordenanza non implica que unha vez públicas e vixentes as adaptacións normativas realizadas tanto polo Estado como pola Comunidade Autónoma non se proceda ás modificacións normativas específicas que resulten necesarias. Así mesmo estase a traballar tanto nunha ordenanza que regule unha tramitación simplificada de determinadas licencias, por supoñer unha carga burocrática excesiva para o cidadán, como nunha ordenanza de administración electrónica.

A fiscalidade, claramente excluída do ámbito da Directiva, pode resultar afectada na transposición que se realice da mesma por canto pode conducir á modificación do feito impoñible e do deveción dalgunhas taxas, e en previsión de dita circunstancia nas ordenanzas fiscais, aprobadas inicialmente, se contempla a seguinte disposición adicional

"De conformidad con el artículo 44 de la Directiva 2006/123/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de diciembre de 2006 relativa a los servicios en el mercado interior, el Ayuntamiento adecuará el presente texto, en lo que le afecte, a lo dispuesto en la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicio y a su ejercicio, a la Ley de modificación de diversas leyes para su adaptación a la anterior Ley (ambas actualmente en trámite parlamentario), así como a la normativa autonómica afectada, facultándose a la Dirección de Ingresos para la elaboración del correspondiente texto refundido".

Polo que respecta ó contido do proxecto da ordenanza municipal reguladora do libre acceso ás actividades e o seu exercizo no Concello de Vigo pódense resumir as súas principais liñas:

- Establece o réxime de declaración responsable ou comunicación previa para o libre establecemento ou prestación de servizos.
- Regula as condicións do réxime de autorización previa, así como do silencio administrativo.
- Dispón a obriga da simplificación administrativa.
- Regula xenericamente o portelo único.
- Contempla a cooperación administrativa como ferramenta necesaria para o funcionamento do novo sistema.

Todo sen prexuízo de incorporar modificacións puntuais no devir diario do procedemento administrativo como pode ser a substitución do requisito de presentación de documentos orixinais ou fotocopias compulsadas que deberá substituíse" por copias simples ou a supresión do requisito de presentar documentación obrante noutras AAPP, esixindo tan só o consentimento do interesado para proceder á comprobación dos correspondentes datos, precisión xa contemplada na Lei 11/2007 para as administracións dentro do noso estado, e que

coa Directiva debe facerse extensiva a todas as Administracións Públicas europeas.”

Con data 12 de novembro a secretaria xeral do Pleno emite o preceptivo informe co seguinte contido:

“ANTECEDENTES:

- Aprobación polo Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea da Directiva 2006/123/CE, do 12 de decembro, relativa ós servizos no mercado interior
- Integración, en data 16 de xullo, do Concello de Vigo no Grupo de Traballo dos municipios de gran poboación de Impulso para a adaptación da normativa local á DS.
- Resolución da Alcaldía de data 21.07.09 de constitución da Comisión Técnica de adaptación á normativa local á Directiva de Servizos.
- Acordo da Xunta de Goberno de data 24.08.09 de comunicación dos traballos da Comisión Técnica ó Ministerio de Política Territorial.
- Acordo da Xunta de Goberno de data 24.08.09 de integración do Concello de Vigo no Portelo único da DS.
- Integración do Concello de Vigo no Grupo de Traballo da Federación Española de Municipios e Provincias.
- Proposta da Comisión Técnica de adaptación da normativa local á Directiva de Servizos, conformada polo Concelleiro delegado. de Xestión Municipal de aprobación da ordenanza municipal reguladora do libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo no Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Directiva de Servizos 2006/123/CE DO Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos no mercado interior.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora da Lei de Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 30/1992, do 28 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos.

Dada a amplitude do tema a informar e considerando que o presente informe debe colaborar á formación da vontade dos membros da Corporación ós que lle corresponde pronunciarse sobre a aprobación ou non da presente ordenanza, formúlase en termos sinxelos e sen ánimo de exhaustividade sobre o contido, impacto normativo e efectos da Directiva de Servizos, sen prexuízo de que se poida requirir, de ser necesario, desta Secretaría a ampliación de informe.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Análise xeral da Directiva Bolkstein 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos no mercado

interior.

A Directiva de Servizos ven supoñer un paso máis no avance cara un mercado único interior dentro do espazo da Comunidade Europea, por iso a mesma pivota fundamental sobre dous eixos, libre establecemento e libre circulación de servizos. Así segundo o disposto no considerando 5 da propia Directiva "*procede eliminar los obstáculos que se oponen a la libertad de establecimiento de los prestadores en los Estados miembros y a la libre circulación de servicios entre los estados miembros y garantizar, tanto a los destinatarios como a los prestadores de los servicios, la seguridad jurídica necesaria para el ejercicio efectivo de estas dos libertades fundamentales del Tratado*"

Nesa mesma liña se ten manifestado o Consello de Estado no ditame de data 18.03.09 emitido sobre o proxecto de Lei de libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo, cando sinala que

"Así pues, con esta Directiva, pieza clave en la estrategia comunitaria de impulso económico y consolidación del mercado interior instrumentados en el seno de la estrategia de Lisboa, se pretende alcanzar un auténtico mercado interior de servicios en la Unión Europea a través de la eliminación de las barreras legales y administrativas que actualmente limitan el desarrollo de actividades de servicios entre Estados miembros. De conformidad con este planteamiento, se suprimen, con carácter general, los requisitos que obstaculizan dichas libertades fundamentales, si bien se reconoce a los Estados miembros la posibilidad de establecer, excepcional y justificadamente, regímenes de autorización o requisitos no discriminatorios, proporcionados y basados en una razón imperiosa de interés general (como, por ejemplo, la protección del medio ambiente o los objetivos de política social). Con la adopción de esta norma, se busca, en definitiva, crear un entorno regulatorio más favorable y transparente para el desarrollo de las actividades de servicios en el ámbito comunitario. Este es el espíritu que se encuentra en el origen de la Directiva de Servicios y al que responde igualmente el anteproyecto de Ley remitido en consulta, que lleva a cabo una transposición parcial de la mencionada norma comunitaria. De conformidad con ello, el objeto del anteproyecto consiste en establecer las disposiciones necesarias para facilitar la libertad de establecimiento de los prestadores y la libre prestación de servicios, simplificando los procedimientos y fomentando un elevado nivel de calidad en los servicios."

Polo que respecta á técnica da ordenanza esta realiza unha transposición horizontal, incorporando os preceptos da Directiva a modo de grandes principios ou mandatos xerais que terá que incorporar detalladamente a normativa do Concello de Vigo. Sobre a necesidade ou non de realizar esa incorporación dos principios comunitarios á normativa propia do Concello de Vigo, podemos falar do efecto das directivas resultando necesario lembrar a sentenza do Tribunal Constitucional do 8 de marzo e do 22 de abril de 1993, segundo as que, non existe unha competencia específica de traspoñer as Directivas Europeas, polo que a execución do dereito comunitario corresponderá a quen ostenta a competencia da actividade ou norma afectada pola Directiva, tal e como sinala a propia Directiva cando remite ó dereito interno as cuestións de competencia.

Así mesmo a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza da UE do 2 de xuño de 2005 (Koppensteiner GMBH) pon de manifesto que cando unha norma comunitaria

establece previsións que son incondicionais e suficientemente precisas para conferir un dereito a favor dun particular que este pode invocar fronte a unha institución pública, o órgano xurisdiccional competente debe inaplicar as normas nacionais que impidan o cumprimento do disposto nunha determinada Directiva, co gallo do posible efecto directo das Directivas, pero no caso que nos ocupa parece oportuno contar con normativa propia de transposición para posibilitar os dereitos concretos que veñen materializarse.

Nesa mesma liña se pronuncia o Manual práctico de avaliación para as Entidades Locais elaborado polo Ministerio de Economía e Facenda e o Ministerio de Política Territorial en colaboración coa FEMP e COSITAL, coa finalidade de axudar ás Entidades Locais á adaptar a súa normativa á Directiva de Servizos, cando sinala:

*“En esta tarefa en la que las Autoridades españolas se ven inmersas para llevar a cabo la aplicación del anteproyecto de ley, las **Entidades Locales tienen un papel especialmente relevante** puesto que ellas son las autoridades competentes en gran parte de la normativa afectada. De hecho, la Ley de Bases del Régimen Local al atribuir en su artículo 4 apartado 1a) el ejercicio de la potestad reglamentaria a las Entidades Locales, las convierte en los sujetos obligados a modificar sus propias normas para adaptarlas al Derecho comunitario.”*

Segundo.- Análise dos proxectos normativos estatais: Lei Paraugas e Lei Ómnibus.

Respecto ás actuacións levadas a cabo polo Estado para a transposición da Directiva hai que destacar fundamentalmente dous proxectos de leis, que neste intre se atopan nunha fase avanzada de tramitación parlamentaria e dos que se espera estean en vigor antes da data límite fixada pola Directiva e que son:

- Proxecto de lei de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo (coñecida como lei paraugas).
- Proxecto de lei de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo (coñecida como lei ómnibus)

Polo que respecta á administración local e sen prexuízo do que puidera resultar de interese nos distintos ámbitos sectoriais, será o Título I Medidas horizontais, o que terá especial incidencia por canto contempla a modificación da Lei 7/1985, Lei 30/1992 e Lei 11/2007 e que resulta de maior importancia no ámbito da administración local, especialmente por afectar a materias tales como o réxime de intervención administrativa na actividade dos cidadáns, incorporando a comunicación previa e a declaración responsable, o portelo único, a simplificación administrativa... etc., medidas que se recollen tamén na transposición proposta no proxecto de ordenanza sometido a informe.

Así mesmo se ten comunicado ó Concello, dentro do Grupo de Traballo da FEMP, o Proxecto de Real Decreto de modificación de diversos regulamentos da área de medio ambiente para a súa adaptación á lei paraugas e á lei ómnibus, seguindo a técnica de regulamento ómnibus.

Terceiro.- Análise dos proxectos normativos autonómicos.

Dende a Comunidade Autónoma remitiuse tanto o anteproxecto de lei de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE (ó modo de lei ómnibus) así como o Borrador do anteproxecto de lei de modificación da Lei 10/1998, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, sen prexuízo de que con posterioridade deberá de procederse ás adaptacións regulamentarias.

Do contido de ditos proxectos, que debemos lembrar se atopan tan só en fase de proposta, non parece que a transposición que leve a cabo a Comunidade Autónoma permita a aplicación da Directiva na súa plenitude dentro do ámbito autonómico, por canto non se contempla a intervención administrativa na edificación e uso do solo, pois se ben o urbanismo aparece como materia excluída da Directiva, é doutrinalmente aceptado que a tramitación de licenzas non parece que propiamente poida considerarse excluída, representando sen dúbida un dos sectores nos que a actividade municipal supón unha maior intervención na actividade privada e nos que resulta máis necesaria a materialización da simplificación administrativa. O mesmo sucede co ámbito do comercio no que a competencia, ó igual que no caso anterior, se atopa residenciada na Comunidade Autónoma, e no que se mantén a esixibilidade xeral da licenza de apertura, inclusive cando nos atopamos ante actividades inocuas, propoñéndose unha regulación en termos similares respecto das autorizacións de actividades comerciais en grandes superficies.

En todo caso, e do mesmo xeito que coa normativa estatal, será necesario esperar ós termos nos que se produza a aprobación definitiva das normas en cuestión para valorar a incidencia que as mesmas terán no ámbito local e polo tanto a obriga de novas modificacións regulamentarias.

Cuarto.- Lexitimación da ordenanza municipal reguladora do libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo no Concello de Vigo

Antes de entrar na consideración da ordenanza municipal sinalar que sen prexuízo das diferentes competencias que se poden invocar dentro do libre establecemento e liberdade de servizos, a lexitimación da competencia para a formulación da mesma se atopa recollida con carácter xenérico polo artigo 25 LRBRL cando sinala que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal

En relación coa elección da fórmula da ordenanza paraugas para levar a cabo a transposición da Directiva, e considerando que segue o esquema dun dos proxectos normativos formulados pola Administración estatal, convén remitirnos ó xa referido ditame do Consello de Estado cando precisa:

"Pues, en efecto, el anteproyecto examinado constituye una ley abierta y flexible que se limita, en muchos casos, a reproducir, a veces con las lógicas adaptaciones, los preceptos de la Directiva, incorporándolos al ordenamiento a modo de grandes principios o mandatos de carácter general que habrán de inspirar la normativa que, en cumplimiento de lo previsto en la disposición final quinta y a fin de completar la transposición, dicten el Estado y las Comunidades Autónomas, así como, en el nivel reglamentario, las Entidades Locales. De este modo, el proceso de transposición de

la Directiva de Servicios no se agotará con la aprobación de esta norma, sino que deberá continuar con la adecuación del actual marco normativo de las actividades de servicios a lo establecido en la Directiva y en el propio anteproyecto, en todos los ámbitos sectoriales y territoriales. Ello es consecuencia, tal y como explica la memoria justificativa, del concreto enfoque adoptado por la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos a la hora de abordar la labor de transposición de la Directiva.

Pues bien, el Consejo de Estado no objeta esta forma de instrumentación de la transposición de la Directiva, en la medida en que permitirá contar con una ley horizontal en la que queden recogidos los principios previstos en la norma comunitaria que deben guiar la regulación de las actividades de servicios, no sólo en el momento de su entrada en vigor, sino también en el futuro y, por tanto, en las propuestas regulatorias que en lo sucesivo puedan impulsarse. Desde esta perspectiva, el anteproyecto constituirá un insoslayable punto de referencia a la hora de adaptar la normativa vigente en esta amplia materia a lo dispuesto en la Directiva de Servicios. "

Facendo especial incidencia na última afirmación, este proxecto de ordenanza constitúe unha norma horizontal na que quedan recollidos os principios previstos na norma comunitaria que deben guiar a regulación das actividades de servizos, non só no momento da súa entrada en vigor, senón tamén no futuro e, polo tanto, nas propostas regulatorias que no sucesivo poidan impulsarse.

Neste senso xa a Memoria do Concelleiro delegado. de Xestión Municipal abre a porta a futuras modificacións ó sinalar que:

“Si ben a aprobación da referida ordenanza non implica que unha vez públicas e vixentes as adaptacións normativas realizadas tanto polo Estado como pola Comunidade Autónoma non se proceda ás modificacións normativas específicas que resulten necesarias.”

É dicir, por unha cuestión de prudencia e seguridade xurídica aconséllase esperar á promulgación das normativas estatais e autonómicas, que se relacionan coa normativa local en base ó principio de xerarquía normativa, a diferencia do que sucede entre o Estado e a Comunidade Autónoma, que se relacionan en base ó principio de competencia, ex artigos 148 e 149 da Constitución.

Dende un punto de vista formal a ordenanza estrutúrase en vinteseis artigos e disposicións distribuídos do seguinte xeito

- Exposición de motivos
Realiza unha introdución sobre o marco xeral no que nos sitúa a Directiva de Servizos, á vez que leva a cabo a análise da situación no Concello de Vigo.
- Capítulo I.- Disposicións Xerais.
No que se establece o obxecto e ámbito de aplicación, xunto coa terminoloxía común para o nova normativa
- Capítulo II.- Réxime de autorizacións de actividades e servizos
Supón o núcleo fundamental da ordenanza, establecendo a distinción entre autorización, declaración responsable e comunicación previa, fixando os requisitos prohibidos, limitacións permitidas e xuízo de legalidade dos mesmos.

- Capítulo III.- Réxime do silencio administrativo
Recolle o réxime de silencio administrativo positivo, xunto cos termos da obriga de resolución dos procedementos.
- Capítulo IV.- Simplificación administrativa
Establece os principios procedimentais polos que se teñen que rexer as administracións públicas, así como a obriga de eliminación de trámites así como a implantación do portelo único
- Capítulo V.- Cooperación administrativa para o control efectivo dos prestadores
Dentro do sistema que se articula coa entrada en vigor da Directiva incorpora a obriga de cooperación administrativa entre os distintos estados membros, así como as garantías de legalidade que dita cooperación permite ante o novo mercado interior
- Disposición derogatoria única
Contempla a derogación de todas aquelas normas municipais que contraveñan a nova regulación, con independencia da modificación específica da norma.
- Disposición adicional única
Recolle o réxime transitorio para aqueles procedementos iniciados antes da entrada en vigor da Directiva.
- Disposición final única
Contempla a entrada en vigor da ordenanza

Resulta, de todos os xeitos, suficientemente significativa a denominación dos capítulos en relación con contido da Directiva, tanto como para non resultar necesario afondar máis no contido propio da ordenanza, lembrando que, dada a complexa tramitación da mesma, cando chegue a termo o prazo para a súa aprobación definitiva xa a norma estatal estará en vigor, polo que de necesitarse algunha modificación realizarase nese trámite procedimental

Quinto.- Órgano competente para a súa aprobación

O órgano competente para a aprobación da ordenanza será ex artigo 123.1 d) LRBRL que atribúe ó Pleno da Corporación, a competencia para:

“d. La aprobación y modificación de las ordenanzas y reglamentos municipales.”

en consonancia coa transcendencia outorgada a dito órgano na organización dos municipios de gran poboación reservando para o mesmo o debate político e a potestade normativa e orzamentaria, ó uso dos parlamentos na organización do Estado e da Comunidade Autónoma.

Polo que respecta á maioría necesaria para a adopción do acordo será por maioría simple dos membros presentes na sesión.

Sexto.- Procedemento de aprobación e entrada en vigor da ordenanza

Polo que respecta ó procedemento para a aprobación da ordenanza será o común recollido no artigo 49 da LRBRL, tal e como se reproduce de seguido:

- Aprobación do proxecto de Ordenanza pola Xunta de Goberno Local ó abeiro do disposto no artigo 127.1.a) da Lei 7/1985, na redacción dada ó mesmo pola Lei

57/2003.

- Ditame pola Comisión Informativa correspondente, neste caso, pola Comisión de Xestión Municipal
- Aprobación inicial polo Pleno da Corporación nos termos sinalados no apartado anterior.
- Inserción de anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e audiencia ós interesados polo prazo de 30 días hábiles.
- Para o caso de non terse presentado alegacións, elevarase a definitivo o acordo ata entón provisional e publicación íntegra da modificación no BOP.
- Para o caso de se ter presentado alegacións, procederase á emisión do correspondente informe e resolución das mesmas polo Pleno xunto co acordo de aprobación definitiva e posterior publicación íntegra no BOP.

Non obstante, a entrada en vigor da presente ordenanza está suxeita ó réxime xeral de publicidade das normas, réxime que se positiviza no eido local no art. 70.2 da Lei 7/1985 cando dispón:

"Los acuerdos que adopten las Corporaciones Locales se publican o notifican en la forma prevista por la Ley. Las Ordenanzas, incluidos el articulado de las normas de los planes urbanísticos, así como los acuerdos correspondientes a éstos cuya aprobación definitiva sea competencia de los entes locales, se publican en el Boletín Oficial de la Provincia y no entran en vigor hasta que se haya publicado completamente su texto y haya transcurrido el plazo previsto en el artículo 65.2."

Polo que respecta á natureza do acordo que se adopte sinalar que as ordenanzas municipais constitúen disposicións de carácter xeneral, razón pola que non cabe a interposición de recurso na vía administrativa (no seu caso, recurso potestativo de reposición ex art. 116 Lei 30/1992), debendo acudirse á xurisdición contencioso-administrativa para o exercizo de accións, sendo competente para o coñecemento do recurso o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en aplicación do artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (recurso directo ou indirecto).

CONCLUSIÓN

Infórmase de conformidade o proxecto de ordenanza municipal reguladora do libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo no Concello de Vigo, na súa labor de transposición da Directiva de Servizos 2006/123/CE DO Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa ós servizos no mercado interior."

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 16 de novembro de 2009, aprobou o proxecto da presente ordenanza.

Con data 17 de novembro a comisión técnica de adaptación da normativa local á directiva de servizos, coa conformidade do concelleiro delegado de Xestión Municipal, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de novembro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora do libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo no Concello de Vigo co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Someter dito acordo a exposición pública por un período de trinta días hábiles, mediante a inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos das presentación de reclamacións ou suxestións.

Terceiro.- Resolución, no seu caso, de todas as reclamacións ou suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.

Para o caso de non se ter presentado ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Cuarto.- Ordear a publicación do acordo definitivo, xunto co texto íntegro da ordenanza, no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO LIBRE ACCESO ÁS ACTIVIDADES DE SERVIZOS E O SEU EXERCICIO NO CONCELLO DE VIGO

TRANSPOSICIÓN DIRECTIVA DE SERVIZOS 2006/123/CE DO Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, RELATIVA ÓS SERVIZOS NO MERCADO INTERIOR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 13 de xaneiro de 2004 a Comisión Europea presentou ó Consello Europeo unha proposta de Directiva relativa ós servizos no mercado interior, a coñecida como "Directiva de Servizos", aprobada, tras numerosas emendas, polo Consello Europeo o 12 de decembro de 2006, sendo a Directiva 2006/123/CE, publicada no Diario Oficial o 27 de decembro dese mesmo ano, entrando en vigor polo tanto o 28 de decembro

O obxectivo da Directiva é en palabras da propia Comisión "...avanzar hacia un auténtico mercado interior de los servicios de modo que, en el mayor sector de la economía europea, tanto empresas como consumidores puedan aprovechar plenamente las oportunidades que brinda. Mediante el apoyo al desarrollo de un mercado interior de los servicios verdaderamente integrado, la Directiva contribuirá a hacer realidad el considerable potencial de crecimiento económico y de creación de empleo de este sector en Europa. Por esta razón, la Directiva de servicios constituye un elemento fundamental de la renovada Estrategia de Lisboa de crecimiento y

empleo. Por otra parte, al exigir la simplificación administrativa, facilita la ejecución del programa Legislar mejor"

Como todas as Directivas europeas resulta necesario por parte dos Estados membros proceder á súa transposición ó dereito interno, sen prexuízo da doutrina de aplicación directa para o caso de incumprimento das obrigas correspondentes, dando cumprimento ós requisitos esixidos pola xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea. O prazo de transposición ven establecido no artigo 44 da mesma cando sinala que *"Los Estados miembros pondrán en vigor las disposiciones legales, reglamentarias y administrativas necesarias para dar cumplimiento a lo establecido en la presente Directiva a más tardar antes del 28 de diciembre de 2009."*

Debemos lembrar que a responsabilidade nas tarefas de transposición corresponden a cada administración no ámbito das súas competencias, debendo ter en conta o reparto de competencias existentes no Estado en base á organización territorial en tres estratos, estatal, autonómico e local. Non obstante a transposición da Directiva na normativa local atópase fortemente limitada polo principio de xerarquía normativa, debendo suxeitarse nesa tarefa ó que dite a normativa interna, tanto estatal como autonómica, no ámbito das súas respectivas competencias.

O Concello de Vigo, dentro da responsabilidade que lle corresponde de transposición da Directiva de Servizos, integrouse no Grupo de Traballo dos municipios de gran poboación de Impulso para a adaptación da normativa local, constituído polo Ministerio de Cooperación Territorial.

Así mesmo e a efectos de colaborar na realización dun traballo homoxéneo e integrador dentro do mapa municipal forma parte do Grupo de Traballo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Na liña expresada, pola Alcaldía ditouse resolución de data 21 de xullo do ano en que andamos ordenando a constitución dunha Comisión Técnica de Adaptación da Normativa Local á Directiva de Servizos, de composición transversal, Comisión que procedeu á levar a cabo os traballos de identificación da normativa local afectada pola DS, avaliación da mesma a efectos de determinar a necesidade da súa modificación, para finalmente neste trámite propoñer a aprobación da normativa necesaria para garantir a observancia da Directiva, adoptando a Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de agosto os correspondentes acordos de comunicación dos traballos ó Ministerio de Política Territorial e de integración no Portelo único da Directiva de Servizos.

Paralelamente o Estado ten aprobado os proxectos normativos de transposición *"Proyecto de Ley sobre el acceso a las actividades de servicios y su ejercicio"* e *"Proyecto de Ley de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio"*, actualmente en trámite parlamentario. Pola súa banda a Comunidade Autónoma ten redactado o proxecto de adaptación normativa á Directiva seguindo a técnica da lei ómnibus

O Concello de Vigo, a través da Comisión Técnica de traballo optou por seguir o esquema do Estado, o denominado "paraugas" e aprobar unha norma que leve a cabo a transposición directa e horizontal da Directiva de Servizos nos tres principios

básicos de actuación que presenta: garantir a liberdade no acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo no Concello de Vigo, simplificación administrativa e portelo único, debendo entender derogada tanta normativa municipal contradiga o seu contido, sen prexuízo das normas que ó efecto se diten polos responsables estatais e autonómicos ou das modificacións normativas propias que puidesen resultar convenientes, tal e como se recollía xa no texto das ordenanzas fiscais, aprobadas xa inicialmente polo Pleno da Corporación.

Polo que respecta ó contido da ordenanza, sinalar simplemente que recolle fielmente a estrutura e determinacións tanto da Directiva como do proxecto de lei estatal, tal e como se pode comprobar no índice que se reproduce a continuación.

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

- Artigo 1.- Obxecto
- Artigo 2.- Ámbito de aplicación.
- Artigo 3.- Definicións

CAPÍTULO II.- RÉXIME DE AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS

- Artigo 4.- Principios xerais
- Artigo 5.- Réxime de autorización
- Artigo 6.- Réxime de declaración responsable ou comunicación previa
- Artigo 7.- Limitacións temporais e territoriais
- Artigo 8.- Limitación do número de autorizacións
- Artigo 9.- Principios aplicables ós requisitos esixidos
- Artigo 10.- Requisitos prohibidos
- Artigo 11.- Condicións ou limitacións prohibidas
- Artigo 12.- Libre prestación de servizos

CAPÍTULO III.- RÉXIME DO SILENCIO ADMINISTRATIVO

- Artigo 13.- Silencio administrativo en procedementos iniciados a solicitude do interesado

CAPÍTULO IV.- SIMPLIFICACIÓN ADMINISTRATIVA

- Artigo 14.- Simplificación de procedementos
- Artigo 15.- Criterios xerais dos procedementos
- Artigo 16.- Eliminación de trámites
- Artigo 17.- Documentación non esixible
- Artigo 18.- Portelo único
- Artigo 19.- Garantías de información a través do portelo único

CAPÍTULO V.- COOPERACIÓN ADMINISTRATIVA PARA O CONTROL EFECTIVO DOS PRESTADORES

- Artigo 20.- Obrigas xerais de cooperación
- Artigo 21.- Obrigas de información ós prestadores
- Artigo 22.- Supervisión de prestadores establecidos no territorio español

- Artigo 23.- Mecanismo de alerta
Artigo 24.- Información sobre a honorabilidade do prestador
Artigo 25.- Intercambio electrónico de información
Artigo 26.- Notificación á Comisión Europea

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA.- Derrogación normativa
DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA.- Inicio procedementos
DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.- Entrada en vigor

CAPITULO I.-DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto establecer as disposicións xerais necesarias para facilitar no Concello de Vigo, a liberdade de establecemento dos prestadores e a libre prestación de servizos, simplificando os procedementos e fomentando, ao mesmo tempo, un nivel elevado de calidade nos servizos, así como evitar a introdución de restricións ao funcionamento dos mercados de servizos que, de acordo co establecido nesta ordenanza, non resulten xustificadas ou proporcionadas.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

- 1.- Esta ordenanza aplícase aos procedementos e trámites municipais necesarios para o establecemento de servizos que se realizan a cambio dunha contraprestación económica e que son ofrecidos ou prestados no Concello de Vigo por prestadores establecidos en España ou en calquera outro Estado membro da Unión Europea.
- 2.- Quedan exceptuados do ámbito de aplicación:
 - a) Os servizos financeiros.
 - b) Os servizos e redes de comunicacións electrónicas, así como os recursos e servizos asociados no que se refire ás materias que se rexen pola lexislación sobre comunicacións electrónicas.
 - c) Os servizos no ámbito do transporte e da navegación marítima e aérea, incluídos os servizos portuarios e aeroportuarios necesarios para levar a cabo a actividade de transporte.
 - d) Os servizos das empresas de traballo temporal.
 - e) Os servizos sanitarios, incluídos os servizos farmacéuticos, prestados por profesionais da saúde aos seus pacientes con obxecto de avaliar, manter ou restaurar o seu estado de saúde, cando estas actividades están reservadas a profesións sanitarias reguladas.
 - f) Os servizos audiovisuais, incluídos os servizos cinematográficos, independentemente do seu modo de produción, distribución e transmisión; e a radiodifusión.
 - g) As actividades de xogo, incluídas as loterías, que impliquen apostas de valor monetario.
 - h) As actividades que supoñan o exercicio da autoridade pública, en particular as dos notarios, rexistradores da propiedade e mercantís.
 - i) Os servizos sociais relativos á vivenda social, a atención á infancia e o apoio a familias e persoas temporal ou permanentemente necesitadas provistos

directamente polas Administracións Públicas ou por prestadores privados na medida en que ditos servizos préstense en virtude de acordo, concerto ou convenio coa referida Administración.

j) Os servizos de seguridade privada.

3.- Esta ordenanza non se aplicará ao ámbito tributario, con excepción das necesarias adaptacións das ordenanzas fiscais establecidas ou que se establezan, que regulen exaccións pola concesión de autorizacións ou licenzas ou pola realización de controis posteriores relativos a servizos suxeitos á presente ordenanza.

4.- En caso de conflito entre as disposicións desta ordenanza e outras disposicións que regulen o acceso a unha determinada actividade de servizos ou o seu exercizo en aplicación de normativa comunitaria, prevalecerán estas últimas naqueles aspectos expresamente previstos na normativa comunitaria da que traian causa.

Artigo 3.- Definicións

Aos efectos desta ordenanza entenderase por:

1.- «Servizo»: calquera actividade económica por conta propia, prestada normalmente a cambio dunha remuneración, contemplada no artigo 50 do Tratado da Comunidade Europea.

2.- «Prestador»: calquera persoa física coa nacionalidade de calquera Estado membro, ou residente legal en España, ou calquera persoa xurídica ou entidade constituída de conformidade coa lexislación dun Estado membro, cuxa sede social ou centro de actividade principal se atope dentro da Unión Europea, que ofrezca ou preste un servizo.

3.- «Destinatario»: calquera persoa física ou xurídica, que utilice ou desexe utilizar un servizo.

4.- «Estado membro de establecemento»: o Estado membro en cuxo territorio teña o seu establecemento o prestador do servizo.

5.- «Establecemento»: o acceso a unha actividade económica non asalariada e o seu exercizo, así como a constitución e xestión de empresas e especialmente de sociedades, nas condicións fixadas pola lexislación, por unha duración indeterminada, en particular por medio dunha infraestrutura estable.

6.- «Establecemento físico»: calquera infraestrutura estable a partir da cal leva a cabo efectivamente unha prestación de servizos.

7.- «Autorización»: calquera acto expreso ou tácito da autoridade competente que se esixa, con carácter previo, para o acceso a unha actividade de servizos ou o seu exercizo.

8.- «Requisito»: calquera obrigación, prohibición, condición ou límite ao acceso ou exercizo dunha actividade de servizos previstos no ordenamento xurídico ou derivados da xurisprudencia ou das prácticas administrativas ou establecidas nas normas das asociacións ou dos colexios profesionais.

9.- «Declaración responsable»: o documento subscrito pola persoa titular dunha actividade empresarial ou profesional no que declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante a vixencia da actividade.

10.- «Régime de autorización»: calquera sistema previsto no ordenamento xurídico ou nas normas dos colexios profesionais que conteña o procedemento, os requisitos e autorizacións necesarios para o acceso ou exercicio dunha actividade de servizos.

11.- «Razón imperioso de interese xeral»: razón recoñecida como tal na xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, incluídas as seguintes: a orde pública, a seguridade pública, a protección civil, a saúde pública, a preservación do equilibrio financeiro do réxime de seguridade social, a protección dos consumidores, dos destinatarios de servizos e dos traballadores, as esixencias da boa fe nas transaccións comerciais, a loita contra a fraude, a protección do medio ambiente e da contorna urbana, a sanidade animal, a propiedade intelectual e industrial, a conservación do patrimonio histórico e artístico nacional e os obxectivos da política social e cultural.

12.- Autoridade competente»: calquera organismo ou entidade que leve a cabo a regulación, ordenación ou control das actividades de servizos e, en particular, as autoridades administrativas e os colexios profesionais.

13.- «Punto de contacto »: Órgano da Administración Autonómica que se estableza para as comunicacións deste Concello coa Unión Europea.

O que realmente fai a Lei 51/2002 é incorporar ao artigo 24.1.c) u parágrafo 3º, no que se establece que: *“No se incluirá en este régimen de cuantificación de la tasa los servicios de telefonía móvil”.* Isto non significa que as empresas de telefonía móbil estean exentas do pagamento da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, senón que non están suxeitas ao réxime especial de cuantificación da taxa previsto para as empresas explotadoras de subministros que resultan de interese xeral , por establecelo así expresamente o propio artigo 24.c) do RD 2/2004. É o propio RD 2/2004 o que da cobertura legal á tributación das empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil.

En consecuencia, ás empresas de telefonía móbil sempre lles resulta aplicable o réxime xeral de cuantificación do artigo 24.1.a) do RD 2/2004, tendo en conta ademais que o feito de incluír a exclusión deste réxime supón *a sensu contrario* afirmar, por parte do lexislador, que as empresas de telefonía móbil tamén realizan un aproveitamento do dominio público local.

A determinación do xeito de cuantificación da taxa atendendo ao contido do artigo 24.1.a) do RD /2004 supón que se ha de tomar como referencia o valor que tería a utilidade ou o aproveitamento no mercado, no caso de que os bens afectados non fosen de dominio público. **Este é o xeito de cuantificar que ten en conta o Concello de Vigo na súa ordenanza inicialmente** aprobada, constando así no motivado informe económico-financeiro que acompaña ao expediente. Ningunha obxección formula a entidade alegante ao devandito informe, nin ao texto da ordenanza fiscal inicialmente aprobada.

O respecto ao principio de equidade fiscal xustifica e lexitima a aprobación dunha ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa e aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

O contrario supón dispensar un trato favorable para os operadores de telefonía móbil respecto dos servizos de telefonía fixa e demais empresas subministradoras, que tributan por esta taxa mediante o método especial do 1,5%.”

Polo anteriormente exposto a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de novembro de 2009, ditamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: No mes de setembro este goberno fixo de novo unha aposta pola política social a través das súas ordenanzas fiscais e así presentou unhas ordenanzas fiscais cunha redución impositiva dun 0,2% para practicamente todas as taxas e impostos. Gracias a estas ordenanzas todos os vigueses e viguesas pagarán

menos o ano que ven polo recibo do lixo, pola auga, actividades deportivas municipais, actividades na Escola de Música ou de Teatro, garderías ou no imposto de circulación. Presentamos tamén unha nova taxa ás empresas da telefonía móbil por uso do dominio público local. No período de alegacións unicamente constatamos unha que é precisamente a das empresas relacionadas coa telefonía móbil por uso do dominio público local.

Con respecto a esta alegación que presentan estas empresas de telefonía móbil eu quero dicir que xa dende hai un tempo son moitos os concellos nos que comezaron aprobarse ordenanzas polas que se declaraba que estaría suxeita a unha taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local que facían as empresas que prestan os servizos de telefonía móbil.

Dende o primeiro momento os operadores de telefonía móbil discutiron tanto a suxeición á devandita taxa como o método de cuantificación establecido nas correspondentes ordenanzas por razóns diversas e que dependían das circunstancias de cada concello. En todo caso os diversos Xulgados do Contencioso-Administrativo, como o correspondente ó número 2 de Córdoba, ou Tribunais Superiores de Xustiza como os da Riouxa ou Cataluña, ditaron sentenzas favorables á implantación das ordenanzas que regulan a taxa da que estou a falar, desestimando os recursos presentados polas empresas dedicadas a esta actividade.

A Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, o 16 de febreiro de 2009, ditou unha Sentenza desestimando o recurso interposto pola empresa Vodafone contra a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña. Na Sentenza do alto Tribunal confírmase de forma inequívoca que as empresas que prestan os servizos de telefonía móbil realizan o feito imponible constitutivo dunha taxa, tanto ó utilizaren o dominio público local para o tendido das súas propias redes, como cando aproveitan de xeito especial, por exemplo e con carácter sistemático ó accederen a redes de terceiros nos tendidos, para facer posible a comunicación cos teléfonos fixos, polo que as utilidades que as empresas obteñen deste feito débense valorar economicamente estando esas valoracións suxeitas a unha taxa pola ocupación do dominio público local no denominado réxime xeral. En consecuencia o que fai esta Sentenza é ratificar a legalidade da ordenanza municipal.

O fallo do Tribunal Supremo di textualmente: “A suxeición das taxas por utilización ou aproveitamento especial do dominio público local de cantos suxeitos utilicen de xeito privativo, ou aproveiten o dominio público local sendo titulares das instalacións nel

situadas, ou accedendo ás mesmas en virtude de títulos diversos é hoxe inequívoca con fundamento no vixente Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais. Esta suxeición afecta a quen aproveiten de xeito especial o dominio público local para a realización das súas actividades e polo tanto tamén ás empresas que prestan servizos de telecomunicacións e dentro delas ás que prestan os denominados servizos móbiles, incluíndo así as de telefonía móbil”.

Nesta mesma Sentenza o Alto Tribunal di: “A reforma que da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, fixo a Lei 51/2002 tiña un obxectivo ben definido: afirmar que as empresas que prestan servizos de telefonía móbil queden suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais do dominio público local, aínda que sexa con suxeición ó réxime xeral de determinación da súa contía previsto no artigo 24.1.a da Lei, porque para a prestación dos devanditos servizos de telefonía móbil se utilizan as redes de telefonía tendidas no dominio público local, tanto as tendidas polos operadores de servizos móbiles, como as liñas de telefonía fixa ás que acceden en virtude dos correspondentes dereitos de interconexión e acceso, realizándose deste xeito o feito impoñible da taxa que nos ocupa”.

Á luz do texto anteriormente indicado, na Sentenza do Tribunal Supremo recoñécese con absoluta claridade que o aproveitamento especial do dominio público, para a prestación do servizo de subministración, ten sempre que ser necesario utilizar unha rede que materialmente ocupe o subsolo, o solo ou o voo das vías públicas municipais.

Por outra banda diversos ditames técnicos avalan que é imposible prestar servizos de telefonía móbil sen utilizar o dominio público municipal. Consecuentemente con isto que estou a dicir, non se pode discutir a realidade dun feito impoñible que vai dar lugar á imposición dunha taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, tanto se son titulares das correspondentes redes, como cando non sendo titulares destas últimas o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

Está claro que con esta Sentenza do Alto Tribunal confírmase a fundamentación xurídica defendida polo Concello de Vigo cando o Pleno realizado o 28 de setembro deste ano 2009, aprobou o acordo de imposición e ordenación desta ordenanza e que ademais a mesma está axustada a dereito, polo que as empresas que prestan o servizo de telefonía móbil están suxeitas á devandita taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo da vía pública a favor

de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

Por iso coidamos que esta alegación presentada polas empresas de telefonía móbil é un novo abuso por parte das devanditas empresas que se negan a pagar polo que están realmente utilizando. Hai un principio fundamental na Lei reguladora de facendas locais que é o principio de equidade fiscal. Estas empresas están utilizando un dominio público local e polo tanto deben pagar polo uso desa utilización.

SR. CONDE GIL: Que veña aquí a Sra. Díaz vendérmonos coma unha grande achega á política municipal a aplicación automática do IPC, que xa foi obxecto de discusión no Pleno correspondente, xa me resulta ridículo, máxime cando se confirmaron con posterioridade feitos que o Partido Popular puxera enriba da mesa como o imposto de bens inmobles que coa Lei de orzamentos xerais do Estado se confirma un novo “catastrazo” pola parte do goberno central e polo tanto unha subida. Nós dixéramos no Pleno que os vigueses se quedasen co recibo deste ano e comprobarían como no vindeiro exercicio fiscal pagarían máis. A Lei de orzamentos xerais do Estado confirmou isto.

Facer política social, Sra. Díaz, baixando os impostos e taxas municipais nun 0,2% coido que é tomarlles o pelo ás viguesas e vigueses.

Con esta ordenanza que traen hoxe ó Pleno, á que votamos no seu día en contra e imos volvelo facer, non polo fondo do asunto porque vostede agora nos estaba relatando unha Sentenza, vexo que a sabe ler con precisión, pero tamén lle lembro que maximo que esta asociación que presenta recurso contra esta ordenanza ten o dereito de acudir ós tribunais e estes ditarán a sentenza que proceda á marxe das xa existentes que poden crear xurisprudencia, pero que en ningún caso van coartar a liberdade dun determinado xuíz para determinar o que corresponda. Pero si que perderon unha oportunidade se realmente querían facer política social.

Anúncianos no informe que ven coa ordenanza que podemos estar a falar dunha recadación pola parte do Concello de máis de 1.400.000 euros. Nós presentamos no seu día no Pleno que se realmente querían baixar os impostos se lles devolvese a capacidade adquisitiva ós vigueses perdida polo aumento do exercicio anterior que, segundo os datos oficiais do INE, cifrábamos nun 2,8%, e facendo un cálculo sobre as cantidades que no seu caso se verían afectadas por esa baixada a maiores dun 2,8%, atopámonos con que esa cifra sería similar á que van recadar por esta nova ordenanza por utilización privativa e aproveitamento especial do solo, subsolo, voo,

etc., da telefonía móbil. Aproximadamente estaríamos a falar da mesma cantidade. Perderon vostedes unha oportunidade de devolver esa capacidade adquisitiva ós cidadáns e de compensar esa perda de recadación pola rebaixa a maiores dese 2,8% coa recadación que van obter por esta nova ordenanza.

Unha vez máis parécenos que con isto o goberno municipal, seguindo a liña do goberno central, recada, impón máis e engana ós cidadáns porque lles está vendendo unha baixada de impostos total e absolutamente inexistente e está perdéndose unha oportunidade de baixalos pois estaríamos a falar do 2,8 máis un 0,2, dun 3%. Si que poderíamos entón falar dunha baixada que é o que propón o Partido Popular, que non implicaría ningunha mingua para as arcas municipais porque se vería compensada pola aparición desta nova taxa de telefonía móbil

Imos votar en contra da taxa e o único que lles pido é que reflexionen, que rebaixen ese 2,8% que lles pedimos dende o Partido Popular e en todo caso, xa que teñen esa Sentenza e se estas empresas van recorrer, esperen ó que digan os tribunais en Galicia ó respecto.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis asómbreme a resposta do Sr. Conde, non debería porque xa tiña que estar acostumada pero hai cousas ás que non me acostumo.

Din que van votar en contra desta ordenanza porque hai sentenzas en contra que están recorridas, que é mellor que agardemos a que se recorran por veren que pasa. Eu pregunto que pasou na cidade de Madrid ou en Málaga porque xa teñen implantada esta taxa dende hai dous anos. Entón a min asómbreme que o Partido Popular en Vigo diga que está en contra desta ordenanza cando hai dous anos o Partido Popular en Madrid ou en Málaga onde goberna, impuxo esta taxa con exactamente a mesma xurisprudencia que temos hoxe. Que retiren a taxa en Madrid se está tan seguro de que as sentenzas van ser en contra. Pero lle lembro que a Sentenza do Tribunal Supremo de 2009 non dá lugar a dúbidas, di que as empresas de telefonía móbil deben pagar pola prestación dun servizo como todas as empresas, como pagan as de telefonía fixa porque, son máis listos ou máis finos os da telefonía móbil e por iso teñen que estaren exentos? Non, está o principio de equidade fiscal e por iso todos os que prestan eses servizos utilizando unha parte da cidade deben corresponder con esa cidade e por iso deben facer fronte a esa taxa e xusto 1.400.000 é o que van deixar de pagar os veciños e veciñas de Vigo por esa baixada

de impostos.

Sr. Conde, volvemos falar do mesmo. Que é o que se está facendo en Madrid ou en Málaga onde vostedes gobernan? Din que en Madrid e en Málaga conxelaron impostos, un 0%, nin un 1, 2, 3 ou 4%, deixan as mesmas ordenanzas tal cal o ano pasado. En que quedamos, Sr. Conde? Que devolvan eles tamén ese 2-3%. Esa é a dobre moral do Partido Popular, onde eles gobernan din que non modifican a taxa, que manteñen o mesmo, que son os mellores do mundo, que a suba é do 0%, non hai aplicación do IPC. Pero onde non gobernan, onde están na oposición, manteñen todo o contrario, din que hai que baixar e nunhas provincias falan do 1, noutras do 2, noutras do 3%..., o que lles pete. Como é unha argumentación que non teñen inventan un número; para Vigo o 2, para A Coruña o 2,5, para Ourense o 1,7..., dá igual, a cuestión é dicir un número.

Non, Sr. Conde, hai que ser rigorosos. O ano que ven lles imos baixar os impostos a todos e todas os vigueses e viguesas e, como xa lle dixen no outro debate das ordenanzas, dígame unha soa cidade na que governe o Partido Popular onde se contemple, por moi pequena que sexa, unha baixada dos impostos como a que se está contemplando aquí, dígame unha soa na que a baixa sexa do 0,00005. Non hai ningunha, Sr. Conde.

SR. CONDE GIL: Eu con vostede cheguei xa á conclusión , Sra. Díaz, de que ten verdadeira obsesión pola cidade de Madrid. Eu invitaríaa a que se presente ás eleccións alí. Para o próximo mandato fale vostede co seu partido para que a presenten nas listas de Madrid, alí poderá discutir absolutamente todo o que queira sobre os impostos desa cidade, se lle deixan, claro.

Pero coido que aquí estamos en Vigo e que vostede manipulou interesadamente o que eu dixen. Eu non fixen valoración en ningún momento da Sentenza do Tribunal Supremo, nin son quen da facer, nin me apetece especialmente. O único que lle dixen é que deixe vostede a liberdade das empresas de acudir ós tribunais e no seu caso, se ó final van que eu o descoñezo, que fagan o que queiran, pero eu coido que se debe recadar e repartir.

Xa sei que vostede sempre me quere dar leccións, agora debe ser a de dar tantos por cento e de dividir porque eu fixen o cálculo sobre o 2,8% e sáeme que lles poderíamos aforrar ós cidadáns 1.400.000 euros e a vostede co 0,2% sáelle o mesmo. Non hai que seren demasiado intelixente para saber que se está

equivocando porque co 0,2% non sae 1.400.000 euros. Tampouco lles van devolver este diñeiro ós cidadáns, vaino recadar o Concello. Polo menos sexa franca coa xente. Recaden e repartan. Se se van recadar 1.400.000 euros a maiores do que estaba previsto no exercicio anterior por mor desta nova taxa, repartamos cos cidadáns vigueses e viguesas.

Por que somos tan tímidos en baixar o IPC do mes de abril? Vostede fala de cidades, de cifras, pero que eu saiba estamos en Vigo, a bandeira que figura no estrado é a da nosa cidade e en Vigo, por se non o sabe que xa o comezo dubidar, sabe ou debería saber que o IPC do mes de abril é o que se toma en consideración para facer o axuste dos impostos e taxas municipais e este ano coincidiu que no mes de abril é dun -0,2%. Non veña vostede agora de “rei mago” dicir que lles está regalando ós vigueses e viguesas un 0,2% menos de pagar impostos cando ademais vostede sabe que está mentindo. Xa llo dixen cun exemplo moi claro co imposto de bens inmobles e volvo dicirlles ós cidadáns que garden o recibo deste ano e que o comparen co do ano que ven, verán que van pagar máis porque a Lei de orzamentos xerais do Estado subiu o valor catastral e polo tanto, aínda que se rebaxe un 0,2% o tipo impositivo, ó final se vai pagar máis. Iso sábeo vostede tan ben coma min.

Recaden pero dean ós cidadáns, teñen esa oportunidade. O 2,8% da recadación por impostos do exercicio anterior supón 1.400.000 euros que van a acometer pola aparición desta nova ordenanza. Non pedimos máis que llos devolvan ós cidadáns.

Por favor, non mal interprete o que non se dixo. Gracias.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Para rematar lémbrolle que debería acudir un pouco máis a clases de matemáticas porque a diminución da recadación que van sufrir as economías domésticas vai ser de 1.400.000 euros, precisamente fíxose así, que o que se contempla por telefonía móbil se lle reste ós cidadáns, que deixen de pagar o que podemos obter por telefonía móbil.

Di que non lles gusta pero é certo. Eu tamén lles digo que garden os recibos, que garden o recibo de auga, o de circulación, o do lixo e vexan que pasa con eles, o das garderías municipais e vexan que pasa na matrícula e que pasa cada mes, garden o recibo dos ensinos especiais de música e teatro e vexan que pasa cada mes na taxa de matrícula; garden tamén todos os recibos do Instituto Municipal dos Deportes, de calquera actividade, mesmo os dos clubs, todos os recibos mes a mes e taxas de matrículas e vexan que pasa con eles, gárdenos. Sr. Conde, garde todos os recibos e

logo cando sumemos todos veremos quen paga máis e quen menos.

Non lles gusta nada que lles lembre Madrid porque é lembrarlle a todo o mundo que fai o Partido Popular onde goberna, por iso non lles gusta. Non lles gusta que lles lembre a Sentenza porque é a mesma en Madrid que en Galicia e en Madrid defenden a taxa da telefonía móbil e en Vigo non. Por iso non lles gusta que lles lembre Madrid, porque é saltarlles á cara o que están facendo cando gobernan, esa é a realidade.

O IPC nacional que publica o INE e que se toma para actualizar as ordenanzas fiscais en todas as cidades é exactamente o mesmo, o IPC nacional é o mesmo en Madrid, Sevilla, Málaga, Pontevedra ou Vigo. Dígame dunha soa cidade onde governe o Partido Popular que aplicación do IPC está utilizando para que lle dea un 0%. Ningunha, non existe.

Polo tanto, se a cidade de Vigo decidiu baixar os impostos foi unha decisión desta cidade, deste goberno, dos que estamos aquí porque cos mesmos IPCs para todos, ningún dos que están gobernando nas súas cidades propuxo unha medida coma esta. Xa lle dixen que me diga dun só lugar, aínda que sexa un pobo pequeno de trescentos habitantes. Póñame a escusa que lle dea a gana pero a decisión de baixar os impostos foi deste goberno porque o IPC é igual para todos, igual para os de alí que para os de aquí, sen embargo os únicos que decidimos baixar os impostos fomos os que estamos aquí e por iso absolutamente todos os vigueses o ano que ven van pagar menos en todos os recibos, no da auga, no de vehículos, no do lixo, escolas infantís, ensinos especiais, deportes municipais...

Eu rétolle a que garden todos os recibos e logo os compararemos todos.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse, acórdase: Primeiro.- Desestimar as alegacións formuladas por REDTEL, ASOCIACIÓN DE

OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES, con CIF G-85112357, por resultar axustado a Dereito o acordo de imposición e ordenación e a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

Segundo.- Aprobar definitivamente o acordo de imposición e ordenación e a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

Terceiro.- Dispoñer a publicación no BOP do acordo de imposición e ordenación e da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil.

6.- (225).- RECLAMACIÓN FORMULADA POR D. MANUEL PÉREZ DOMÍNGUEZ EN RELACIÓN COA DESAFECTACIÓN E RECTIFICACIÓN INVENTARIAL DOS CAMIÑOS RÚA REDONDO R-4-1 E R-4-2. DESESTIMACIÓN. EXPTE. 650/244.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 30 de outubro de 2009 polo xefe de Patrimonio, coa conformidade do concelleiro delegado e máis da xefa de Réxime Interior:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

Primeiro.- D. Manuel Pérez Domínguez mediante escritos, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 26.05.2008 e 15.09.2008, manifesta ser titular dunha parcela de 1.754 m² no lugar de Redondo nº 61, solicitando a desafectación e rectificación do Inventario Municipal dando de baixa os camiños denominados Rúa Redondo R-4-1 e Rúa Redondo R-4-2, ao considerar errónea a inclusión como camiño público debendo proceder á devolución ao seu lexítimo titular. Achega coa solicitude escritura de agrupación e compravenda de data 18.02.1991 e plano de deslinde do mesmo ano.

Segundo.- Na instrución do expediente foron levados a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta Administración, constando os seguintes:

- Informe da Oficina do Inventario de data 20.08.2008
- Informe do Arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 6-03-2009.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 15-06-2009.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 23.06.2009.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 02.09.2009.

Terceiro.- Así mesmo, outorgouse trámite de audiencia á Asociación de Veciños de Navia e aos propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRJAP, formulando alegacións:

- D. Luis Carballal García, en data 27.04.2009, opoñéndose á desafectación solicitada, ao considerar que son de uso público dende hai mais de cincuenta anos e contan con servizos urbanísticos.
- A Unión Veciñal de Navia en data 30.04.2009, rexeitando a desafectación solicitada ao considerar que ditos terreos foron sempre de uso público e veciñal.
- D. José Manuel Otero Rey, en data 27.04.2009, manifesta o carácter público dos camiños e solicitando o arquivo do expediente.
- Da. Catalina Costas Padín, en data 08.05.2009 e 27.05.2009, solicita a denegación da desafectación interesada, considerando que se trata dun camiño público dende alomenos 1960, non sendo propiedade do interesado. Achega información das empresas Aqualia e Fenosa, referente aos servizos cos que consta.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Identificación do ben controvertido. Os camiños obxecto da presente reclamación figuran no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, no epígrafe I de bens inmobles, coa denominación de RU REDONDO R-4.1 e RU REDONDO R-4-2, bens de dominio público

afecto ao uso público e, na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal.

Segundo.- Natureza xurídica de ben de dominio público do Rúa Redondo R-4-1 e Rúa Redondo R-4-2. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ao uso xeral ou ao servizo público, así como aqueles aos que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do Presidente e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL),

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Excmo. Concello de Vigo aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ao 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiuuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992 ; b) información pública e audiencia aos interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno. No entanto, é de salientar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, os ramais R-4-1 e R-4-2 da rúa Redondo foron considerados vías públicas de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ao uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

Cuarto.- Respecto á cuestión da desafectación e rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ao seu uso público, ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, proceder á rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a Administración municipal non

pode entrar en cuestións de propiedade, ao corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil.

Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público, en virtude da súa afectación ao uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. No presente caso, pódese sinalar que se trata de dous ramais que partindo da rúa Redondo serven de acceso a distintas propiedades, cunha configuración física clara e delimitada polas fincas lindeiras, reflectida na planimetría antiga do Concello, e que dispoñen dalgún servizo público instalado (alumeado público), atopándose abertos ao uso xeral dos veciños, quen segundo manifestan na instrución do expediente veñen dende sempre facendo uso dos mesmos considerándoos como de uso público, e opoñéndose conseguintemente á solicitude de desafectación e rectificación inventarial interesada.

A solicitante propón unha desafectación de ditos camiños baseada nunha reclamación sobre a titularidade dos terreos. A desafectación ou alteración da natureza xurídica dos bens demaniais supón partir da consideración de ditos bens como integrantes do demanio público municipal, pola súa titularidade pública e afectación ou destino a un uso ou servizo público (art. 5.1 LPAP). O cambio na súa natureza xurídica demanial incide sobre esta última característica da súa vinculación ou non a un uso ou servizo público, podendo dar lugar, de concorrer os presupostos legais esixidos na normativa reguladora do patrimonio das AAPP, a desvinculación de ditos bens ao uso público e polo tanto a súa saída do dominio público, manténdose en todo caso a titularidade municipal dos bens, ao non incidir nin ser obxecto de dito procedemento as cuestións de propiedade cuxo coñecemento e resolución como queda dito está reservado á xurisdición ordinaria.

Conseguintemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico reconece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); que os devanditos ramais do camiño de Redondo veñen destinándose ao uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; e que non se aprecia unha alteración ou modificación das circunstancias de afectación ao uso público destes, podemos concluír a improcedencia dunha desafectación por falta de causa que a motive, así como da rectificación inventarial solicitada, posto que, prima facie, estes forman parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como Administración Pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte ás demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

Quinto.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRJAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera Administración Pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por una disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdicional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos

procedementos administrativos na Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analogía co disposto no artigo 110 LRJAP respecto dos recursos administrativos.

Sexto.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL)."

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de novembro de 2009, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Manuel Pérez Domínguez mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello dO 26.05.2008, ao non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto dos camiños Rúa Redondo R-4-1 e Rúa Redondo R-4-2 recollidos no epígrafe I de bens inmobles do Inventario municipal de bens e dereitos.

7.- (226).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE TRANSPOSICIÓN DA DIRECTIVA 2006/123/CE E DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ORDENANZA ESPECÍFICA DE ADAPTACIÓN BÁSICA DA TRAMITACIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS E MEDIO AMBIENTAIS (EXPTE 995/400).

ANTECEDENTES.- Con data 16 de novembro de 2009 a xerente municipal de Urbanismo, coa conformidade do concelleiro delegado, informa o que segue:

“A Directiva 2006/123/CE, cuxo prazo de transposición remata o vindeiro mes de decembro, permite a realización dun proceso de reflexión sobre todas as normas que regulan o proceso de autorización da edificación e control medioambiental das actividades a exercer por particulares.

Coa normativa comunitaria aludida, procúrase a eliminación de todo obstáculo ilexítimo que dificulte ou impida a liberdade de competencia. Pretende o establecemento dun marco xeral que facilite o exercizo da liberdade de establecemento dos prestadores e a mellora da calidade dos servizos públicos.

O 21.07.09 pola Alcaldía se ditou resolución ordenando a constitución duna Comisión Técnica de adaptación da normativa local á Directiva de Servizos. Seguindo o esquema previsto polo Estado, consta a proposta de aprobación dunha “Ordenanza municipal reguladora do libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo no Concello de Vigo” e que se encontra en tramitación.

Dentro da Xerencia municipal de Urbanismo, incoouse un expediente denominado “Análise da incidencia da Directiva 2006/123/CE na Xerencia municipal de Urbanismo e nos seus procedementos” (expte 995/400).

En data 14.09.09 o Secretario da Xerencia municipal de urbanismo, emitiu informe no que se propoñía a avaliación e modificación da normativa local á Directiva 2006/123/CE.

Coa presente proposta, realízase un esforzo de eliminación do réxime de autorización de certos procedementos, mantendo aqueles que por “razóns de imperioso interese xeral” deben manterse. Así mesmo, naquel caso que se poida manter o réxime de autorización para a prestación de servizos ou realización de obras, é necesario a realización dun proceso de simplificación administrativa. De tal xeito por Resolución do delegado de Urbanismo e vivenda de data 13.11.09, constituíse un grupo de traballo formado polo persoal da Xerencia, co único obxecto de analizar todos os procedementos administrativos que os cidadáns teñen que soportar para a execución dunha obra ou o exercizo dunha actividade.

A presente proposta, é o primeiro impulso de transposición da Directiva 2006/123/CE, proceso que será culminado no momento no que a norma estatal ou autonómica sexa totalmente congruente co ditado comunitario. Ata que se produza unha habilitación normativa estatal e autonómica, o proceso de transposición dende o punto de vista municipal, non será completo.”

Polo anteriormente exposto a Xerente de Urbanismo emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura análise da incidencia da Directiva 123/2006/CE ·na Xerencia Municipal de Urbanismo e nos seus procedementos, emitido pola Xerente de Urbanismo na mesma data do 16 de novembro.

Igualmente figura informe xurídico á anterior proposta emitido polo secretario da Xerencia en data 20 de novembro.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 23 de novembro, prestou a súa aprobación á citada proposta.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 26 de novembro, propón ó Pleno da Corporación a súa aprobación.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar o proxecto de “Adopción de medidas de transposición da Directiva 2006/123/CE e de aprobación da ordenanza específica de adaptación básica da tramitación de licenzas urbanísticas e medioambientais”, co texto que se transcribe de seguido.

Primeiro.- Aprobar inicialmente a proposta de “Adopción de medidas de transposición da Directiva 2006/123/CE e de aprobación da ordenanza específica de adaptación básica da tramitación de licenzas urbanísticas e medioambientais”, que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, someter a proposta de ordenanza a un trámite de información pública por un prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

ORDENANZA ESPECÍFICA DE ADAPTACIÓN BÁSICA DA TRAMITACIÓN DE LICENZAS URBANÍSTICAS E MEDIO-AMBIENTAIS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello Europeo deu aprobación á Directiva 2006/123/CE (DOCE 27.12) relativa aos Servizos no Mercado Interior que procura o establecemento dos principios de aplicación xeral pola normativa reguladora do acceso e exercizo de actividades de servizos dentro da Unión Europea.

Entre os obxectivos da Directiva está a eliminación de todos aqueles obstáculos innecesarios e desproporcionados que restrinxen a posta en marcha de actividades de servizos e aqueles que impliquen ou atrasen os novos proxectos empresariais e a creación de emprego.

Dende marzo do ano 2007, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, constituíuse un grupo de traballo interministerial que se encargase da

transposición da Directiva baixo a coordinación do “Ministerio de Economía y Hacienda”. O grupo de traballo concluíu que o xeito máis adecuado de transposición da Directiva era dándolle un dobre enfoque: En primeiro lugar, mediante a transposición horizontal dunha norma denominada “Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y actividades” (coñecida como “Ley Paraguas”) e, por outra parte, mediante outra norma con rango de Lei de adaptación da normativa sectorial (“Ley Omnibus”).

Por primeira vez vanse establecer medidas legais para que todas as Administracións Públicas avalíen as súas autorizacións, trámites e calquera requisito que esixa o desenvolvemento dunha actividade baixo criterios obxectivos e transparentes. A transposición da Directiva establecer as novas formas de controis das actividades máis eficaces e menos gravosas para os cidadáns e as empresas.

A especialidade da transposición da Directiva dentro do eido urbanístico e medio ambiental, precisa ter en conta a distribución de competencias e atribucións contida no texto constitucional, Estatuto de Autonomía e as normas reguladoras da actividade e servizos das Corporacións Locais.

Segundo o establecido na Directiva 2006/123/CE, é obriga das diferentes Administracións Públicas a adopción de medidas de transposición da Directiva con anterioridade ao 28 de decembro do ano 2009. Así mesmo, a disposición final cuarta do “Proxecto de Lei sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercizo”, prevé que se imputarán a cada Administración Pública as responsabilidades que puideran derivarse dunha sanción derivada do incumprimento do deber de transposición da Directiva ao Ordenamento Xurídico.

O Concello de Vigo, por Resolución de data 21.07.09, se constituíu un grupo de traballo e elevaron á Xunta de Goberno Local un informe de conclusións nas que se pon de manifesto a necesidade de abordar un proceso de identificación da normativa municipal que precisa de adaptación e propoñer unha serie de medidas provisionais en espera da transposición estatal e autonómica no eido das súas respectivas competencias.

É obxecto da presente ordenanza a regulación parcial dos procedementos regulados ata este momento polo anxo normativo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo. Procúrase o establecemento de medidas de simplificación administrativa cunha dobre finalidade: En primeiro lugar, o cumprimento da obriga da transposición da regulación europea e, por outra parte, o establecemento de medidas urxentes tendentes á simplificación administrativa que redunden nun incentivo na actividade económica e empresarial e dean contido ó servizo público encomendado á Xerencia municipal de urbanismo.

Por outra parte, dende a propia sociedade e do Pleno da Corporación a través de diversas mocións, instouse a esta Xerencia a adopción de medidas de simplificación que redunden na redución de prazos de concesión de licenzas de apertura e de obras.

A proposta contida na presente ordenanza, non supón unha diminución nas facultades de control das actividades e obras atribuída aos Municipios ó abeiro do establecido no artigo 84 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

Supón, en definitiva, un texto normativo que dará contido ao principio básico de actuación das Administracións Públicas de eficacia (artigo 103 CE) e de celeridade previsto nos artigos 74 e 75 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e en aplicación da Directiva.

A ordenanza está estruturada en catro artigos, catro disposicións adicionais, dous transitorias e unha final.

Artigo 1º.- Obxecto.

1.- A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do procedemento de intervención e control da Xerencia municipal de Urbanismo en obras e actividades que pola súa entidade ou incidencia no Medio Ambiente, unicamente se someterán o deber de comunicación previa.

2.- O procedemento de actuacións comunicadas regulada na presente ordenanza, non supón en ningún caso que estas actuacións poidan entenderse non suxeitas ao deber de obtención de licenza, por canto están sometidas á intervención administrativa, sen prexuízo de que a licenza se conceda de xeito tácito, previa comprobación das actuacións que se pretendan realizar, corroborándose por Resolución posterior.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación.

1.- O procedemento que se regula na presente ordenanza será de aplicación, salvo as excepcións previstas no artigo 3º, a aquelas actividades, instalación ou obras de escasa entidade técnica, que non precisen de proxecto técnico segundo o establecido na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da edificación e nas que o impacto urbanístico ou ambiental que causen sexa nulo.

2.- Defínense como obras menores aquelas obras e instalación de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica que non supoñan a alteración do volume, do uso, das instalación e servizos de uso común ou do número de vivendas ou locais, nin afecten ao deseño exterior, á cimentación, a estrutura ou ás condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de toda clase. Non se entenderán como menores as parcelacións, muros de contención, intervención en edificios declarados de interese cultural, catalogados ou grandes movementos de terras.

En concreto, poden clasificarse as obras menores de acordo co establecido no artigo 28 do anexo normativo do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

3.- Son actividades susceptibles de ser reguladas pola presente ordenanza, as seguintes:

a) Apertura de actividades en edificios ou locais que contén con licencia de primeira utilización para un uso xenérico dos recollidos no Título VI das Normas Urbanísticas do PXOM vixente como pormenorizado e que reúnan as seguintes condicións:

- Que a actividade a implantar se axuste ao uso recollido en dita licenza de primeira ocupación e que se trate dunha actividade cuxo uso se encadre dentro dos grupos de oficinas e comercios.
- Que a licenza de obra da edificación non inclúa as obras de acondicionamento da actividade.
- Que non precise da realización de obra ningunha ou ben que as mesmas poidan tramitarse mediante actuación comunicada.
- Que non fora modificada a normativa de obrigado cumprimento (de seguridade de utilización, de seguridade contra incendios, accesibilidade etc...), dende a data de concesión da licenza de primeira utilización.
- Que as instalación de protección contra incendios requiridas pola normativa sexan extintores e alumeado de emerxencia
- La superficie máxima de los locais: 200 m²

b) Apertura de actividades en edificios ou locais que contén con licenza de apertura anterior en vigor e non modifiquen o uso xenérico xa establecido (dos recollidos dentro do Título VI das Normas Urbanísticas do PXOM vixente como pormenorizados) e que reúnan as seguintes condicións:

- Que se trate dunha actividade cuxo uso se englobe dentro dos grupos de oficinas e comercios.
- Que non se modifiquen características técnicas do local.
- Que requiran os mesmos niveis de seguridade e accesibilidade que a licenza anterior.

Artigo 3º.- Exclusiones.

Exclúense expresamente do ámbito de aplicación da presente ordenanza aquelas actuacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- 1.- Obras que requiran da presentación de proxecto técnico, entre outras as obras de edificación de nova construción, ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación, así como as obras que teñan o carácter de intervención total en edificios, elementos ou espazos catalogados ou que dispoñan de algún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico artístico, e aquelas outras de carácter parcial que afecten ós elementos ou partes obxecto de protección.
- 2.- Obras ou instalación cuxo orzamento sexa superior aos cincuenta mil euros (50.000 €).
- 3.- Que para a actuación pretendida sexa preceptiva a autorización doutras Administracións.
- 4.- Que a actuación revista unha complexidade especial que requira un análise

detido para a súa correcta valoración, ou que no planeamento se esixa documentación adicional á recollida na presente ordenanza.

5.- As actuacións en edificacións ou instalacións situadas en solo rústico.

6.- Obras ou instalación que se sitúen dentro do ámbito do PEPRI de Bouzas e Casco Vello.

7.- Obras privadas que se pretendan desenvolver en espacio libre público.

8.- Aquelas actuacións en locais dedicados a actividades incluídas no Decreto 138/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

9.- Actividades reguladas dentro do previsto no Real decreto 2816/1982, polo que se aproba o regulamento xeral de policía e espectáculos públicos e actividades recreativas.

10.- Actuacións en edificacións, instalación ou locais que se encontren en situación de fóra de ordenación.

11.- Actuacións que teñan por finalidade o cambio do uso global dun edificio ou parte do mesmo, ou a modificación do número de vivendas ou locais.

12.- Actividades con niveles especiais de illamento segundo a ordenanza de ruídos, tanto diúrnas como nocturnas.

Artigo 4º.- Procedemento.

1.- O acto de control e intervención da administración municipal, nos supostos previstos no artigo 2º da presente ordenanza, axustarase ao seguinte procedemento:

- a) A comunicación deberá efectuarse en documento normalizado, acompañado da documentación que para cada actuación concreta se especifique, de acordo co Anexo da presente ordenanza.
- b) O rexistro da documentación completa no órgano competente para coñecer da actuación de que se trate, equivalerá á toma de coñecemento por parte da administración municipal.
- c) Analizada a documentación e en función da adecuación ou non do seu contido ó ordenamento urbanístico e as prescricións da presente ordenanza, a tramitación dos actos comunicados finalizará dalgunha das seguintes formas:
 - Cando a actuación comunicada se adecúe ó ordenamento xurídico e ás prescricións desta ordenanza, transcorrido o prazo de dez días a contar dende o seguinte á data de comunicación, esta producirá os efectos da licenza urbanística, podéndose iniciar as obras ou exercer a actividade de que se trate.
 - Cando a comunicación aportada sexa insuficiente, no prazo de dez días e no mesmo acto comunicarse ó interesado que se absteña de executar a

súa actuación e que a autorización sexa tramitado polo procedemento ordinario, concedéndose un prazo de subsanación da documentación esixible.

- Cando se estime que a actuación comunicada non está incluída entre as previstas para ser tramitadas por este procedemento, no prazo non superior a dez días hábiles, se notificará ao solicitante de que se absteña de executar a actuación, procedendo a continuación á tramitación mediante o procedemento de outorgamento de licenzas ordinario.
- Cando a actuación comunicada non se axuste ao planeamento vixente, no prazo de dez días se notificará esta circunstancia ó solicitante, arquivándose o expediente sen máis trámite.

2.- As actuacións comunicadas non poderán iniciarse, en ningún caso, antes de transcorrer dez días hábiles a contar dende o seguinte ó da data da súa posta en coñecemento na administración.

3.- Non se terán adquiridas por silencio as licenzas para actuacións comunicadas que vaian en contra da lexislación e do planeamento urbanístico.

Disposición adicional primeira.- Regulación do procedemento de comunicación dos cambios de titularidade de licenzas.-

De acordo co previsto no artigo 13º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se regula o regulamento de servizos das Corporacións Locais, as licenzas relativas ás condicións dunha obra, instalación ou servizo serán transmisibles. Os interesados deberán unicamente comunicalo á administración municipal, facendo expresa referencia á licenza que queren transmitir. A comprobación por parte da Administración Municipal da inexactitude ou falsidade de calquera dato, manifestación ou documento, determinará a imposibilidade de continuar no exercizo do dereito.

Disposición adicional segunda.- Regulación do procedemento de concesión de prórrogas para o inicio ou terminación de obras.

Os titulares dunha licenza urbanística poderán solicitar unha prórroga para o inicio ou remate das obras ó abeiro do establecido no artigo 197 da LOUGA e 15 do Anexo normativo ("Tramitación de licenzas e documentación") do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo. A autorización da prórroga estará sometida ao deber de comunicación previa regulada na presente ordenanza. A comprobación por parte da Administración Municipal de inexactitude ou falsidade de calquera dato, manifestación ou documento, determinará a imposibilidade de entender autorizada a prórroga solicitada.

Disposición adicional terceira.- Tramitación electrónica dos procedementos regulados pola presente Ordenanza.-

Ao abeiro do establecido na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a Xerencia municipal de Urbanismo establecerá os mecanismos que permitan a tramitación electrónica dos procedementos regulados

pola presente ordenanza.

Disposición adicional cuarta.- Modelos de presentación de actuación comunicada.

No prazo dun mes dende a entrada en vigor, o delegado de Urbanismo e Vivenda aprobará os modelos de comunicación dos distintos procedementos regulados na ordenanza. Así mesmo, será obxecto de aprobación o modelo normalizado para a presentación telemática de todos os procedementos.

Disposición transitoria primeira.

A presente normativa non será de aplicación a aqueles procedementos que se iniciaran con anterioridade á data da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria segunda.

A substitución do deber de obtención de licenza polo de comunicación previa, quedará condicionada á modificación da relación de postos de traballo que estableza a estrutura de persoal axeitada ao establecido na presente ordenanza.

Disposición final.

A entrada en vigor da presente ordenanza producirase ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e máis todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia de xénero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Deseguido temos as mocións números 8 e 9 que tratan de caixas de aforros.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde, no nome do Bloque Nacionalista Galego gustaríame propoñer o debate conxunto de ambas habida conta de que tratan sobre o mesmo tema e de que a que presentou o BNG estaba presentada xa por Rexistro, entón parécenos que o lóxico sería o debate conxunto das dúas mocións.

SR. FIGUEROA VILA: Nós estamos de acordo porque son dúas mocións con resolucións distintas pero tratando do mesmo tema.

SR. LÓPEZ FONT: Estamos a favor da proposta de unir as dúas mocións.

A PRESIDENCIA: Propoñemos entón facer debate conxunto das mocións 8 e 9 e que interveña o Grupo Socialista, o Grupo do BNG, o Grupo do Partido Popular por un período de 15 minutos sen intervención inicial, réplicas de 5 minutos e peche do BNG e do Partido Socialista en tres minutos. Parece isto axeitado?

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Unha pequena aclaración sobre as intervencións. Habida conta que somos dous os propoñentes da moción debería empezarse de menor a maior.

A PRESIDENCIA: Non, ímolo facer na orde que está na orde do día.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, non estamos de acordo. Parécenos lóxico que, se imos de menor a maior habitualmente, a moción do Bloque Nacionalista Galego está presentada antes ca do Partido Socialista. Volvemos á cuestión de fondo que é que a nós parécenos necesario dunha vez por todas o regulamento, vostedes prometérono. Se os temas se están tratando sempre de menor a maior o lóxico é seguir ese criterio e sobre todo cando hai unha argumentación a maiores que é que a presentada polo Bloque Nacionalista Galego foi a comisión e ten ditame; a do Partido Socialista incluíuse na Xunta de Voceiros fóra da orde do día e aceptámola porque coidamos que é un tema de importancia. Coido que son moitos os condicionantes, en calquera caso é unha decisión que ten que tomar vostede.

A PRESIDENCIA: Procederemos tal e como aparece na orde do día e polo tanto iniciamos coa intervención do Grupo Socialista.

DEBATE DAS MOCIÓNS 8 E 9 DA ORDE DO DÍA

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Quero sinalar a importancia do tema que imos debater. Imos falar de caixas de aforro, de proxecto financeiro e polo tanto dunha cuestión clave nesta cidade e neste territorio.

Vigo é unha cidade de economía. En Vigo estamos funcionando e levando adiante esta cidade en termos da nosa propia capacidade de elaborar un proxecto

económico. Vigo débelle o que é a que durante douscentos anos e especialmente durante o último medio século foi quen de elaborar un excepcional proxecto económico-territorial con Citroën no seu fronte, un gran proxecto automobilístico de nivel mundial, coa industria naval ó seu carón un proxecto europeo de grande importancia; cunha actividade pesqueira que é punteira en todo o mundo, seguramente Vigo é o principal porto pesqueiro para consumo humano do mundo; e co desenvolvemento nos últimos tempos dun sector servizos moi poderoso: comercio, turismo, apoio ás empresas. No medio deste proxecto global sempre apareceu unha entidade financeira: Caixavigo inicialmente e Caixanova agora.

Caixanova é un proxecto vertebrador galego emanado de Vigo; é un proxecto financeiro vigués para toda Galicia co seu ámbito de actuación en Galicia e en España pero coas súas raíces e o seu berce establecidos en Vigo. Caixanova está a desenvolver nos últimos tempos un proxecto eficiente, solvente, capaz e que aguanta ben a crise. Está aguantando a crise, está sendo quen de levar adiante un desenvolvemento económico que é capaz de navegar nas difíciles augas dunha crise económica das características actuais. Moi solvente, excepcionalmente solvente, tanto que no ámbito dos apoios e das axudas que cada un poida necesitar, Caixanova non vai facer ningún recurso ós Fondos Financeiros de Apoio a Entidades Financeiras. Poucas entidades no mundo poden avanzar este dato.

A cuestión é por que non lle queren deixar levar cara adiante a Caixanova o seu proxecto galego e vigués. Por que a Caixanova, que ten un proxecto financeiro sólido, razoado e solvente, non lle está sendo permitido, estase obxectando, acosando e asaetando o seu proxecto.

Caixanova é clave no sur de Galicia, é clave en Galicia. Caixanova está enraizada en economía e en empresas que xeran centos de milleiros de postos de traballo. En grandes, medianas e pequenas empresas que están a desenvolver un proxecto de emprego que está sendo clave e central na economía de Vigo, do Gran Vigo, do sur de Galicia e de Galicia. Xérase emprego polos apoios de Caixanova. É unha institución enraizada na industria e na economía do territorio de Vigo e de Galicia.

Nestas condicións, cun gran proxecto con sede en Vigo e para toda Galicia, un proxecto Galicia-Caixanova, por que a Xunta quere obrigar a Caixanova a fusionarse? Por que o Sr. Núñez Feijóo está sometendo a estas enormes presións a Caixanova para que se fusione? Porque nesta cidade nunca nos regalaron nada, todo o tivemos que acadar nós e construímos Caixavigo e agora Caixanova e dende a Xunta a

queren trasladar e levar cara o norte de Galicia. Dende a Xunta de Galicia e a través da fusión Caixanova deixaría de estaren asentada en Vigo como sede matriz, como domicilio social e pasaría ó norte.

As preguntas téñense que facer: onde están os datos que avalan esa fusión? Onde están os elementos obxectivos que din que hai que se fusionar? Onde están os estudos? Onde está a urxencia? Onde están os ratings? Onde están as cualificacións? Cal sería a caixa de aforros resultante? Que rating tería? Que viabilidade? Que proxecto? De que modo? Interrogantes sen contestar nunha cuestión desta envergadura.

Estamos a xogar cun proxecto clave nesta cidade e neste territorio e nunca Vigo, nunca esta cidade foi premida de tal forma para levar adiante un proxecto que non pertence á dinámica de Vigo, premida dende a Xunta de Galicia e dende o norte de Galicia. Digo máis, queren resolver un problema do norte de Galicia dende o sur, co esforzo do sur, co proxecto institucional do sur e co traballo do sur porque queren que desapareza Caixanova para levar adiante un proxecto distinto e Caixanova é unha entidade sólida e eficiente, con capacidade de seguir adiante no seu proxecto financeiro.

A pregunta é: que mellora esta fusión para Galicia? Cales van ser as melloras? Como nacería a nova Caixa? En que situación? Con que futuro? Aquí hai unha proba do nove que é: por que unha Caixa quere a fusión e a outra non? Por que Caixa Galicia quere a fusión e Caixanova non? Porque algunha é máis galega ca outra? Ou é que é máis galega unha caixa de aforros do norte ca outra do sur de Galicia? Non será que responden a intereses diferentes?

Están a mentírmonos. É unha decisión moi grave. É a decisión máis grave que se tomou nunca neste territorio do sur de Galicia danando os intereses do sur de Galicia e os de Galicia, os de todos.

A cuestión é que cando se defende esta fusión estanse a defender intereses localistas do norte de Galicia, non se están a defender intereses de Galicia, estanse a defender intereses localistas doutros territorios e doutras cidades.

Por iso presentamos esta moción, porque hoxe queremos pedir aquí, neste salón de Plenos, pero queremos pedir en todo Vigo que se defenda a Vigo porque facendo iso neste momento se está a defender Galicia, estase a defender un proxecto dende Vigo para toda Galicia con asentamento en toda España.

Eu quero dicir que cando a Xunta de Galicia preme a Vigo desta forma non está

defendendo os intereses de Galicia. Eu preguntome que está pasando dende Vigo, que está pasando co Partido Popular e coa súa Presidenta, Sra. Porro, que están renunciando a defender os intereses da cidade de Vigo, a defender os intereses deste territorio tan importante, clave e central no desenvolvemento da economía de Galicia. Onde están as voces defendendo Vigo? Onde están as voces defendendo un proxecto vigués para toda Galicia?

Caixanova é clave no crecemento desta cidade, é clave no crecemento deste territorio, no mantemento do emprego. Desa fusión sairía un proxecto enfermo e feble que non vai contribuír a tirar do proxecto económico de Galicia e faríao ás costas do proxecto económico de Vigo.

Caixanova é unha entidade eficiente, solvente, apoiando e enraizada en milleiros e milleiros de empresas grandes, medianas e pequenas; no automóbil, no naval, na pesca, nos servizos, no comercio, enraizada en todas partes.

Eu sigo preguntando: vai a Presidenta do Partido Popular permanecer calada como ata agora? Vai a Presidenta do Partido Popular e o Partido Popular renunciar a defender os intereses desta cidade que os elixiu para exercer ese papel? Neste momento a Xunta de Galicia con estas presións está facendo un gran fraude a esta cidade e a cidade e o pobo de Vigo vanlle pedir responsabilidades polo que están facendo neste momento porque os datos non avalan esta decisión. Os datos avalan algo moi importante: que continúe o proxecto de Caixanova, que continúe un proxecto galego para toda Galicia de Caixanova arraigado en Galicia, arraigado en Vigo, con presenza en España e con capacidade de manterse no tempo, de continuar ese proxecto galego coa súa vía e a súa andadura cara ó futuro.

Que digan os datos, que digan o que hai detrás disto, que nos digan canto emprego hai que destruír, cantas oficinas hai que pechar, que pasaría coas empresas de Galicia que teñen nestes momentos créditos con dúas caixas e que terían que renunciar por razón de concentración de riscos a algunha delas.

Por que o empresariado desta cidade está en contra desta fusión? Por que os movementos cidadáns de Vigo están en contra da fusión? Os empresarios, os que coñecen o que está a pasar? Porque son conscientes de que a mellor situación é que continúe o proxecto de Caixanova, proxecto galego dende Vigo porque é o que dá a maior viabilidade, a maior capacidade para este territorio e para toda Galicia.

Os proxectos galegos son galegos se están localizados en Galicia, non son máis galegos os que estean no norte que os que esteamos no sur. Sobre todo son

eficientes, proxectos galegos eficientes porque esa palabra, eficiencia, boa xestión, traballo de tantos anos nas entidades, é o que Caixanova exhibe neste momento. Exhibe esta traxectoria neste territorio durante décadas e décadas, exhibe apoio a empresas deste territorio, dunha grande cidade como Vigo, cun proxecto económico e empresarial como Vigo, con todos os datos, todos os ratings e todos os informes ó seu favor que avalan obxectivamente.

Estes son os datos obxectivos á continuidade de Caixanova como proxecto galego, eficiente, solvente e con capacidade e non sexa que por decisión política se tentara obrigar algo que logo resultara non viable, que logo resultara que tivera que recorrer ó Fondo de Ordenación Bancaria, endebedarse gravemente e levar a unha mala situación ó conxunto das entidades financeiras de Galicia.

Esas son as preguntas. Que deixen que o proxecto de Caixanova e de Vigo, desta cidade e deste territorio, continúe a súa andaina galega, con capacidade e con boa marcha.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A defensa de Vigo, a defensa desta cidade dáse por moitas e diversas vías, os traballadores que traballan nesta cidade, os políticos que tentamos traballar por esta cidade e representala. A defensa de Vigo faise tamén cando se trata de defender todo aquilo que un pensa aquí, en Santiago e en Madrid, independentemente das cores políticas de quen governe unha e outra vez. Coido que niso debemos estaren todos de acordo. Defender Vigo tamén supón votar en contra duns orzamentos que discriminan a esta cidade que algúns deputados non o fan por unha mera cor política. Defender Vigo tamén significa facer o mesmo en Santiago cando uns orzamentos discriminan a esta cidade. A defensa de Vigo non se fai dende a dialéctica senón dende o traballo coherente de todos os días e diso saben moito os nosos empresarios, os nosos traballadores e traballadoras e sabe tamén moito diso a nosa entidade financeira por excelencia que é Caixanova.

Coido que non se trata aquí de repetir e de facer unha loa ós grandes logros e ás grandes axudas que Caixanova lle deu a esta cidade. Non o vou repetir eu, todos queremos a Caixanova, por suposto que si, todos estamos ó carón da nosa entidade financeira por excelencia e que ten, evidentemente que si, ten feito unha aposta importante por sectores produtivos básicos da nosa cidade, polo comercio, pola pesca, polo sector naval, polo deporte, pola cultura... Precisamente niso estamos todos de acordo: queremos que Caixanova siga así, queremos que a nosa entidade

financeira siga en Vigo, queremos que a nosa entidade financeira siga tendo poder de decisión aquí en Vigo, para que se poida seguir comprometendo con eses sectores.

Pero non debemos esquecer unha cousa moi importante: Caixanova nútrese cos aforros de todos os vigueses e viguesas e tamén cos aforros de todos os galegos e galegas. Sempre direi e no BNG sempre diremos que non se pode poñer a alternativa de que defender a Galicia non é defender a Vigo. Cando se está defendendo o desenvolvemento económico dun país estase defendendo tamén o desenvolvemento económico da cidade máis importante dese país e cando se está defendendo a Vigo, que é a cidade máis importante que ten este país, estase tamén defendendo a ese país.

Gustaríame nesta intervención seren didáctico para que os cidadáns, os veciños e veciñas entendan perfectamente onde está a cuestión porque o BNG ven dicindo dende os primeiros días que non se poden dar debates falsos. O debate non é se Caixanova queda en Vigo ou non, ou Caixa Galicia queda na Coruña ou non, ou fusiónanse ou non. O debate é que queremos que as entidades financeiras galegas sigan tendo o poder de decisión e o poder de investimento en Galicia e en Vigo tamén; ese é o debate, é o cerne da cuestión e por iso quero ser moi didáctico, para que nos entendan.

Aparece todo este problema das caixas e hoxe hai algo que ninguén pon en dúbida, non o digo eu nin o BNG, dio o propio Director Xeral de Caixanova: Non podemos seguir sós.

Está claro que a solvencia, a eficiencia de Caixanova, que todos os logros desta entidade ninguén os pon en dúbida, pero estamos nunha conxuntura económica na que é absolutamente imposible, non o dicimos nós, dio o Director Xeral de Caixanova e dino os seus traballadores: É imposible que sigamos sós. Por iso hai que buscar solucións e hai catro enriba da mesa: Imos cara unha fusión entre as dúas caixas galegas, imos cara unha fusión con outras caixas de fóra ou imos facer alianzas reversibles, esas chamadas SIPs, que se poden facer tamén con caixas galegas ou de fóra. Pero queda moi claro que sós non podemos seguir.

Hai un segundo eixo central deste debate: Deben intervir os poderes públicos na decisión que se tome? Imos co primeiro: Cal é a solución que hai que tomar?

Hai persoas que están traballando dende hai moito tempo, técnicos, persoal de ambas caixas, persoal da Xunta, etc. que están discutindo, traballando en torno a

unha solución. Para nós, para o BNG o que debe primar por riba de todo é a galeguidade das caixas e que o poder de decisión estea en Galicia. Esta que para nós é unha prioridade se pode dar por moitas variantes.

Se hai unha fusión entre as caixas se pode dar, por suposto, a galeguidade do novo proxecto que naza pero, coidado, que aquí se está intentando ás veces confundir o que é unha fusión do que é unha absorción dunha por outra e son termos completamente distintos. Unha cousa é unha absorción e outra unha fusión entre dúas caixas.

De chegaren a unha fusión entre dúas caixas galegas se pode garantir perfectamente, senón que alguén me demostre o contrario porque antecedentes xa hai, que tanto Caixanova como Caixa Galicia manteñan a estrutura económica que teñen e a súa capacidade de decisión en Vigo ou na Coruña, sen ningún problema e estaremos acadando que o poder de decisión estea en Galicia sen menoscabar a independencia, a autonomía financeira, o tan mal chamado debate entre o norte e o sur porque coido que hai que desterrar dunha vez por todas ese debate, aquí non hai empresarios do norte ou do sur. Decía o Sr. Fernández Alvariño que non hai empresarios do norte ou do sur porque o patrimonio económico financeiro é de Galicia e nós estamos de acordo niso.

A segunda cuestión é que hai que ter coidado porque pode haber outro debate que non se está sacando, é o debate da “*bancarización*” das caixas para que deixen de ter precisamente ese contido social e de aposta polos sectores produtivos.

Polo tanto unha fusión para nada impide que Caixanova ou Caixa Galicia sigan tendo a súa estrutura económica e a súa independencia. Unha SIP entre as caixas galegas mantería perfectamente esa independencia e mantería perfectamente tamén a capacidade de decisión.

Tamén estamos abertos dende o BNG a poder establecer mesmo algún tipo de alianza con caixas de fóra, tamén é outro posible instrumento pero que evidentemente tería que garantir esa prioridade: a galeguidade e por suposto o poder de decisión.

Polo tanto este é o debate e o debate da defensa de Vigo e da defensa de Caixanova tense que dar primando por riba de todo que o poder financeiro galego siga estando en Galicia, en mans galegas porque se non é así, teñamos a fórmula que teñamos, se non garantimos que o poder económico estea en Galicia, nin Caixanova vai poder decidir en que vai investir os seus cartos, nin Vigo vai poder ter un desenvolvemento

económico acaído á súa condición de cidade máis importante de Galicia. Como non consigamos que o poder de decisión estea en Galicia e en mans dos galegos pouco poderemos facer en Vigo e pouco poderá incidir Caixanova na súa política financeira. Esa é a prioridade e ese é o debate.

Hai unha segunda cuestión do debate que é se os poderes públicos deben ou non intervir nas decisións que se toman. Nós cremos que si. Precisamente estamos hoxe na situación na que estamos por unha total indefinición do Presidente da Xunta de Galicia, do Goberno da Xunta de Galicia, do Goberno do Partido Popular porque esperou a ver que dicían dende Madrid, porque estivo esperando a ver que fai o Sr. Rato con Caixa Madrid e a ver se lle temos que vender a Madrid unha ou dúas caixas. Estamos nesta situación precisamente porque o Presidente da Xunta, ata que xa non lle quedou máis remedio pola presión política e social, estivo desaparecido neste problema.

Nós cremos que si, que os poderes públicos teñen que intervir, teñen que decidir porque estamos falando de cartos e dos aforros de todos os galegos e galegas e non esperar a veren cales son os movementos que se dan noutros lugares. Porque ademais coas caixas galegas debemos propiciar maior liberdade para participar nos mercados financeiros pero, coidado, con control.

Os problemas de Caixanova e de Caixa Galicia non viñeron polos investimentos que Caixanova e Caixa Galicia realizaron en Vigo, na Coruña, en Ourense, en Lugo ou en toda Galicia, non, os primeiros problemas comezaron a vir cando tanto unha coma outra deslocalizaron os seus investimentos e comezaron investir fóra de Galicia en cuestión de moita índole, en investimentos que logo trouxeron perdas. Por iso si que os poderes públicos teñen que controlar e por iso o BNG presenta unha nova lei de caixas, presentámola no Parlamento precisamente para que todo iso se regule e para que nun futuro non ocorra que cos cartos dos galegos e das galegas esteamos investindo fóra para que logo repercuta nunha situación financeira conxuntural en Galicia como na que estamos nestes momentos.

Ademais temos que intervir dende os poderes públicos porque as caixas teñen unha vocación social e unha vocación clara de estaren incardinadas no propio territorio. Por iso dicimos que é lexítima a intervención dos poderes públicos na adopción dunha estratexia que é o que ten e tiña que estar facendo dende hai moito tempo a Xunta: elaborar unha estratexia financeira clara para que haxa un apoio claro destas entidades ós sectores produtivos galegos.

Para rematar direi que sentimos nesta ocasión non coincidir cos pronunciamentos da moción do Partido Socialista. Non podemos coincidir porque, en primeiro lugar, coidamos que Caixanova segue sendo un referente pero que a prioridade non é que manteña o seu nome e xa houbo unha fusión de Caixavigo onde desapareceu o nome de Vigo para se converter en Caixanova e non pasou nada porque o poder de decisión e o financeiro seguiu en Vigo, non pasou nada porque se chamara Caixanova e non Caixavigo.

Iso é para nós a prioridade e evidentemente nunca diremos que non apoiamos nin a Vigo nin a Caixanova, apoiaremos sempre, pero apoiar a Vigo e a Caixanova nestes momentos significa apoiar que o poder de decisión e a sede do que se decida estea en Galicia e en Vigo tamén. Ese é o cerne da cuestión e por iso no nome do BNG eu vou pedir que o que se vote nesta Corporación sexa o que xa se votou unanimemente polas tres formacións políticas no Parlamento Galego. Os tres partidos, Partido Socialista, Partido Popular e Bloque Nacionalista Galego estamos de acordo nunha cuestión: o poder de decisión económico en Galicia e deste xeito asegurámonos que o poder de decisión tamén estea en Vigo.

Polo tanto, vaíamos xuntos en reivindicar o que é importe nestes momentos para Vigo e para Caixanova que é que o poder de decisión económico estea en Galicia. Por iso nós imos pedir que se vote ese acordo no que as tres forzas políticas estamos unanimemente convencidos que é o mellor para Galicia e para Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Cando comezou o Sr. Alcalde a facer a intervención, eu e máis o noso Grupo esperábamos que nos dera argumentacións sólidas e baseadas nun coñecemento real da situación. Coido que o Alcalde de Vigo non pode vir un Pleno deste Concello sen ter os datos, sen ter un coñecemento real da situación. Seguramente os voceiros non temos esa información porque ninguén das dúas caixas se dignou trasladala.

En calquera caso e logo do escoitar ó Sr. Alcalde xa nos decatamos do que está a pasar e de por que o Partido Socialista presenta esta moción. Préséntaa cun claro desexo e un obxectivo único e exclusivo partidista e político. O Alcalde de Vigo acaba hoxe de cometer neste Pleno un erro dunha magnitude importante politizando este tema e cun posicionamento político única e exclusivamente. Non lle importan as caixas: Caixanova, Caixa Galicia e a estrutura financeira de Galicia e de Vigo. O único que lle importa é o obxectivo político de atacar.

Hoxe demostrou unha vez máis que está obsesionado coa Sra. Porro, non sei que pinta agora mesmo neste debate do Pleno da Corporación a Sra. Porro, pero o único obxectivo do Alcalde de Vigo foi azoutar e dedicar dos quince minutos case sete ou oito minutos a falar da Sra. Porro e do seu posicionamento. Está claro que detrás diso hai unha soa argumentación, unha argumentación do manual do político perdedor, do político que con tal de argumentar e desviar a atención busca atacar ós seus adversarios políticos. Iso foi o que fixo hoxe o Alcalde de Vigo.

Seguramente ten unha explicación máis científica e con máis realidade do que el expuxo na defensa de Caixanova e esa situación é que o Alcalde de Vigo en todas as enquisas sae como un dos alcaldes peor valorados de España e como un dos alcaldes peor valorados da nosa cidade nestes momentos. É lamentable que o Alcalde de Vigo poida facer un discurso en defensa de Caixanova única e exclusivamente para atacar á Sra. Porro e ó Presidente da Xunta de Galicia.

Seguramente o Sr. Alcalde ten máis explicacións políticas, seguramente é porque está só, porque o Sr. Vázquez, o seu Secretario Xeral, di todo o contrario do que está a dicir aquí o Sr. Alcalde. Coido que as declaracións do día de onte son moi significativas e amosan claramente a situación na que se atopa o Sr. Alcalde. O Sr. Vázquez di que está de acordo coa fusión das caixas.

Coido que está perfectamente claro que o Sr. Vázquez está noutra liña totalmente distinta á do Sr. Alcalde. Pero non só o Sr. Vázquez, o venres pasado na Deputación provincial o voceiro provincial do Partido Socialista dixo que non lle preocupaban as declaracións do Sr. Alcalde, que tiña unha liña clara e unhas directrices do partido que ía seguir e que ía dar mostra de fe diso e por iso a proposta que hoxe está facendo o Sr. Domínguez Olveira fíxoa o Partido Popular na Deputación de Pontevedra e acadouse un acordo por unanimidade, o mesmo acordo aprobado no Parlamento de Galicia. Polo tanto xa lle adianto que nós imos amosar tamén o noso apoio a esa proposta.

O que está claro é que a viabilidade das caixas e a permanencia en Galicia é fundamental e o Sr. Alcalde agora tenta facer un discurso demagórico de apoio a Caixanova. Claro que todos apoiamos a Caixanova pero, Sr. Alcalde, cando quen lle fala e máis a que vostede critica decote e que está obsesionado con ela, Sra. Porro, chegaron gobernar este Concello había unha oficina de Caixa Galicia por decreto. Vostedes, os socialistas botaron a Caixanova da lonxa deste Concello e por decreto un socialista instalou a oficina de Caixa Galicia. Sabe o que tivo que facer a Sra.

Porro? Abrir un concurso, recuperar que Caixanova puidera estar presente na lonxa deste Concello. Esta é unha mostra do que vostedes defenden a Caixanova.

Pero hai máis, o auditorio-pazo de congresos que vostedes boicotearon permanentemente porque non se lle adxudicou a Caixa Galicia, porque tiñan unha orde e unha directriz clara de adxudicarllo a Caixa Galicia, o goberno da Sra. Porro adxudicoullo a Caixanova e ás empresas que colaboraban con Caixanova. Ese auditorio que vostede di que vai ser exemplo para a cidade de Vigo de construción de obra pública adxudicouno esa que vostede critica tanto que se chama Corina Porro e isto foi co posicionamento contrario do Partido Socialista.

Polo tanto de que *viguismo* están vostedes dando leccións? Dun *viguismo* trasnoitado que vale única e exclusivamente para defender os seus intereses persoais e políticos? Iso é o que vostedes defenden a Caixanova?

Nós non, nós defendemos a Caixanova, defendemos a galeguidade e defendemos que Galicia e que Vigo poidan ter caixas ou unha caixa. Vostedes non, a vostedes o único que lles preocupa é politizar este asunto e aplicar o manual do político perdedor, ir ó localismo trasnoitado, a posturas irresponsables, sen rigor, sen coherencia e sen estar baseadas en ningunha argumentación, datos ou coñecementos reais da situación.

Coido que nas últimas semanas o Presidente da Xunta amosou un comportamento rigoroso e de prudencia, cousa que vostede non está a ter hoxe. Está atacando dun xeito claro ó Presidente da Xunta de Galicia cando este está a facer un proceso impecable, en primeiro lugar escoitando a todos os axentes sociais, económicos e empresariais. En segundo lugar esperando que as caixas teñan un pronunciamento claro, non con filtracións senón cun pronunciamento claro e ademais baseada a argumentación e a decisión no apoio dos tres partidos políticos, do PSOE, do BNG e do Partido Popular, cuns obxectivos claros. En primeiro lugar que debe manterse no mapa financeiro español a galeguidade das caixas; en segundo lugar que o futuro se debe facer con garantías de solvencia. Estas son as argumentacións que está a dar e está recibindo os apoios dos tres partidos, dos sindicatos, das tres forzas políticas maioritarias en Galicia, dos empresarios e esperemos que das propias caixas polo ben de todos. Vostede agora o único que fai é presentarnos un discurso demagógico, irresponsable e pouco serio.

O que pode pasar con posturas coma as de seu, pouco serias e irresponsables, é que ó mellor nin Vigo, nin Galicia teña ningunha caixa galega. Iso é o que vostede está

tentando trasladar á opinión pública coas súas opinións e o seu posicionamento e iso é grave. É grave que o Alcalde da cidade máis importante de Galicia poida facer eses pronunciamentos e sobre todo cando vostede, pola súa formación, debería ter máis coñecementos que todos os demais, iso é o grave.

Sr. Alcalde, non se decata de que está quedando só? Vostede está quedando só neste tema porque está adoptando unha actitude demagóxica. Os sindicatos non están na súa postura, os empresarios, os tres grupos políticos en Galicia, o seu partido político non está amparando a súa postura e vostede por un puñado de votos, vai traizoar a todos os galegos e a todos os vigueses e viguesas? Por un miserable puñado de votos. Iso é o que está facendo vostede atacando ó Presidente da Xunta de Galicia e politizando unha decisión dun calado tan transcendental para a estrutura financeira galega e viguesa. O que está facendo o Alcalde de Vigo é traizoar e seren desleal por un puñado de votos. Iso é o que está facendo o Sr. Caballero co tema das caixas.

Sr. Caballero, a valoración dun líder non se demostra por un posicionamento localista. A posición e a valoración dun líder demóstrase polo seu liderado, polo seu traballo, pola súa xestión e polo que os cidadáns fagan e pensen neste caso da súa persoa e do seu equipo.

Pero vostede está totalmente desnortado neste asunto e o tempo seguramente o porá no seu sitio. Pero a maiores creo que vostede, con algún apoio das persoas que máis poder teñen no seu partido, o Sr. Blanco, están manipulando ó Banco de España para que se tomen decisións na contra de Galicia. Iso si que é grave. Van ter que explicar claramente por que o Banco de España neste proceso tiña unha postura, tivo outra e agora ten outra. E algúns dirixentes das caixas tamén van ter que explicar as súas posicións. Non se pode poñer en cuestión e en perigo a estrutura financeira de Galicia e de Vigo por personalismos.

Todas estas cuestións sairán á luz pública, Sr. Caballero, manipulacións que están facendo algúns que non deixan traballar, que están tentando desviar a atención con outros asuntos.

Coido que a Xunta e o seu Presidente están a traballar neste tema con rigor. O Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego tiveron a oportunidade durante estes catro anos de tomar decisións e non as tomaron, o único que fixeron dende o Estado foi enganar ós cidadáns sobre a situación económica dicindo que era boiante, que non había crise; iso foi o que fixeron vostedes durante os últimos dous anos e agora temos estas consecuencias dunha situación económica lamentable, do paro

crecendo continuamente, das empresas e dos pequenos empresarios con problemas e dificultades financeiras; e por suposto a estrutura financeira, os bancos e as caixas tamén con problemas. A iso leváronnos vostedes dende o Partido Socialista en Madrid a todo o país. Estas son as consecuencias que agora outros teñen que arranxar.

Por iso eu coido que hai que deixar traballar ás caixas, ós axentes implicados e á Xunta de Galicia e ó Banco de España para que tomen a decisión técnica máis correcta e coherente, defendendo a galegitude das caixas e por suposto defendendo tamén xunto a esa galegitude das caixas os intereses de Vigo e de todas as provincias.

Coido que se demostrou claramente que esta situación non se resolve única e exclusivamente con localismos trasnoitados, sen rigor e demagóxicos. Resólvese con rigor e con seriedade e ó mellor o que están conseguindo algúns, o que está conseguindo vostede é que nin Galicia nin Vigo teñan nin unha, nin dúas caixas; que o poder de decisión das caixas se traslade fóra de Vigo e de Galicia e iso será responsabilidade única e exclusivamente de seu, neste caso do Alcalde de Vigo polo discurso tan lamentable que fixo na mañá de hoxe.

A PRESIDENCIA: A solvencia: esta é a palabra clave. A palabra clave neste debate é quen ten a solvencia, quen é capaz de aguantar. Porque estamos falando de crise económica e da capacidade de aguantar diante dunha crise económica e a solvencia está nos datos, a solvencia e a capacidade de perdurar nunha crise desta envergadura está nos datos e Caixanova ten sólidos e seguros datos de solvencia, non precisa de apoios. Outras entidades financeiras de toda España non van poder dicir o mesmo, pero Caixanova si e deberíamos alegrármonos disto, mostrar unha gran satisfacción de poderen dicir isto pero eu non miro esa satisfacción no banco do Partido Popular, non miro o orgullo de dicir “temos unha grande institución financeira en Vigo”. escoito falar de problemas de Caixanova? Non, de Caixanova non falan de problemas porque está en boa situación para facer fronte á crise e aí si pido que o Presidente da Xunta faga públicos os datos de Caixanova e os da institución resultante da fusión e que nos diga canto baixaría a cualificación internacional da caixa fusionada con respecto a Caixanova; que nos diga cantos vencementos de crédito vai haber nos próximos dous anos nesa entidade fusionada; con canto crédito do FROB e con cantos intereses a pagar, con que contas de resultados; que nos diga como faría fronte esa institución fusionada ás inspeccións e requirimentos trimestrais

porque iría ó FROB do Banco de España. Eses son os temas claves que non coñecemos porque a solvencia de Caixanova si que a coñecemos, si sabemos coma é, pero dende a Xunta de Galicia non nos din os datos.

Claro que algúns estudamos isto e temos a nosa propia conclusión, información e convicción: Caixanova é unha institución que aguanta esta crise, que aguantará cun proxecto de liderado dende Vigo doutras institucións de España. Esta é a clave. A clave non é si actuamos fóra, a clave é se lideramos o de fóra, a clave é que non fagamos unha fusión e se absorba a fusión enteira. A dúbida e a clave é “fagamos unha institución galega”, esa é Caixanova.

Caixanova aguanta a crise, aguanta un proxecto, pode adquirir activos fóra e seren máis poderosa do que é agora porque sería solvente, porque é sólida. Ese é o proxecto que nós demandamos: con sede en Vigo, para toda Galicia e en España. Iso é o que queremos, queremos unha sede galega dende Vigo. Digo máis, seguramente a única posibilidade que hai de ter unha sede galega, de ter unha caixa de aforros e unhas entidades financeiras galegas, é que Caixanova siga desenvolvendo o seu proxecto.

Iso é o que hai que dicir aquí. Claro que hai que falar de Galicia, pero hai que falar de Galicia dicindo que esta é unha opción seria, solvente, sólida, segura e galega. Non son máis galegos os do norte ca nós.

Resolvendo e facendo esa fusión por razóns demandadas dende outra institución e dende outra parte do territorio de Galicia, podemos rematar cunha entidade fusionada débil, que nace débil. Quero medir e estou medindo o que digo: débil.

Pero algo me sorprende de xeito excepcional, é escoitar ó Sr. Figueroa do Partido Popular falar de localismos cando se fala de Vigo. Defender Caixanova é localista? Defender unha entidade que ten presenza en toda Galicia, en toda España, en América, Norteamérica e Sudamérica é localismo? É localismo defender a Citröen? Ou defender a outras institucións do norte é xeral e defender ás de Vigo é localismo? Localismo trasnoitado defender a Caixanova? Estamos aí xa? As presións do Sr. Núñez Feijóo sobre o Partido Popular xa nos levaron aí? Xa nos levaron asumir esas argumentacións que enfadan tanto a trescentos mil cidadáns de Vigo e a medio millón de cidadáns deste territorio?

Localistas é o único que non somos. Somos xenerosos, cooperamos con toda Galicia, tiramos de toda Galicia, xeramos emprego en toda Galicia. O único que non somos é localistas. É o localismo do norte o que está levando adiante esta presión para

resolver un problema, pero a resolución dese problema pola fusión pode xerar un problema aínda moito maior porque a proba do nove volve ser a mesma, volve ser que hai unha caixa galega, dende Vigo, con futuro e cun proxecto que queremos que desenvolva porque Vigo e Galicia ocuparán máis sitio.

Acabo de escoitar ameazas a algúns dirixentes de caixas. O Partido Popular neste Pleno acaba de ameazar a dirixentes de caixas de aforro. Onde estamos? Pero isto que é? Dirixentes de caixas de aforro que foron quen de ter a maior cualificación do seu proxecto nos escenarios internacionais están sendo ameazados polo Partido Popular.

Señores do Partido Popular, quero ser moi respectuoso cos tempos e vou sintetizar. A síntese é: Non, Sr. Figueroa e señores do Partido Popular, o Alcalde de Vigo non está só, o Alcalde de Vigo ten detrás a toda esta cidade, ó seu carón e vostedes sábeno e dino nas súas conversas; saben que isto significa un grave deterioro para Vigo. Digo máis, saben que é un grave deterioro para Galicia, saben que esta institución e esta capacidade desta cidade de levar adiante o seu proxecto económico necesita de vertebración financeira porque as cousas funcionan así e esa vertebración financeira, económica, social e cidadá chámase Caixanova.

Por iso queremos manter o nome, porque é a garantía da pervivencia nesta cidade, porque cando se cambia o nome e se fusiona non vai haber fusión, vai haber absorción, habería unha absorción. Esta inmensa presión dende o norte que vemos todos os días, en todos os ámbitos, a que obedece? Por que dende aquí, dende ámbitos empresariais, de traballadores, de cidadáns e de opinión non se quere esa fusión? Porque temos un proxecto viable, sólido e solvente.

Volvo facer a pregunta: Que rating, que cualificación tería a caixa fusionada? Sairía en mercados internacionais a acadar os créditos que se necesitan nos seguintes dous anos ou non atoparía eses créditos? Se non os atopa nos teñen que explicar de onde van saír porque o FROB ten un tipo de interese do 8% e por tanto non esteamos labrando unha fusión que vaia acabar coa absorción por unha caixa externa das dúas caixas de Galicia ó mesmo tempo.

Ese non é un proxecto de Galicia, o proxecto de Galicia é atender ós números, ós datos, ó obxectivo, á solvencia e á capacidade de desenvolver un proxecto autónomo de Galicia que se chama Caixanova. Un proxecto que vai liderar ámbitos doutros sitios de España, liderados dende aquí. Iso é o que nós queremos. Non nos preocupa estar fóra, estamos sempre fóra, o que queremos é liderar dende aquí dentro e fóra e

este proxecto está liderando e vai liderar dentro e fóra de Galicia e o máis importante é que vai seguir tendo entrocamento coa industria, a economía, o comercio e os servizos vigueses. Por iso cremos que ten que seguir.

Queremos defender esta cidade. Nós, señores do Partido Popular, non nos vendemos por un puñado de votos. Vostedes véndense pola presión do seu partido en Galicia e do Presidente da Xunta que non lles deixa nin falar, que os ten silenciados e que quere levar esta operación de fusión co silencio co Partido Popular e coa súa Presidenta, Sra. Porro, como está a pasar.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Logo de escoitar ó Sr. Figueroa e agora tamén logo do escoitar a vostede, medo me dan. Teño que dicir que nestes momentos volvemos estar onde por desgracia estivemos moitas veces. Logo dos escoitar si que teño cada vez máis claro que ou hai unha alianza estratéxica entre as dúas caixas galegas, sexa da forma que sexa, sen absorcións dunha por outra por suposto, ou Galicia si que corre o risco de seren unha vez máis moeda de cambio tanto do Partido Socialista como do Partido Popular porque aquí se está falando de movementos do Sr. Blanco e tamén, eu mesmo falei, de movementos do Sr. Rato e de Caixa Madrid por un lado.

Este é o problema cando no debate non se pon por riba de todo o que é fundamental: a galegitude, o país. Como por desgracia facemos, e téño que dicir así do goberno central e da Xunta, cando xogan con Galicia e non poñen enriba da mesa o que é o máis importante: a vertebración deste país que é Galicia. Cando falo de vertebración falo tamén de vertebración económica porque fíxense nos nomes que empezaron a saír: Caixa Madrid, Caixa Andalucía. Un ve como están vertebrados eses territorios: PP por unha banda, Partido Socialista pola outra e no medio as nosas dúas entidades financeiras máis importantes. Polo tanto, medo me dan.

Se algo tiña claro antes agora o teño moito máis: hai que ir a unha alianza entre as dúas caixas galegas para fortalecernos. Eu non vou dubidar nin da solvencia, nin da eficacia de Caixanova, por suposto que non. Remítome ás palabras textuais do seu Director Xeral: José Luis Pego di ós sindicatos que non podemos seguir sós e que se traballa nunha SIP. Polo tanto, admitido isto, repito unha vez máis que é importante que os poderes públicos teñamos claro onde está o eixo fundamental.

Sr. Alcalde, vostede dá unhas accións futuribles que eu coido que hai un instrumento para evitar que é o que responsablemente o BNG fixo, que o tiña que ter feito hai moitos meses antes o Sr. Feijóo e non fixo, por agardar a ver que lle dicían o Sr. Rato

e a Sra. Aguirre e é propugnar unha nova lei de caixas galegas e nesa lei, como xa aparece no anteproxecto que o BNG presentou e que o seu trámite se admitiu por todas as forzas políticas, podemos evitar precisamente o que vostede está dicindo, que unha fusión signifique unha absorción, evitar que cun maior control público desas caixas non veña unha de fóra e nola engula, podemos ter un instrumento legislativo que permita fortalecer a nosa vertebración e o noso tecido económico.

Ós nacionalistas, ós que ás veces nos chaman non sei que cousas, o tempo ó final nos vai dando a razón. Iso mesmo é o que fixeron en Cataluña e en Euskadi: fortalecer o seu tecido e a súa vertebración económica para impedir que outras caixas de fóra viñeran engulilas. Iso é o que o BNG está a dicir, que aí está o cerne e o debate en cuestión: como protexemos o financiamento e a nosa vertebración económica en Galicia, porque Caixanova é Galicia e Caixa Galicia tamén. Aí está o tema importante, como entre as tres forzas políticas conseguímolos, deixámonos de localismos dunha e doutra banda, porque si que estou de acordo co Sr. Alcalde nunha cousa: defender a Caixanova non é seren localista, é defender tamén a Galicia por riba de todo.

A ver se nos deixamos dunha vez disto, deixamos que os tres partidos políticos que están de acordo no Parlamento debatan e traballen nesa nova lei de caixas que ten que ser o instrumento fundamental para protexer o noso tecido financeiro galego porque se non o protexemos, xa poden vir moitas caixanovas que as nosas empresas, os nosos sectores produtivos e, o que é máis importante, os nosos traballadores e traballadoras estarán ameazados e a nosa economía estará ameazada.

Non só o digo eu ou o BNG, tamén o din os tres sindicatos que son os que representan á maioría dos traballadores e traballadoras de Galicia, están de acordo en que hai que preservar a galegitude. Tamén hai números porque algúns din que coa fusión haberá moitos postos de traballo que se perderán, pero tamén hai números demostrados sobre que a non fusión pode levar tamén a moitos postos de traballo perdidos porque os servizos centrais posiblemente nunha SIP non se manterían do mesmo xeito que agora. Non sei para as outras forzas políticas, pero para o Bloque Nacionalista Galego, a opinión dos representantes dos traballadores e traballadoras é tamén fundamental. Cando os sindicatos están dicindo que si á fusión non o din porque si, dino porque o teñen estudado e avalado e porque saben, mesmo seguramente mellor ca nós, que é fundamental protexérmonos de posibles financiamentos e de posibles absorcións de fóra.

Os nacionalistas non somos máis listos ca ninguén, nin ca o Partido Popular, nin ca o Partido Socialista pero si temos unha clara diferenza: que os nosos intereses están aquí, en Vigo e en Galicia e por iso mentres outros están a falar de non sei que cuestión técnicas, nós estamos a reivindicar que non nos pase unha vez máis como nos pasou coa integración na Unión Europea, como nos pasou moitas veces historicamente a Galicia, que non nos pase unha vez máis, que saibamos protexer o noso tecido económico para protexer o noso tecido financeiro e industrial.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, coido que vostede está dando decote argumentacións da proba do nove. Repítolle, Sr. Alcalde, que as únicas argumentacións que dá vostede son única e exclusivamente de intereses persoais e partidistas. Nestes momentos o único que lle interesa a vostede por riba de calquera situación, tanto técnica como de defensa da estrutura financeira de Vigo, é única e exclusivamente o seu interese persoal electoral. Non somos nós os que o dicimos, senón que o din os medios de comunicación que vostede sabe cal é a súa valoración diante da cidadanía.

Ese é o único interese que ten vostede nesta defensa tan decidida dunha situación na que busca o rédito electoral atacando a persoas ás que non tiña nin que as nomear porque non teñen nada que ver con este debate do Pleno da Corporación e atacando tamén ó Presidente da Xunta de Galicia.

Sr. Alcalde, vostede di que non está só pero na asemblea do seu partido case andan a berros e labazadas por culpa das caixas e iso dino os medios de comunicación: “Todo o PSOE galego responderá disciplinadamente á proposta feita dende a dirección do partido” e o Sr. Vázquez di: “Apoiarei a Feijóo para que consiga a mellor solución para as caixas”, “Feijóo acorda con PSOE e BNG esperar a que as caixas decidan o seu futuro para se pronunciar”. É un acordo dos tres grupos políticos.

Sr. Alcalde, vostedes son pouco de fiar, por culpa de seu Fenosa e Pescanova non están en Galicia. Ese é o exemplo de seu, teñen exemplos de como se trasladaron os poderes de decisión de dúas empresas importantes. Botaron a Pescanova e o centro de decisións de Fenosa foise no mandato dos socialistas porque onde gobernan só levan á ruína ás institucións.

No país está pasando igual, cada día hai máis parados, vostedes non son capaces de aguantar e enfrontar a situación económica que estamos a vivir e por iso temos estas consecuencias que veñen da raíz dese problema. Non son capaces de gobernar, de

tomar decisións e por iso estamos agora nunha conxuntura e nunha situación financeira e económica complicada en todo o país e en Galicia non pode ser menos. Iso é o que está a pasar e polo tanto non son de fiar. Deixen traballar a outras persoas que demostraron e que están demostrando que cando gobernan sacan ós países, ás comunidades ou ás institucións adiante e iso é o que está facendo o Presidente Feijóo.

Durante catro anos vostedes tiveron a oportunidade de reformar a Lei de caixas, de implantalas ou de impulsalas pero non fixeron nada. O Presidente Feijóo leva seis meses e en dous meses máis terá en marcha a nova Lei de caixas. Iso é o que nos ten que preocupar e tamén a pregunta que se fixo reiteradamente aquí: as caixas, unha a unha, son capaces de aguantar? Non, teñen que facer alianzas. O Banco de España e todos os expertos recomendan as alianzas porque individualmente non poden aguantar, ese é o problema.

E o problema ó que nos está abocando vostede co seu discurso é que seguramente non teñamos nin unha, nin dúas caixas, iso é o que lle pode pasar a Vigo e a Galicia, que nos dominen os de fóra e que as decisións as tomen os de fóra. Iso é o que está provocando vostede e repito para que quede claro que é por un puñado de votos pola nefasta e negativa valoración que teñen de vostede os cidadáns, sábeo por enquisas propias e de fóra, sabémolo todos e por iso vostede está tentando manipular e confundir á opinión pública.

Non digo que a defensa de Caixanova sexa un discurso localista, digo que o discurso de seu é localista, interesado e partidista. Non manipule nin intente confundir á opinión pública.

Evidentemente que todos defendemos Caixanova e eu máis ca vostede e teño probas porque repito que cando chegamos a este goberno, na lonxa do Concello había unha oficina de Caixa Galicia por mor dun decreto dun socialista e tamén boicotearon todas as mesas de contratación porque o pazo de congresos llo querían adxudicar a Caixa Galicia. Iso é demostrable e sábeno os medios de comunicación e tamén os cidadáns e cidadás de Vigo. Ven vostede facer agora unha defensa? Pero se a vostede non lle preocupa ese tema, ese non é o seu problema. O seu problema é o outro, pero os vigueses e as viguesas son demasiado intelixentes como para os enganar, o que queren os cidadáns é unha ou dúas caixas fortes que poidan aguantar e se non poden aguantar a nivel individual, que estean as dúas unidas e que teñamos unha caixa forte para Vigo e para Galicia que é o que pretendemos todos e que non

veñan os de fóra a dominármonos e tomar decisións.

Teñen vostedes dous exemplos en catro anos: Fenosa e máis Pescanova. A Pescanova botárona a patadas e agora está en Portugal por culpa de seu, dos socialistas. O poder de decisión de Fenosa tamén está fóra de Galicia por culpa de vostedes. De que nos van dar exemplo agora? Deixen traballar ó Presidente Feijóo, nós temos plena confianza e xa verán como sacará este tema adiante porque o está facendo con rigor, con criterio e con argumentacións.

O Alcalde de Vigo está facendo todo o contrario, está atacando ó Presidente da Xunta de Galicia e a outra persoa que non está neste Pleno porque está obsesionado con ela. Esa é a única argumentación, non ten outra, non lle preocupa nin Caixanova, nin o poder de decisión en Caixanova, nin absolutamente nada. Preocúpalle o seu interese persoal e partidista, o seu interese dos votos. Non se pode poñer en risco unha estrutura financeira galega, de Vigo, por culpa dun puñado de votos. Esa é a única argumentación que ten o Alcalde de Vigo.

Sr. Alcalde, con toda a formación que ten debería darnos hoxe aquí un discurso de viabilidade técnica se quixera facer esa referencia, pero non o ten e proba de que está moi preocupado é que está vostede facendo a intervención. Está moi preocupado porque sabe que estas argumentacións son pan para hoxe e fame para mañá, sabe que a medio e a longo prazo vostede non gañará este recorrido, sábeo e por iso está tentando facer esta manipulación.

Repítolle con absoluta claridade, Sr. Alcalde, que coido que o Presidente da Xunta de Galicia está facendo un traballo serio e consensuado cos tres partidos políticos, cos sindicatos e coa patronal que o están a apoiar e esperemos que co traballo das caixas se busque a mellor decisión. Vostede non ten nin o seu partido a nivel local, que lle montan liortas porque non están de acordo con vostede; o seu Secretario Xeral dille que todos actuarán disciplinadamente e que apoiará a Feijóo.

Sr. Alcalde, cal é o seu interese? Mil, dous mil ou tres mil votos? Coida vostede que paga a pena poñer en risco a estrutura financeira dunha cidade como Vigo ou a Galicia por unha Alcaldía? Que tampouco vai conseguir. Cre vostede que se pode facer iso? Non, vostede hoxe cometeu un grave erro e proba diso é que está só diante dunha decisión transcendental para Vigo e para Galicia.

Dende logo que nós o que imos defender, como así o está facer o noso Presidente Feijóo, é a galegitude das caixas e por suposto a solvencia que é fundamental. Todos os datos din que as caixas a nivel individual non teñen futuro, non teñen

posibilidades nin de consolidarse, nin de manterse e polo tanto eu coido que diante desa situación que non hai que esquecer que nos trouxo aquí o Partido Socialista porque vostedes a nivel nacional non foron quen de adoptar as medidas axeitadas, que nos enganaron a todos os cidadáns dicindo que non había crise neste país, que era unha situación pasaxeira. Agora non pretenda darnos leccións de ningún tipo. Dende logo nós imos manter a postura a favor que xa se votou no Parlamento de Galicia en defensa da galegitude das caixas, iniciar un novo proceso dunha nova lei e tamén un acordo que se adoptou na Deputación de Pontevedra. O único que vai quedar desmarcado vai ser vostede. En Pontevedra, en Santiago e en Vigo parece que hai un principio de acordo entre as forzas maioritarias e vostede por unha cuestión persoal, individual e única e exclusivamente electoralista seguramente vai estar á marxe da posibilidade dun acordo. Que os que teñen que traballar e tomar decisións que as tomen libremente, sen coaccións.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Dicía antes que medo me dan e seguen dándome medo. Agora xa se acabou de politizar absolutamente todo. Sr. Figueroa, vostede que acaba de acusar ó Alcalde de politizar, de buscar un puñado de votos, agora vostede xa aparece e politiza absolutamente todo e entón resulta que estamos falando de vertebrar o financiamento e o noso poder económico e aparecen xa non sei cantas cousas polo medio. Normalmente é o que fan os señores do Partido Popular.

Si, ó Presidente da Xunta non lle quedou máis remedio que actuar a rebufo sempre do Bloque Nacionalista Galego, gracias a que como dicía antes nós si temos claro onde están os nosos intereses e que tivemos que propiciar que houbera inmediata e urxentemente unha nova lei de caixas, porque o Sr. Presidente da Xunta nin sabía, nin contestaba.

En definitiva e escoitando as distintas intervencións coido que queda moi claro en primeiro lugar que non se ten claro e téñoos que dicir así, con toda a humildade do mundo pero é certo. Agás o Bloque Nacionalista Galego semella que aquí non ten claro ninguén cal é o centro verdadeiro do debate que é vertebrar e protexer o tecido financeiro e económico galego por riba de calquera outra cuestión.

A segunda conclusión é que ninguén nesta intervención foi quen, agás o BNG, de poñer enriba da mesa onde están os problemas ou as dificultades para unha fusión ou para unha alianza estratéxica entre caixas galegas e ninguén puido dicir que unha ou outra sexan prexudiciais para Caixanova e para esta cidade.

A terceira conclusión é que penso claramente que defender a Vigo e a Caixanova é defender a racionalidade, a reflexión e a seriedade dunha actuación.

Dicíame a defunta da miña nai que coas cousas de comer non se xoga. Hoxe non podemos xogar co futuro económico e financeiro do noso país nin da nosa cidade, nin por intereses electoralistas, nin por votos, nin por políticas que eu cualifico de barateiras. As políticas de altura e de nivel, que son as que os nosos cidadáns piden de nós, fanse dende a reflexión, dende a profundidade e sobre todo dende a racionalidade. Non podemos xogar co futuro económico deste país e desta cidade. Sigamos todos a unha, coa Xunta abandeirando que por fin e por presión parece que quere abandeirar dunha vez, e as demais forzas políticas chegando a consensos que nos permitan manter a capacidade decisión económica en Galicia e polo tanto tamén en Vigo.

Por mor dese consenso e dese traballo o Bloque Nacionalista Galego retirara a súa moción e substitúea polo acordo que se votou unanimemente polas tres formacións políticas no Parlamento Galego.

A PRESIDENCIA: Coido que é este o momento de deixar as posturas claras, chegou o momento, o momento de decidir onde está cada grupo político, de valorar que proxectos estamos desenvolvendo en Vigo, con que futuro e onde queremos ir e todos os datos avalan a solvencia, a rigorosidade e o futuro dun proxecto financeiro que parece que para algúns ten un delito: ter a sede en Vigo. Se este proxecto financeiro tivera a sede noutro lugar de Galicia estaríamos neste momento pedindo a absorción doutras entidades por este proxecto tan serio, sólido e solvente, avalado polos datos, pola súa traxectoria e avalado polos empresarios desta cidade, os que están no día a día das empresas, os que crean emprego, as empresas que saben o importante que é ter un proxecto financeiro ó carón dun proxecto industrial, dun proxecto comercial e dun proxecto empresarial e estes son os que avalan este proxecto avalando o seu futuro nalgunha dirección.

Por primeira vez en Vigo pode haber un proxecto financeiro que lidere ámbitos de toda España, non só Vigo ou non só Galicia, porque esa unión, ese engarce de Caixanova con outras entidades sería co liderado de Caixanova e con sede en Vigo, con todos os servizos centrais da SIP localizados en Vigo. Isto é o que nós queremos, un gran proxecto financeiro galego dende Caixanova e para toda España.

A fusión dende Galicia que pide a Xunta de Galicia sería unha absorción de Caixanova

por outra institución financeira e a sede desaparecería de Vigo, perderíase a ligazón co territorio e o que é peor, insisto porque os datos o din, co risco de que ó final ó mellor non teríamos ningunha institución financeira en Galicia. Deses fusións pode saír, e que se diga cal é o rating internacional, unha debilidade e un proxecto débil de entrada e iso sábeno todos os empresarios de Galicia.

Por iso nós queremos que aquí se defenda o proxecto de Caixanova, o proxecto financeiro de Vigo. En primeiro lugar porque é serio e solvente; en segundo lugar porque é galego e en terceiro lugar porque é vigués, porque é un proxecto con futuro liderando entidades de toda España. Porque é vigués e galego e porque a seguridade de que sigamos tendo unha gran caixa de aforros galega chámase Caixanova, chámase Vigo, chámase empresa e chámase industria. Hai intereses localistas dende o norte de Galicia xogando para que dende Caixanova se arranxe ese problema e desapareza de Vigo.

Nós defendemos este país enteiro porque estamos escoitando sempre que Vigo é a cidade económica que lidera Galicia, é o proxecto económico que lidera Galicia, pero cando hai que concretar sempre escapamos e imos cara outros ámbitos.

Por isto temos todo o apoio desta cidade. Digo máis, o Partido Socialista de Galicia coincide connosco, coincide con isto que estou a dicir aquí neste momento. Aínda que non pasara iso eu seguiría defendendo esta cidade porque o Alcalde de Vigo vai defender Vigo en contra de todos aqueles que atenten contra os nosos intereses, sexan da cor política que sexan e estean nas institucións que estean, porque o noso compromiso dende esta cadeira é con esta cidade, con este territorio, cos traballadores de Vigo, cos empresarios de Vigo e dende aquí lideramos un proxecto económico e financeiro para toda Galicia e liderando ámbitos de toda España.

Caixanova vai aguantar, vai liderar e adiántolles que non haberá fusión porque a Xunta de Galicia coas presións que está a facer non vai ser quen de convencer a quen di e levanta a súa bandeira, autonomamente, sen presións políticas, ó Consello de Administración de Caixanova que xa dixo que non, ós empresarios de Vigo que xa dixeron que non e ós cidadáns de Vigo que están dicindo que non porque queren ese proxecto que dende esta cidade lidere Galicia e lidere España. Iso é o que Vigo hoxe demanda a todos os que estamos aquí, que defendamos este proxecto chamado Vigo que lidera Galicia e que lidera unha parte de España.

Por iso sabemos que nestes momentos estamos defendendo a razón, estamos defendendo os intereses desta cidade e defender os intereses de Vigo é defender os

intereses de Galicia.

O Sr. Domínguez Olveira presentaba unha emenda de substitución.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pedía que se vote o texto acordado no Parlamento Galego votado unánimemente polas tres forzas políticas. Logo non teño ningún problema en pasalo por escrito á Secretaría, pero as tres formacións coñecémolo perfectamente.

O texto é instar á Xunta de Galicia a defender que os centros de decisión das dúas caixas de aforro galegas se manteñan en Galicia e o Parlamento Galego acorda manifestar a necesidade de elaborar e aprobar unha nova lei de caixas de aforro de Galicia.

8.- (227).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A PERMITIR A CAIXANOVA DESENVOLVER O SEU PROXECTO EMPRESARIAL AUTÓNOMO, MANTER A SÚA IDENTIDADE COMO INSTITUCIÓN FINANCEIRA E O SEU ACTUAL NOME. DOC. 90172471.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de novembro de 2009, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“A actual crise económica puxo de releve as debilidades e fortalezas das diferentes institucións financeiras en todo o mundo. Así vimos como moitas institucións foron intervidas, necesitaron axudas do sector público ou están en risco das necesitar, en tanto que outras mostraron fortaleza e capacidade para atravesar a difícil situación actual.

Caixanova é unha entidade financeira con sede en Vigo, identidade propia e con percorrido financeiro constatado por todos os índices de solvencia. Durante todos os anos da súa existencia, xa fora en épocas fáciles ou difíciles, apostou decididamente pola industria e a economía do territorio, de tal modo que a identificación da economía do ámbito do sur de Galicia e Caixanova é moi elevada.

Así mesmo, Caixanova tivo unha presenza permanente en todo o desenvolvemento cultural e social deste territorio.

De todos os análises existentes, despréndese que Caixanova é unha entidade viable, solvente, con percorrido de futuro.

Neste momento, coñecemos que baralla opcións SIP, que serían avaladas polo Banco

de España e que fortalecerían o seu percorrido de futuro, mantendo a súa identidade, o seu nome como Caixanova e a súa sede en Vigo. Isto garantiría que Caixanova seguiría existindo con enormes posibilidades de ampliar a súa capacidade como entidade financeira independente co seu nome e a súa sede en Vigo e mantendo o liderado dun proxecto financeiro.

Ante a situación descrita, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia:

1.- A que non obstaculice e permita á Caixanova desenvolver o seu proxecto empresarial autónomo, estable, solvente e eficiente.

2.- Que Caixanova manteña a súa identidade como institución financeira, o seu nome actual e de xeito irrenunciábel a súa sede en Vigo.”

Ó non estaren a moción ditaminada por comisión informativa ningunha, a Presidencia somete a votación a urxencia para a súa inclusión na orde do día.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase a aprobación da urxencia e xa que logo a súa inclusión na orde do día.

VOTACIÓN E ACORDO: Con nove votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, cinco abstencións dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,
ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, instando á Xunta de Galicia a permitir a Caixanova desenvolver o seu proxecto empresarial autónomo, manter a súa identidade como institución financeira e o seu actual nome, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

9.- (228).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO DA XUNTA DE GALICIA QUE O CENTRO DE DECISIÓN DAS CAIXAS DE AFORRO GALEGAS SE MANTEÑA EN GALICIA E INSTAR Ó PARLAMENTO DE GALICIA A APROBACIÓN DUNHA LEI REGULADORA DAS CAIXAS DE AFORRO GALEGAS. DOC. 90168163.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de novembro de 2009, a voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“O estoupido da crise financeira está a provocar un amplo debate sobre o modelo de caixas de aforro en Galicia, ao que non poden ser alleas as entidades locais. Alén do seu carácter de entidades financeiras, as caixas -pola súa natureza fundacional- teñen unha vocación social e unha vinculación co territorio no que se asentan e constitúen o principal instrumento financiador da economía galega.

A situación actual de recesión económica e de dificultades financeiras fai necesaria a intervención por parte dos poderes públicos galegos na adopción dunha estratexia por parte das caixas de aforro galegas de apoio decidido aos sectores produtivos galegos, ás empresas que producen e crean valor en Galicia e, en xeral, a contribuír ao impulso da economía produtiva do país. Cómpre, polo tanto, máis que nunca a coordinación da política crediticia e de investimentos das caixas de aforro galegas, orientándoas a fortalecer os lazos co tecido empresarial galego e apoiar o financiamento dos sectores económicos estratéxicos, así como a xeración de emprego.

Por outra banda, a precipitación de acontecementos e novas sobre a reestruturación das entidades de crédito, logo da constitución do Fondo Ordenado de Reestruturación Bancaria (FROB), obriga a ter unha posición común en defensa da galegidade das caixas de aforro de Galicia, a salvagardar as competencias exclusivas que sobre as caixas de aforro se recoñecen no Estatuto de Autonomía e a adoptar decisións sen demora que garantan a solvencia das caixas galegas e a recuperación do seu papel de canalización do aforro galego cara os sectores vitais da nosa economía produtiva.

A consecución deses obxectivos obriga necesariamente a que as caixas de aforro galegas manteñan os seus centros de decisión en Galicia, mais tamén a abordar unha reforma legal pola que se reforce a función de protectorado e control público das caixas de aforro, dada a súa natureza e función social, para conectalas coa estratexia económica máis acada aos intereses económicos xerais do país; así como se mellore a transparencia no seu funcionamento, afondando nunha maior democratización dos seus órganos directivos.

Por todo iso, sométese á consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a asegurar, en uso das súas competencias, que o centro de decisión das caixas de aforro galegas se manteña, en todo caso, en Galicia.
- 2.- Instar ao Parlamento de Galicia a que aprobe unha lei reguladora das caixas de aforro galegas que asegure o seu carácter público, a democratización dos seus órganos de goberno, o seu compromiso efectivo coa economía produtiva e a creación de emprego en Galicia, así como a orientación da súa obra social cara a satisfacción das necesidades sociais e culturais reais do noso país.
- 3.- Trasladar este acordo aos grupos parlamentarios de Galicia.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, na súa sesión do do 23 de novembro, ditamina favorablemente a anterior moción.

Emenda de substitución formulada “in voce” polo Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira, durante o curso do debate:

Substituír o acordo proposto polo seguinte texto aprobado xa polo Parlamento de Galicia:

Primeiro.- O Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a defender que os centros de decisión das caixas de aforros galegas se manteñan en Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo acorda manifestar a necesidade de elaborar e aprobar unha nova Lei de Caixas de aforro de Galicia.

A presidencia somete a votación a anterior emenda do Tenente de Alcalde, Sr. Domínguez Olveira.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- O Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a defender que os centros de decisión das caixas de aforros galegas se manteñan en Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo acorda manifestar a necesidade de elaborar e aprobar unha nova Lei de Caixas de aforro de Galicia.

10.- (229).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, INSTANDO DA XUNTA DE GALICIA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DAS PISTAS DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS. DOC. 90150385.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de outubro, número de documento 90150385, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, formula a seguinte moción:

“Con data 20 de decembro de 2008, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral para o Deporte e o Concello de Vigo, a través da Tenencia de Alcaldía e a Concellería de Deportes asinaron un protocolo de cooperación para a construción de instalacións deportivas que consistía na construción dun pavillón en Candeán e a remodelación integral das pistas de atletismo en Balaídos por un montante de 6.963.953,28€, dos que o Concello de Vigo aportaría 2.070.600€ en tres anualidades para o pavillón e a Xunta aportaría 4.883.353 en catro anualidades para as pistas de atletismo.

Posteriormente a Xunta inicia o expediente administrativo para a sinatura dun convenio de colaboración entre as dúas administracións e da traslado do mesmo ao Concello de Vigo para que inicie a tramitación do seu compromiso.

En Xunta de Goberno Local realizada o 20 de febreiro de 2009, o Concello aproba o proxecto de convenio de cooperación e inicia os trámites administrativos para a construción do pavillón. Neste momento o proxecto de obra xa foi aprobado en Mesa de Contratación e está en marcha o trámite para a adxudicación definitiva da licitación da obra.

Unha vez realizadas eleccións autonómicas, o que subscribe, concelleiro de Deportes de Vigo, mantén unha entrevista co novo Secretario Xeral de Deportes, para solicitar que continúe co compromiso da anterior Xunta e que non paralice o expediente do convenio. Nesta reunión informásele tamén de que a petición do atletismo é unha demanda histórica, da importancia do atletismo como deporte base e transversal para calquera actividade deportiva e que Vigo, na modalidade do atletismo, é a cidade galega que máis aportacións fixo na historia olímpica, ademais de aclararlle que na remodelación integral das pistas se incluía entre outras cousas un módulo cuberto de 110m, cuestión que descoñecía o Secretario Xeral, polo que se deixou copia do anteproxecto para o seu estudo.

Posteriormente e logo dunhas declaracións públicas do Sr. Lete, onde anunciaba que non ía cumprir o compromiso da anterior Xunta, á petición miña como Concelleiro de Deportes, a Delegación de Atletismo realizou unha asemblea de clubs, adestradores, atletas e Federación, da que saíu unha comisión para reunirse co Secretario Xeral de Deportes e demandarlle o cumprimento dos compromisos co atletismo.

Reunida a comisión en data 16 de outubro coa representación da Xunta, o Secretario Xeral de Deportes ratifica que non vai cumprir cos compromisos da anterior Xunta e propón a creación dunha comisión técnica que “valorará se é necesario o proxecto das pistas de Balaídos”.

Por parte do atletismo se acepta a non remodelación integral e se demanda a construción dun módulo cuberto, ximnasio e novos vestiarios.

O Concello de Vigo entende que calquera modificación ao contido do expediente administrativo iniciado deberá ser estudada no marco do mesmo expediente, tendo en conta que actualmente esta administración xa está desenvolvendo o seu compromiso económico sobre dito convenio aportando a cantidade de 2.000.000€.

En base a todo o exposto o Grupo Municipal do BNG no Concello de Vigo solicita:

1.- Que o proxecto de remodelación das pistas de atletismo é unha actuación de máxima prioridade na planificación do desenvolvemento das infraestruturas deportivas do Concello de Vigo, polo cal a Xunta de Galicia debe desenvolver esta actuación dentro do marco do expediente administrativo iniciado pola Administración Galega en colaboración co Concello de Vigo, no cal o Concello de Vigo xa ten aportados 2 millóns de euros.

2.- Que a remodelación que se acometa dea resposta a dúas necesidades básicas das pistas:

- a) A práctica, adestramento e formación de todas as disciplinas do atletismo.
- b) As pistas sexan as apropiadas como referencia de competicións internacionais.

3.- Que o proxecto de remodelación co que se iniciou este expediente sexa a base que defina as necesidades elementais de actuación no complexo de atletismo de Balaídos.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 23 de novembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO PÉREZ: Na historia de Vigo o deporte escribiu páxinas moi brillantes. Todo o mundo sabe que nas Olimpíadas, o evento deportivo internacional máis importante, sempre houbo atletas, homes e mulleres galegos e galegas e presenza de vigueses e viguesas. Nelas participaron vigueses e viguesas como Carlos Pérez, Álvarez Salgado, Ramón Magariños, Manel Gayoso, Alexandro Gómez, Estela Estévez, Carlos Adán, Xulia Vaqueiro, Santi Pérez, David Gómez. Como acabamos de ver é o atletismo a especialidade deportiva con máis presenza olímpica desta cidade. Por iso, dende a miña responsabilidade coma concelleiro de Deportes, dende o inicio do mandato fixemos esforzos para que tiveran as instalacións e as pistas de atletismo que merecen os e as atletas.

Con data 20 de decembro de 2008, a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral para o Deporte e o Concello de Vigo a través da Tenencia de Alcaldía e da Concellería

de Deportes, asinaron un protocolo de cooperación para a instalación deportiva que consistía na construción dun pavillón en Candeán e a remodelación integral das pistas de atletismo en Balaídos por un montante de case sete millóns de euros, dos que o Concello de Vigo aportaría dous millóns de euros para o pavillón de Candeán e a Xunta aportaría catro millóns oitocentos mil para a remodelación das pistas de atletismo.

Posteriormente e unha vez que o expediente administrativo da Xunta se nos pasou ó Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local en data 20 de febreiro de 2009 aprobou o proxecto de cooperación e se inician os trámites administrativos para a construción do pavillón de Candeán. Nestes momentos o proxecto de obra xa se aprobou en Mesa de Contratación e está en marcha o trámite para a adxudicación definitiva da licitación da obra.

Posteriormente realizouse unha asemblea de clubs, adestradores, atletas, Federación, da que saíu unha comisión para esixir que a remodelación das pistas de atletismo se levara adiante. Nestes momentos a Xunta de Galicia non se pronunciou, non respondeu a respecto da decisión do expediente do convenio iniciado e por iso dende o BNG solicítase o seguinte: Que o proxecto de remodelación das pistas de atletismo é unha actuación de máxima prioridade na planificación de desenvolvemento das infraestruturas deportivas no Concello de Vigo polo que a Xunta de Galicia debe desenvolver esta actuación dentro do marco do expediente administrativo iniciado pola administración galega en colaboración co Concello de Vigo, no que o Concello de Vigo xa aportou dous millóns de euros; que a remodelación que se acometa dea resposta a dúas necesidades básicas das pistas, para a práctica, adestramento e formación de todas as disciplinas do atletismo e que as pistas sexan as apropiadas como referencia de competicións internacionais. Que o proxecto de remodelación co que se iniciou este expediente sexa a base que defina as necesidades elementais de actuación no complexo de atletismo de Balaídos.

SR. FIGUEROA VILA: Empezan a seren sorprendentes algunhas actuacións deste goberno intentando xustificar ou paliar a falla de xestión do Bloque Nacionalista Galego na Xunta de Galicia, neste caso en deportes.

Sr. Alonso, o que é lamentable é que a Xunta e Galicia en catro anos de goberno do Bloque Nacionalista Galego no departamento de Deportes os investimentos nesta cidade foran de cero euros. Agora a Xunta actual ten que corrixir as deficiencias e

fallas de xestión que vostedes non foron quen de levar a cabo.

Mágoa que non estea o Sr. Domínguez Olveira quen se xacta de rigor político ou de non sei que, porque el utilizou a plataforma da Dirección Xeral de Deportes para se presentar á Alcaldía de Vigo pero resulta que aquí non fixo ningún investimento. O Sr. Domínguez Olveira foi o Director de Deportes máis nefasto para Vigo da historia da Xunta de Galicia porque non fixo nin un só investimento, non gastou nesta cidade nin un só euro. Haberá que lle pedir responsabilidades porque falamos tanto da defensa da cidade en moitos aspectos e resulta que cando alguén ten a responsabilidade e o poder de decisión para tomar partido pola cidade de Vigo, esquecémonos.

De que nos vale tanto discurso demagóxico de cara á galería da defensa da cidade, de se temos un corazón, de se somos vigueses ou non sei que? Se ó final pasa o que pasa. O Sr. Domínguez Olveira cero euros de investimento na cidade. Mellor dito, uns vestiarios para o colexio público Seis do Nadal, ou unha pista polideportiva, foi o único que arranxou en dous anos e medio de xestión ó fronte do deporte da nosa cidade.

E vostedes agora veñen pedir responsabilidades á Xunta de Galicia cando asinaron un protocolo o 20 de decembro de 2008 coa Xunta de Galicia? Vostedes asinaron este convenio pero non lle puxeron a consignación que é o importante, asinan o convenio pero que quede aí. Onde está a consignación destas partidas das que vostedes falan? Non as houbo por ningures, non as tiveron, non as deixaron previstas, nin gobernando, nin sen gobernar pero agora nos veñen esixindo responsabilidades.

Evidentemente que nós lles imos votar a moción porque as pistas de atletismo as hai que arranxar pero o que hai que denunciar é a falta de xestión de seu, a súa falla de interese e a súa falla de compromiso por esta cidade. A falla de compromiso do bi-goberno da Xunta de Galicia en deportes e sobre todo do Bloque Nacionalista Galego que non investiu nin un só euro na cidade de Vigo sendo Director Xeral o Sr. Domínguez Olveira.

Esa é a realidade e por riba asinan un convenio e deixan un protocolo, pero xa sabemos o que é un protocolo e un convenio, o primeiro asínase e logo déixase sen consignación, porque se se asina un protocolo o 20 de decembro o lóxico é que se acheguen as cantidades pertinentes, pero tampouco, nos orzamentos da Xunta de Galicia non había nin unha soa partida para a cidade de Vigo. Agora vostedes nos queren esixir en seis meses responsabilidades do que non fixeron en catro anos.

Nós imos aceptarlles a súa proposta para que a Xunta de Galicia intente achegar unha cantidade para as pistas de atletismo de Vigo porque son necesarias, pero non pola xestión de seu que foi nefasta, nin polo que vostede presenta aquí, senón pola necesidade da cidade e porque evidentemente hai que as construír que xa deberían facelo vostedes e deixar a correspondente partida porque na cidade de Vigo en deportes cero dos grandes, non fixeron nin achegas, nin investimentos nos catro anos que gobernaron. Se non é así, díganme o que fixeron, coido que foi unha pista ou un arranxo de vestiarios no colexio Seis de Nadal, iso única e exclusivamente con todas as necesidades que tiña a cidade de Vigo.

Polo tanto imos votarlles a favor esta proposta polo espírito e polo fondo do tema, supoño que logo a Xunta de Galicia negociará con vostedes as cantidades correspondentes. Non pretenderá agora que en tres ou catro meses lles poñan todo o diñeiro que vostedes non puxeron en catro anos, supoño que haberá que axustar as anualidades, as fases e o que corresponda por parte da Xunta de Galicia que eu non me vou meter nesa decisión. Pero o coherente sería sentarse, ver que posibilidades hai de financiamento agora mesmo e tentar poñer a consignación orzamentaria en anos sucesivos e en fases para que as pistas se poidan levar a cabo.

SR. ALONSO PÉREZ: Non estamos analizando aquí os dezaseis anos de mandato do Partido Popular: cero euros en Vigo. Non imos entrar agora na análise pero a Xunta nos catro anos de bipartito fixo o campo de fútbol de herba sintética San Miguel, o colexio público Seis do Nadal, colexio público en Teis, colexio en Coruxo que van inaugurar vostedes... Pero este non é o motivo do debate, os dezaseis anos do Partido Popular sen facer nada en Vigo non é o motivo da análise. Estamos falando de algo concreto e de algo no que o Concello de Vigo si achegou consignación presupostaria.

O Concello de Vigo e o BNG cumprimos os nosos compromisos, dous millóns de euros para o pavillón de Candeán e este vaise facer. O que lle pedimos á Xunta e ó Partido Popular é que cumpran os seus. Iso é o que estamos discutindo e o que di a moción, non estamos analizando a historia dos dezaseis anos nefastos do Partido Popular ó fronte do deporte galego, estamos falando de algo concreto.

O protocolo que iniciou o expediente de convenio tivo o seu curso, non se quedou só no protocolo, houbo un expediente de convenio que a Xunta nos trasladou ó Concello de Vigo que en Xunta de Goberno Local acordou o investimento da nosa parte porque

nós somos serios, rigorosos, cumprimos o que dicimos e dámoslle a consignación presupostaria porque o noso compromiso cumprímolo. O único que di a moción é que a Xunta cumpra o seu, nada máis, é iso do que estamos falando.

Alégrome de que vaia votar a favor co que espero que a Xunta de seguido se poña en contacto co Concello de Vigo para continuar o expediente aberto e ó final, que é o que quere todo o atletismo e o que quixo a asemblea do atletismo con clubs, federacións e todo o mundo, que se dea remate a ese expediente facendo o que merecen que é ter unhas pistas, non só para a competición diaria, senón tamén que exista en Galicia un punto onde realizar competicións internacionais que neste momento non hai.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alonso, hai un tema que coñezo bastante ben que é o dos investimentos de deporte na cidade de Vigo e deume unha oportunidade que tamén eu vou lembrar. Do ano 95 ó 99 arranxouse todo o complexo deportivo municipal de A Madroa, con todos os campos de fútbol, os novos vestiarios e a nova bancada que está agora alí; construíronse as piscinas de Lavadores e Teis; remodelouse o complexo deportivo do pavillón do centro municipal que estaba totalmente destruído; arranxouse o complexo deportivo de Samil na súa totalidade; fíxose o campo de fútbol de herba sintética do pavillón central; arranxáronse os ximnacios do Carme e do Berbés. Todo iso con cartos da Xunta de Galicia. Coido que máis investimentos en tres anos xamais se fixeron en toda a historia de Vigo que do ano 95 ó 99. Se quere lle paso os datos porque os conservo. Falamos naqueles catro anos duns mil setecentos millóns das antigas pesetas. Están aí os datos, non é ningunha fantasía.

SR. ALONSO PÉREZ: Pobre investimento en dezaseis anos de mandato do Partido Popular pero en todo caso ese non é o debate, o debate é cumprir os compromisos. O Concello de Vigo e o BNG cumprimos o noso compromiso en canto ó convenio e ó protocolo, démoslle consignación presupostaria, os veciños de Candeán van ter un novo pavillón ó igual que os veciños de Navia que van ter un pavillón e un campo de fútbol novo e o único que pido é que a Xunta cumpra co seu compromiso de rematar co expediente do convenio e que as pistas que merecen os atletas estean á altura das circunstancias.

Se van votar a favor nada máis, alégrome e espero que esta situación se resolva o máis axiña.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Alonso Pérez, instando da xunta de Galicia o desenvolvemento do proxecto de remodelación das pistas de atletismo de Balaídos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (239).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, INSTANDO MEDIDAS PARA O ENSINO DAS PERSOAS XORDAS. DOC. 90166497.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de novembro, número de documento 90166497, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, formula a seguinte moción:

“A xordeira non é unha limitación, é unha condición. As persoas xordas poden aprender sen límite, queren recibir unha educación bilingüe en lingua de signos española e acceder a calquera lingua oral. Poden traballar e queren un traballo digno que lles permita realizarse. Poden participar na sociedade e queren que se lles dea a oportunidade do facer en igualdade de condicións. Poden comunicarse e queren un contorno accesible mediante axudas técnicas e intérpretes de lingua de signos española. Poden acceder á información e queren unha televisión subtitulada e en lingua de signos española. Poden desenvolverse como individuos diferenciados e queren recursos adaptados a cada unha das súas circunstancias (idade, sexo ou discapacidades asociadas) só necesitan os recursos axeitados.

As diversas asociacións que representan ás persoas xordas pretenden lograr un maior recoñecemento institucional, legal e administrativo e, sobre todo, a comprensión social para que o colectivo de xordos consiga a súa total integración.

En Galicia existen, oficialmente, 12.000 discapacitados de este tipo. Na práctica son 76.000 se se inclúen non só aqueles con algún tipo de certificación, senón tamén as persoas que perderon audición.

A lei 27/2007 de outubro do mesmo ano aprobou o recoñecemento unánime da lingua de signos. Sen embargo non se crearon os decretos para poñer en marcha con efectividade a lei.

O presidente da Federación de persoas xordas de Galicia (Fapxg) afirma que en lexislación, servizos sociais, laborais e educativos “aínda queda moito por facer”. Ademais necesítase máis presuposto para o rural, sen esquecer o acceso dos xordos á formación, á educación e ós estudos, especialmente de ámbito superior. Por culpa dunha mala política educativa o redor do 80% destes cidadáns son analfabetos funcionais.

Finalmente, as asociacións de xordos avogan pola inclusión dos seus órganos de representación nos estudos e informes oficiais para que “non se faga nada para as persoas xordas sen as persoas xordas”, tal e como sucede a nivel europeo.

Ante a situación descrita, o grupo Municipal do Partido Socialista presenta, para ser aprobado polo Pleno Municipal, os seguintes acordos:

Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia para que:

- Cren os decretos que permitan desenvolver a lei 27/2007
- Nos centros educativos haxa profesionais específicos que favorezan a introdución do Bilingüismo: especialistas na linguaxe de signos española e intérpretes da linguaxe de signos española
- Desenvolvemento de accións formativas e de orientación para que o profesorado dispoña de recursos e ferramentas que faciliten o seu labor docente cando teña alumnado xordo.
- Poñer a disposición del alumnado xordo espazos docentes nos que se use a lingua de signos española como medio de acceso ós contidos académicos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 23 de novembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

A PRESIDENCIA: Antes de continuar este Pleno queremos dar a benvinda a este salón de sesións a un grupo de persoas xordas que está atendendo a esta sesión e á intérprete que lles está trasladando e traducindo o debate que estamos a ter neste Pleno.

DEBATE.- SRA. LÓPEZ ATRIO: Benvido o grupo de persoas xordas que nos acompañan e que representan a moitas outras.

Comezarei a miña moción dicindo que espero que sexa aprobada por unanimidade e digo isto porque estou segura de que todos os concelleiros e concelleiras desta

Corporación estarán a favor da defensa dos dereitos das persoas xordas, en definitiva de calquera persoa, pero neste caso o que ven aquí é que a xordeira non é unha limitación, é unha condición.

As persoas xordas poden aprender sen límite, queren recibir unha educación bilingüe en lingua de signos española e acceder a calquera lingua oral; poden traballar e acceder a calquera traballo digno que lles permita realizarse; poden participar na sociedade e queren que se lles dea a oportunidade de facelo en igualdade de condicións; poden comunicarse e queren un contorno accesible mediante axudas técnicas e intérpretes de lingua de signos española; poden acceder á información e queren unha televisión subtitulada e en lingua de signos; pódense desenvolver coma individuos diferenciados e queren recursos adaptados a cada unha das súas circunstancias, idade, sexo ou discapacidades asociadas; só necesitan os recursos axeitados.

As diversas asociacións que representan ás persoas xordas pretenden lograr un maior recoñecemento institucional, legal e administrativo e sobre todo a comprensión social para que o colectivo de xordos consiga a súa total integración.

En Galicia existen oficialmente doce mil discapacitados deste tipo, na práctica son setenta e seis mil se se inclúen non só aqueles con algún tipo de certificación, senón tamén ás persoas que perderon a audición.

A Lei 27/2007, de outubro do mesmo ano, aprobou o recoñecemento unánime da lingua de signos, sen embargo non se crearon os decretos para poñer en marcha con efectividade a esta lei.

O Presidente da Federación de Persoas Xordas de Galicia afirma que en lexislación, servizos sociais, laborais e educativos aínda hai moito que facer, ademais necesítase máis orzamento para o rural, sen esquecer o acceso á formación, á educación e ós estudos, especialmente de ámbito superior. Por culpa dunha mala política educativa arredor do 80% destes cidadáns son analfabetos funcionais.

Finalmente, as asociacións de xordos avogan pola inclusión dos seus órganos de representación nos estudos e informes oficiais para que tal e como sucede a nivel europeo non se faga nada para as persoas xordas sen as persoas xordas.

Quería aclarar que ademais neste caso tiveron a oportunidade hai quince días de compartir unha mesa con estas persoas, cos seus representantes máximos, onde estaban 145 persoas, das que 140 eran xordas e 5 eramos oíntes. Era sorprendente verse cunha cantidade tan grande de persoas onde os que estabamos en minoría

eramos precisamente os oíntes, os falantes. Dime conta do descoñecemento da problemática das persoas xordas, ese descoñecemento que non é consciente para os oíntes pero é imperdoable porque a ignorancia non exime de culpa. Coidei polo tanto que era moi importante a información e a formación, pero sobre todo a información e estar ó tanto do que a Lei 27/2007, de outubro, do goberno socialista, presenta cara a solucionar o problema.

Ó igual que moito dereito internacional emanado do Consello de Ministros e no 2001 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, da declaración do Parlamento Europeo, a Lei 27/2007, do 23 de outubro, reconece as linguas de signos españolas e regula os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas con discapacidades auditivas ou xordo-cegas. Esta lei tenta emendar unha situación e propiciar ó acceso destas persoas á información e á comunicación tendo presente a súa heteroxeneidade e as necesidades específicas de cada grupo.

Na lei rexe o principio de liberdade de elección na forma de comunicación por parte das persoas xordas, calquera que sexa a súa discapacidade auditiva ou xordo-cegas, polo que se recoñece e regula de xeito diferenciado o coñecemento, a aprendizaxe e o uso da lingua de signos española, así como dos medios de apoio e comunicación oral, pero non lerei todos os puntos que a lei determina.

Na miña conversa con eles eu fun consciente de que é preciso que se poña ó dispor das persoas xordas a posibilidade de utilizar en todo momento a linguaxe de signos porque para elas é esencial, segundo me explicaron non chegan a un coñecemento profundo dos contidos se non utilizan esta linguaxe. Perden demasiado tempo tentando adquirir unha linguaxe oral na que non se acaban de integrar, coidan que é moito máis efectiva para manifestar os seus sentimentos, pensamentos ou coñecementos a linguaxe de signos.

Hai unha certa predisposición a tratar de que falen oralmente, cóidase que así se comunican mellor pero non está unha cousa na contra da outra, dende logo é defendible e totalmente asumible que a linguaxe de signos estea en todas as partes que eles precisen e sobre todo neste caso defenderíao cara ó ensino. É posible que non en todos os centros se poida levar a cabo, pero si haberá que destinar determinados espazos educativos para que estas persoas reciban o ensino con linguaxe de signos do desexaren.

Deseguido a concelleira Sra. López Atrio procede a ler a parte dispositiva da moción.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Benvida á Asociación de Xordos que está con nós, é un pracer volver velos.

Alégrome moito de que hoxe se traia esta moción aquí, presentada polo Grupo municipal Socialista e que neste caso xa anuncio que o BNG a vai apoiar. Estamos moi contentos de que non só dende un ámbito desta Corporación se estea a traballar pola accesibilidade e a igualdade de oportunidades. Coido que precisamente esas accesibilidade e igualdade de oportunidades que reivindicamos sempre dende os servizos sociais, onde nos toca levar a competencia precisamente das organizacións destas características, organizacións de persoas con discapacidade, empece a ser unha cuestión de todos, o que sempre reivindicamos desa igualdade de oportunidades que só conseguiremos que sexa unha realidade se traballamos todos a prol, todos unidos.

Quero reivindicar aquí non só a Lei 27/2007 aprobada polo Parlamento Español, senón tamén todos os esforzos que se fixeron dende a Xunta do bipartito onde precisamente previamente a esta Lei 27/2007, se levara á aprobación do Parlamento unha lei galega para regular o uso da lingua das persoas xordas, lei que se retirou precisamente á espera de que se aprobase a lei sobre a lingua de signos a nivel estatal. Reivindico aquí tamén á nova Xunta que remate o labor iniciado polo goberno bipartito, en concreto polo Grupo do BNG no Parlamento.

Hai moitas cousas que hai que seguir facendo. Efectivamente unha delas é que nos colexios tamén haxa esa accesibilidade que reivindicamos para todas as persoas con discapacidade. Dende este Concello estamos a traballar precisamente a prol desa accesibilidade e estámolo facendo en todos os campos, quizais facendo algo que ata agora non se fixera.

Tamén quero reivindicar aquí que a través do Plan Feil se fixo un investimento de 2.135.000 euros na eliminación de barreiras arquitectónicas en todos os edificios municipais. Tamén quero reivindicar que somos o único concello do Estado español que investiu tanto diñeiro en temas de accesibilidade. É certo que iso non vende, que só as persoas que teñen algún tipo de discapacidade saben o que se está a facer pero coa sociedade en xeral isto non se coñece pero coido que o importante é ir traballando ós poucos nesa liña da busca da accesibilidade a través de campañas de sensibilización como a que iniciamos hoxe en todos os medios de comunicación, onde cinco persoas con discapacidade fan as cuñas radiofónicas para reivindicar esa

igualdade de oportunidades que teñen que ter esas persoas. Fomos un dos primeiros concellos en ter unha páxina, a Triple A, que é accesible ás persoas con discapacidade sensorial. Pero non abonda, temos que seguir facendo moitas cousas máis porque levan moitos anos de atraso as persoas con discapacidade neste Concello e en todo o Estado. Non é unha cuestión de que uns poucos traballemos e outros poucos esteamos sensibilizados, é cuestión que todos e todas temos que acadar e para iso temos que ir da man.

O Concello de Vigo, dende a Concellería que me toca dirixir, vai manter o convenio que temos coas persoas xordas cuxa cantidade xa incrementamos o ano pasado para que teñamos ó dispor de todos unha persoa coma a que está agora aquí para que faga a tradución. É necesario seguir colaborando e que o resto das institucións, concretamente a Xunta de Galicia, se implique como se implicou o anterior goberno que foi quen de incrementar sensiblemente todos os convenios coa Federación de Xordos de Galicia e que foi quen de traballar a prol desa igualdade de oportunidades. Por iso é imprescindible esta implicación que se pide dende este Concello nos acordos que se presentan na moción. Coido que todos xuntos podemos acadar o que tanto falamos desa accesibilidade a todos e a todas, desa igualdade de oportunidades. Todos e todas xuntos podémolo conseguir.

SRA. LARRIBA LEIRA: En primeiro lugar amosar o apoio a esta moción do Grupo municipal do Partido Socialista, non tanto por considerar que a Xunta de Galicia non estea a facer todo o posible pola integración das persoas xordas no mundo educativo, senón porque ese é precisamente o seu propósito, a defensa dos dereitos das persoas xordas.

O Grupo municipal do Partido Popular lamenta en todo caso que o colectivo de persoas xordas que hoxe nos acompañan non nos trasladasen as súas inxedas. Seguramente coma eles estamos de acordo en que aínda hai moito que facer pero con brevidade vou expoñer o que a Xunta de Galicia está xa a facer.

Fálase de desenvolver decretos para a Lei 27/2007. É certo que moitas leis se quedaron sen desenvolver, cal pode ser o caso da Lei de dependencia ou da Lei de igualdade do anterior goberno bipartito. En todo caso o marco normativo vixente xa establece todo tipo de axudas para alumnos con necesidades específicas, a tal punto que estes colectivos contan xa con profesores específicos polo tanto xa se está a atender ós alumnos en numerosos centros de toda Galicia.

Piden tamén no texto da moción “profesionais que favorezan a introdución do bilingüismo”. Pois ben, o alumnado con gran perda auditiva escolarizado en centros de ensino dependentes da Consellería de Educación que empregue a lingua de signos na súa comunicación, poderá xa solicitar o recurso do intérprete da lingua de signos, os coñecidos como ILS. Os ILS son os profesionais que fan viable a comunicación entre interlocutores que empregan as linguas de signos e os das linguas orais. O intérprete da lingua de signos nos centros educativos é un profesional que exerce funcións de apoio á comunicación directa entre o alumnado con necesidades asociadas á perda auditiva ou xorda e os oíntes. Só hai ILS nalgúns centros educativos porque non todo o alumnado xordo emprega a lingua de signos, aínda que a nova tendencia educativa para este alumnado, como ben recolleu a Concelleira de Educación, é o ensino bilingüe.

Actualmente nos centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estase a promover e a potenciar dende as primeiras idades a aprendizaxe e emprego da lingua de signos xunto coa lingua oral para o alumnado con necesidades específicas de apoio auditivo e educativo asociadas a esta discapacidade e coas atencións específicas que requiran.

Os alumnos con perda auditiva escolarizados nos niveis educativos de Educación Secundaria Obrigatoria, ESO, contan co recurso específico do intérprete na linguaxe de signos española froito dun convenio coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.

Os ILS son persoal laboral con contrato temporal para atención total ou itinerante, segundo sexa a atención ó alumnado dun ou de varios centros. O nomeamento dos ILS para a súa disposición pola Delegación Provincial correspondente faise segundo as necesidades.

A atención educativa a través do ensino bilingüe realízase combinando as atencións na aula ordinaria, no gran grupo con atencións educativas específicas recibidas de xeito personalizado, individual ou en pequenos grupos.

Actualmente nos centros educativos ordinarios estase a priorizar o ensino bilingüe, isto é, a lingua de signos e a lingua oral para todo o alumnado con gran perda auditiva ou xordo para que dende as idades máis temperás aprendan conxuntamente as dúas linguas básicas de comunicación. Isto ocorre logo dunha etapa na que se priorizaba a atención educativa a este alumnado a través do ensino da lectura labial e lingua oral, non ensinando a linguaxe de signos, o que supuxo un limitado emprego

da mesma ata idades adultas. Hoxe hai un cambio de concepción e recoñécese no contorno educativo a necesidade de ensinar o emprego de diversos recursos, linguaxe de signos e oral, lectura labial, etc., recursos que faciliten as necesidades derivadas da perda auditiva na adquisición e emprego da linguaxe e a comunicación. Segundo a última información do mes de marzo das Delegacións Provinciais da Consellería, o número de ILS na provincia de Pontevedra é de dous á espera de incorporar un terceiro. Os centros con ILS na provincia de Pontevedra son tres e na cidade de Vigo un, o CEIP Escultor Acuña.

Na exposición dos acordos que propón a súa moción fálase tamén do desenvolvemento de accións formativas e de orientación para o profesorado. Pois ben, a Consellería neste momento pon ó dispor, tanto dos centros ordinarios como das aulas e centros específicos, os debidos recursos humanos, materiais e tecnolóxicos. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ten asinados convenios de colaboración coa Fundación ONCE de tal xeito que esta Fundación achega ós centros educativos dependentes da Consellería material de apoio, formación para o profesorado e recursos humanos. Aquí podemos incluír ós docentes, ós psicolóxicos e ós orientadores, para o apoio a este alumnado.

A Consellería pon tamén a disposición da Fundación ONCE un determinado número de docentes que desenvolven tarefas de apoio nos centros que a Fundación ten nas catro provincias galegas. Ademais a Consellería de Educación promove a formación na lingua de signos nos centros onde están escolarizados os alumnos que as empregan. Non só se destina esta formación ó alumnado con perda auditiva, senón a todo o profesorado dos centros.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos destina partidas orzamentarias para que en cada centro e de acordo coas necesidades específicas de cada alumno ou alumna adquiren o material e os recursos tecnolóxicos precisos. En todo caso a petición dos centros deberá achegar un informe previo do equipo de orientación e avaliación pedagóxica e o visto e prace da Inspección.

Ademais do dito o material que proporciona a Consellería de Educación a través da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e o convenio de colaboración coa Fundación ONCE, existen bolsas de carácter estatal que este alumnado pode solicitar para cubrir as súas necesidades de escolarización e apoio.

Por último a moción propón: “Que se poña a disposición do alumnado xordo espazos docentes nos que se use a lingua de signos española como medio de acceso ós

contidos académicos”.

A este respecto o Grupo popular quere lembrar aquí que en Galicia existen tres centros de recursos específicos para a atención do alumnado xordo; dous na provincia da Coruña e un na de Lugo. Nestes centros poden cursar os alumnos e alumnas con necesidades específicas os seus estudos de forma combinada, é dicir, parte da materia en centros ordinarios e parte nestes centros.

Outra parte do alumnado en centros de apoio nos que reciben sesións adicionais de linguaxe, pedagogía, etc. Ademais este alumnado pode recibir apoio complementario nos centros da Fundación ONCE. Como norma xeral para o alumnado con necesidades especiais e escolarizado en centros ordinarios, o obxectivo fundamental é favorecer a súa integración co resto dos estudantes, a súa normalización escolar, do mesmo xeito que fóra do ámbito educativo. Só nos casos nos que sexa imprescindible, ben polas necesidades especiais do alumno ou alumna, ben polo emprego de recursos didácticos extraordinarios de difícil xeneralización, optárase pola escolarización en aulas ou centros específicos de educación especial. En todo caso e aínda que o alumno asista a un centro específico de educación especial, está recomendada a escolarización combinada en centros ordinarios precisamente para garantir esa normalización escolar.

SRA. LÓPEZ ATRIO: É sorprendente a cantidade de cousas que é quen de facer a Consellería de Educación dende que están vostedes. Tal e como se expresa semella que todo iso se acordou dende que chegou o Partido Popular á Xunta de Galicia. Pero non.

A expresión de todo o que di que está non chega a nada e o que fixeron dende que chegaron tampouco puido ser nada porque realmente non houbo tempo nin para pensar cantas cousas habería que facer.

Eu solicitaba o desenvolvemento da Lei 27/2007. Esta lei ten moi pouco tempo e unha vez que pasa polas diferentes comunidades autónomas tense que desenvolver. Vostede di que hai tres centros, que hai tres persoas pero iso non dá solución a 12.000 persoas xordas. O que estou solicitando é unha atención axeitada para as necesidades das persoas xordas, non podemos contar cun centro aquí, outro alá, dúas ou tres persoas que ademais son itinerantes ou cousas polo estilo.

A presente Lei 27/2007 tenta emendar esta situación e propiciar o seu acceso á información e á comunicación tendo presente as diferencias que existen. Non é

necesario que as persoas xordas estean fóra de centros ordinarios; o que é necesario é que sexan atendidas por persoal suficiente, por profesorado normal ou persoas que coñezan a linguaxe de signos para unha interpretación correcta. As dúas cousas, mesmo a linguaxe oral, se o desexan, deben ser atendidas nos centros normais e non en centros especiais.

Por outra banda na Lei rexe o principio de liberdade de elección. Se damos elección temos que dar recursos, non é posible cunha, dúas ou tres persoas resolver todas as necesidades porque ademais nun só centro que neste caso podería ser o Escultor Acuña de Vigo, precisaría de varios intérpretes porque son varias aulas e bastantes nenos con este problema. Polo tanto necesitaríamos moitos máis intérpretes e persoas que traballen neste ámbito.

A lingua non é unha sinxela manifestación de liberdade individual, senón que transcende ós ámbitos persoais e convértese nunha ferramenta ineludible para vida na sociedade, ademais do facer no ensino, precisa dunha atención a nivel social.

É certo que en Vigo se están a facer por parte de Benestar Social actividades ó respecto, pero as temos que aumentar e coa responsabilidade que lle toca á Xunta de Galicia, non podemos agardar que todos os problemas se solucionen polos concellos. A Xunta ten que aportar a súa parte correspondente e isto vaille supoñer só en Educación un incremento lóxico de gasto porque por riba non se pode reducir o profesorado e agardar atender as necesidades especiais.

O obxecto desta lei é recoñecer a lingua de signos española como a lingua das persoas xordas, que a poidan utilizar e poñan ó seu dispor os medios, os recursos, as persoas que necesitan para a poder utilizar. Coido que ademais os servizos de atención ó alumnado universitario tampouco están atendidos, precísase axuda porque sen dúbida, sen a linguaxe de signos as persoas xordas quedan limitadas na súa capacidade de adquirir coñecementos, de expresarse social e intelectualmente. Coidamos que estas persoas xordas, que teñen todo o dereito do mundo a desenvolverse ó máximo, reciban a axuda que precisan e nada mellor que contar con elas, contar coas asociacións e coas persoas que as representan para decidir que hai que facer e sen eles non facer nada e considerar que xa está feito.

Eu quedei moi sorprendida pola falla aínda de recursos e medios que estas persoas teñen actualmente, no século XXI, e nestas posibilidades que a sociedade lles ten que prestar. Polo tanto coido que a mellor maneira de resolver todos eses problemas, ademais das propostas que se fan nesta moción, é preguntarlles a eles mesmos que

é o que demandan, que é o que necesitan, cales serían as solucións que se deberían achegar para lles solucionar os problemas.

Coido que son estes medios suficientes que podemos empregar, tanto en emprego, como en saúde, como en cultura ou transportes. Eles diranos con toda claridade que é o que necesitan e seguro que non se van pasar en absoluto pedindo, sinxelamente pedirán os seus dereitos.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Nada máis que engadir agás que efectivamente temos un órgano de participación onde xa están participando as persoas xordas que é o Consello Municipal de Accesibilidade que se está reunindo cada catro meses e é precisamente aí onde se acorda practicamente todo o que se está a facer dende a Concellería que me toca dirixir.

Aí se acorda o Plan de Investimentos Municipais, a campaña de sensibilización que hoxe mesmo poñemos en marcha e aí se acorda celebrar o día 3, aproveito para facer un chamamento dende aquí, porque ese día é o Día Internacional das Persoas con Discapacidade, un chamamento a todos os corporativos e ó público presente para que participen porque é un día grande, porque ese día imos realizar unha serie de labores de sensibilización á sociedade en xeral e imos estar aí presentes. Dende aquí quero facer un chamamento para que todo o mundo acuda porque esa é a maneira de sensibilizar e de apoiar verdadeiramente ás persoas con discapacidade.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sra. Méndez, indebidamente por erro da Presidencia dinlle a palabra, seguramente polo proceso mimético da quenda anterior na que intervimos dese xeito especial.

Sra. Larriba, ten a palabra e pode usar algún tempo máis como compensación.

SRA. LARRIBA LEIRA: Eu queredría pedirlle á Concelleira de Educación que preste atención ás miñas intervencións porque me está a contestar cousas que xa clarexei na miña anterior exposición.

Non repetirei novamente todas as argumentacións que din con respecto á integración dos alumnos en aulas ordinarias, en porcentaxe de persoas xordas que dominan a linguaxe de signos, en recursos tecnolóxicos. Só vou dicir que o PP está a traballar a prol das persoas xordas como xa fixo cando tivo a oportunidade de gobernar en Vigo durante a lexislatura anterior que contou en todo momento coa

Asociación de Vigo coa que houbo sempre moi boa comunicación.

Voulle lembrar que no goberno anterior o Partido Popular proporcionou á Asociación de Xordos de Vigo un local, local que viñan reclamando dende hai moito tempo, axudóuselles a realizar as obras precisas para a habilitación dese local. Ademais dun convenio que xa existía coa Concellería de Benestar, fíxose un convenio a maiores coa Concellería de Participación para a integración dos xordos en todas as actividades, de xeito que puideran participar con plena autonomía. Pero lle vou dicir tamén que dende outras instancias o Partido Popular está a apoiar ó colectivo de xordos como é dende a Deputación Provincial onde o programa “Nós tamén podemos” está a buscar a súa integración laboral.

Polo tanto insisto en que estamos de acordo en todo o que hai que facer e polo tanto imos apoiar esta moción pero non se debe esquecer a tarefa que dende a Xunta de Galicia, dende o Concello cando o Partido Popular tivo a oportunidade e agora dende a Deputación estase a facer polo colectivo de persoas xordas.

SRA. LÓPEZ ATRIO: Sra. Larriba, atendo perfectamente ás súas suxestións e á súa exposición, pero ten que recoñecer que hai moito que facer e que as axudas puntuais non resolven. As que resolven son as leis e a Lei 27/2007 é a lei que hai que desenvolver en todas as comunidades autónomas e polo tanto está enriba da mesa e é responsabilidade da Xunta levala adiante en todos os aspectos contemplados nela. Asegúrolle que iso é o que queremos, o desenvolvemento pleno en educación, transportes, medios de comunicación, saúde, xustiza, en todos eses ámbitos precisa do seu desenvolvemento.

As que me conta son puntualidades. É certo que canto máis mellor pero neste caso é unha lei que abrangue todos os aspectos das persoas, non se pode limitar a unha axuda puntual dun espazo, que está moi ben, senón de todas as necesidades.

Polo tanto eu sigo solicitando o mesmo. Xúrolle que atendín perfectamente a todo o que me dixo pero tamén lle aseguro que nos centros educativos non hai nin por asomo suficientes, nin sequera poucos senón que practicamente ningunha persoa que sexa intérprete e iso teno que contemplar a Consellería de Educación, tenas que pagar coma profesorado que asiste e atende a estas persoas.

Non pedimos lembrar nin facer, non, agora temos unha lei, desenvolvámola. Sei que a van apoiar porque é lóxico, é importante e queremos que así o fagan. Estaba convencida de que ninguén aquí se podía opoñer a este desenvolvemento e por

suposto espero que esas tres instancias que lle facemos á Consellería, que son que cren os decretos que permitan o desenvolvemento da Lei 27/2007, que nos centros educativos haxa profesionais específicos que favorezan a introdución do bilingüismo, que se faga o desenvolvemento de accións formativas e de orientación para que o profesorado dispoña de recursos e ferramentas que fan moita falla porque non somos quen de nos entender axeitadamente coas persoas xordas; e poñer ó dispor do alumnado xordo espazos docentes nos que se use a lingua de signos porque non os hai para aprender todo o que hai que aprender, nin na Universidade, nin nos centros educativos, nin nos espazos culturais como museos, lugares de conferencias, etc. Queremos o desenvolvemento pleno desta lei e que a Consellería o faga.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. López Atrio, instando a adopción de medidas para o ensino das persoas xordas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (231).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Ó MINISTERIO DE FOMENTO UNHA SOLUCIÓN PARA OS VECIÑOS DE TEIS AFECTADOS POLAS EXPROPIACIÓNS DO AVE. DOC. 90123743.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 20 de agosto, número de documento 90123743, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“O 24 de xullo de 2008 acordouse a suspensión do proceso expropiatorio dos terreos afectados pola entrada da Alta Velocidade á cidade por mor dun cambio no trazado, unha vía en superficie substituíuse por un túnel de máis de 8 quilómetros dende As Maceiras ata a estación de Urzáiz. Este novo trazado significa que xa non eran precisos os terreos dun grupo de veciños de Teis.

O 27 de xaneiro aprobouse definitivamente o estudo informativo complementario do acceso norte a Vigo, neses momentos queda pendente a aprobación do proxecto construtivo, aprobado finalmente no día de onte. Esta última fase permite a continuación do proceso expropiatorio, é dicir, os trámites administrativos

demandados polos afectados. Polo PSOE e o señor Font manifestouse que “a próxima semana (polo mes de xullo) os afectados recibirían unha comunicación do Ministerio de Fomento, tal e como o alcalde lles anunciara, indicando a posibilidade de reversión ou seguir adiante co proceso expropiatorio. No Pleno deste luns os veciños expuxeron que non se fixeran as xestións comprometidas, proba de que iso non é certo é o resultado coñecido hoxe, dende o Concello instouse ao Ministerio de Fomento para que os trámites foran o máis rápido posible e ademáis que se permitira a reversión da situación expropiatoria, que de non ser esixida polo alcalde non se tivera producido”.

O Partido Popular cre que é un atrevemento que o Goberno local considere que cumpriu cos veciños, cando estes estaban esperando una solución tantas veces prometida polo alcalde que, unha vez máis, volve darlles as costas. Máxime cando do dito polo Sr. Font e o PSG-PSOE nada de nada.

Asemade, este é o inicio dun proceso complexo e longo, que prexudicará, única e exclusivamente, ós veciños afectados de Teis que tantas veces se sacrificaron pola cidade.

Por isto entendemos que a Corporación e o Alcalde ó fronte debe de prestar todo o apoio prometido aos veciños e veciñas, incluído de ser preciso o apoio xurídico prometido no seu día polo Alcalde, e dende logo non deixar desamparados os cidadáns afectados.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que por parte do Pleno da Corporación se inste ó Ministerio de Fomento do Goberno de España a fin de que no prazo máximo de dous meses a contar dende a aprobación da presente moción se dea unha solución ós veciños afectados pola expropiación do Ave en Teis.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 31 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIDALGO IGLESIAS: Aínda que seguimos co costume de debater as mocións con dous ou tres meses de atraso xa que esta moción se presentou no mes de agosto, aínda segue de actualidade porque desgraciadamente os veciños e veciñas de Teis afectados polo trazado do AVE seguen vivindo e sufrindo esta historia que é a dunha grande chapuza ademais dunha enorme inxustiza.

Para lles refrescar a memoria voules falar da historia dunha das afectadas, Silvia Fernández.

Silvia vivía nunha casa de dous andares no barrio de Teis e no mes de outubro de 2006 recibiu unha carta certificada do Ministerio de Fomento, nela comunícanlle que a súa casa, na que vivía co seu home e cos seus dous fillos pequenos, ha ser

expropiada forzosamente porque por alí vai pasar o tren de alta velocidade que virá da Coruña.

Como non eran os únicos ós que lles afectaba o trazado (nove vivendas e unha centea de fincas) deciden agruparse e pedir unha entrevista coa súa alcaldesa, a de todos os vigueses. Chegaron á reunión co medo lóxico de deixar atrás unha gran parte da súa vida pero ela lles proporcionou axuda para facer as valoracións das súas propiedades, asumindo as taxacións dos afectados para así lle evitaren gastos innecesarios a este colectivo. Así foi como coñeceron a Roberto, o seu perito, que aínda hoxe está con eles defendendo os seus intereses xunto a Paco e Benito, os seus avogados.

Ela ofreceulles terreos municipais para construír unha nova vivenda: en Teis fronte ó ambulatorio, en San Andrés de Comesaña, uns pisos na rúa Anduriña, outros en Rosalía de Castro. Entón lle ordenou tamén ó Xerente de Urbanismo, D. Xabier Rivas, que se reunise as veces que fixera falta con eles, cos seus avogados e coa Asociación Veciñal de Teis e así o fixeron.

En marzo de 2007 recibe outra carta do Ministerio de Fomento, era a valoración da súa vivenda, a folia de aprecio. Pero Silvia e outros catro propietarios non están de acordo co que lles ofrecen; hai unha diferenza en total de 840.000 euros e, malia seren coaccionados para que acepten, deciden que os seus expedientes se envíen ó Xurado Provincial de Expropiación e que alí decidan un prezo xusto.

Volven ver á súa alcaldesa e ela, entre outras xestións, envíalle unha carta á Ministra de Fomento, D^a Magdalena Álvarez, na que lle pide que revise as valoracións realizadas adaptándoas ós prezos de mercado para que lle permitan a Silvia e ó resto de afectados adquirir unha vivenda semellante.

Silvia Fernández e o resto dos afectados, que nunca se negaron a que o AVE pasara polas súas propiedades porque era bo para a cidade, estaban agradecidos coa súa alcaldesa e esperanzados con que finalmente a indemnización á que tiñan dereito lles permitise empezar unha nova vida noutro lugar. Pero os acontecementos se precipitan e cedo reciben unha demanda de desaloxo e un diñeiro entregado a conta da valoración final polo que se ve obrigada a pedir rapidamente unha hipoteca e mercar un modesto piso nunha parroquia no Concello de Baiona.

Pasan os meses e o que era un desaloxo urxente nunca se chega facer efectivo. Piden reunirse co alcalde pero non os recibe e Fomento e os seus representantes, a empresa Omicrón, non envían os expedientes ó Xurado de Expropiación polo que

non lle acaban de pagar nunca o que merecen e ademais as mensaxes que escoitan de posible cambio de trazado fan que os veciños comecen a desconfiar.

O PSOE non lles fai caso, pero tanto o Partido Popular como o Bloque Nacionalista galego fan preguntas no Congreso e no Senado para coñecer a súa situación e ademais permiten que comparezan no Pleno da Corporación o 30 de xuño de 2008 onde por unanimidade se acorda entre outras cousas instar ó Ministerio de Fomento a iniciar negociacións cos propietarios que, como consecuencia do procedemento expropiatorio iniciado, realizaron gastos económicos.

En agosto de 2008 notifícanlle a Silvia que suspenden o proceso expropiatorio ata novo aviso porque se está estudando un novo trazado de entrada do AVE. Aínda que recorren por vía administrativa, o Alcalde non os quere nin ver. Como pasa o tempo e seguen sen saber que vai pasar con eles, volven comparecer no Pleno o 26 de xaneiro de 2009. Aí o Alcalde saca peito para lles dicir textualmente: “Quérolles dicir que a partir de agora si que imos actuar, porque este é o momento, o momento no que se vai proceder á revisión de todas as instancias de expropiación. Este é o momento no que lles quero dicir que van ter continua e sistematicamente ó Alcalde ó seu carón dende a comprensión da dificultade e do sufrimento que supón seren afectado por unha expropiación e sobre todo se ten que ver co domicilio, coa casa na que se vive, en suma, coa familia e coa vida. É doloroso que alguén vexa que a súa vivenda habitual, na que leva vivindo vinte ou trinta anos, cal era o caso que me contaron cando estiven reunido cos afectados que me pediron que non houbera lugar ás expropiacións (*esta reunión foi antes das eleccións municipais*). Agora que non vai haber expropiacións hai que resarcirilles de danos e perdas, de problemas e de sufrimentos. Nese procedemento e a partir de agora mesmo van contar vostedes con todo o apoio do Alcalde, político, moral e persoal”.

Mes e medio despois o Alcalde por fin os recibe e garántelles que en dez días vai solucionar o seu problema, que vai haber expropiacións á carta. Pero xamais volveu recibilos. Faino un membro do seu Gabinete no mes de xuño.

O 3 de setembro de 2009, Silvia e o resto de afectados recibe unha carta de Fomento na que lle din que a súa casa xa non é necesaria pero nada máis, non sabe que vai pasar con ela.

Silvia perdeuno todo en pouco tempo. Primeiro a súa casa en Teis, despois o seu home cae gravemente enfermo como consecuencia da expropiación, deseguido perde tamén o seu matrimonio e moi pronto o piso en Bahiña xa que non pode

afrontar a hipoteca porque está no paro e só cobra 400 euros. Tampouco pode regresar á súa casa en Teis porque os *okupas* a escachizaron.

A esta persoa, coma a outras moitas do colectivo, arruináronlles totalmente a vida. Por iso este grupo político insta ó Pleno da Corporación a que antes de finais do ano urxa unha reunión entre Fomento, Concello e afectados para rematar definitivamente con este problema e que se lles aclare a situación a estes veciños.

SR. LÓPEZ FONT: Non sei se o que pretende o Sr. Fidalgo é solucionar este problema ou facer unhas reivindicacións doutro tipo.

En primeiro lugar Sr. Fidalgo, débolle afirmar e reafirmar que dende o primeiro momento o Alcalde e o goberno municipal prestou dentro das súas posibilidades apoio ó colectivo. Dende o primeiro momento estivemos de acordo co inxusto da situación para os afectados, tivemos en conta a reivindicación do colectivo solicitando a posibilidade da reversión das súas fincas, como así se lle trasladara ó Sr. Caballero cando era candidato á Alcaldía de Vigo.

O que foi unha chapuza, Sr. Fidalgo, foi o trazado inicial do AVE. A nós como goberno tampouco nos importa o que aconteceu anteriormente, senón que dende o primeiro momento tratamos de apoiar ás persoas que se atopaban nesa situación.

Polo tanto en todo o relato que vostede fixo das datas en que o Sr. Caballero era Alcalde de Vigo, todo iso cumprímolo en canto á presión sobre o Ministerio de Fomento e en canto ó intento de solucionar a situación destas persoas. O que é evidente é que tivemos que loitar cunha maraña xurídica de situacións nas que evidentemente non podíamos facer nada. Ata que non se cambiou o trazado e non estivo o proxecto construtivo non podía haber resolucións do Ministerio de Fomento e dixémosllo ós afectados porque estivemos en continuo contacto con eles.

O que dixo o Alcalde aquí, nas dúas comparecencias da Comisión de Afectados, trasladouse puntualmente ó Ministerio de Fomento. O Alcalde e os Concelleiros que intervimos neste tema efectivamente lle pedimos ó Ministerio de Fomento que, dada a situación excepcional de que se trababa, houbera un proceso “á carta” para cada un dos afectados, que quen quixera a reversión da súa finca puidera optar, que quen quixera ir ó Xurado de Expropiación puidera optar e que as indemnizacións foran tomadas en consideración. Polo tanto este foi o traballo do Alcalde e dos concelleiros ós que nos encargou este tema.

É totalmente certo que a resolución do Ministerio de Fomento establece unha

distinción entre os que optaron polo mutuo acordo e os que non o aceptaron e lamentámolo moito. Eu non vou facer aquí un relato sentimental como fai vostede, non me vou aproveitar da situación na que se atopan as persoas porque nos corresponde solucionar este tema politicamente. Non entramos en argumentacións xurídicas, estamos en desacordo coa resolución do Ministerio de Fomento independentemente das opcións que manexaron cada unha das persoas que se viron inmersas nestas cuestións.

Non xulgamos se deberían ter asinado a acta de mutuo acordo ou non, pero neste sentido nós trasladamos ó Ministerio de Fomento a reivindicación de que se atendera ás persoas que se atopaban nesta situación, comprometemos un apoio xurídico que prestamos e unha vez que legalmente estas persoas tiveron unha comunicación, o que trasladamos ó Ministerio de Fomento e levamos moito tempo traballando nisto é o noso total apoio ó recurso de reposición que presentaron as persoas que se atopan nesta situación. Recurso que maxino que vostede coñece perfectamente.

É totalmente certo que no Ministerio de Fomento, como consecuencia da chegada do Sr. Blanco, cambiaron determinados directores e subdireccións xerais e é certo e pódolle asegurar a vostede, ós concelleiros e ás persoas que están neste Pleno que por parte do Tenente de Alcalde, por parte do Alcalde e das dúas formacións políticas que representan estamos decididamente facendo todos os esforzos porque diante da excepcionalidade da situación o Ministerio de Fomento atenda literalmente o recurso de reposición que presentaron as persoas que se atopan nesta situación.

Nese sentido e unha vez centrado o tema xuridicamente o Alcalde encargoume persoalmente as xestións relacionadas co Ministerio de Fomento para unha vez que tivésemos a diagnose da situación que nos ofrece o Ministerio de Fomento, poder recibir ó colectivo e que o Alcalde de primeira man lles explique cal é a solución.

Debo recoñecer que xuridicamente estamos nunha situación comprometida porque hai un acto administrativo pola parte do Ministerio de Fomento e pódolle garantir, Sr. Fidalgo, que estamos con toda a vontade política para vencer estas argumentacións políticas, con toda a vontade deste goberno e o compromiso e empeño persoal do Alcalde para que dende o Ministerio de Fomento se admita isto coma unha situación excepcional e se admita o que o Alcalde trasladou ó colectivo e ó Ministerio de Fomento. Ese é o noso posicionamento, que os afectados poidan escoller a opción en canto á expropiación, ben a reversión ou o inmediato envío do expediente ó Xulgado de Expropiación.

Presentamos un texto alternativo en nome do goberno que mesmo incide máis que o seu e que é conxunto dos dous voceiros, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Quérolle trasladar o noso pesar como goberno porque esta situación se vaia alongando. Pódolle asegurar que estamos traballando resoltamente para solucionar este problema.

Para que precisamente aquí, no Pleno do Concello de Vigo, quede de xeito nítido un maior compromiso pola nosa banda, propoñemos un engadido ó texto de seu que sería o seguinte: "A continuación, apoiando o contido do recurso de reposición presentado, dada a situación de excepcionalidade que este proceso expropiatorio tivo como consecuencia do cambio de trazado". Ese recurso de reposición é o que presentaron as persoas que se atopan nesta situación, é o noso posicionamento político e persoal en canto a compromiso cos cidadáns de Vigo por parte do Alcalde e esperamos que conte coa aprobación do Partido Popular. Non se trata de ningunha novidade, nin de que unha parte da moción sexa máis importante ca outra, pero si coidamos que potencia o compromiso que estamos a ter.

Insisto no traballo que estamos realizando, espero que en poucas datas se poida resolver isto pero lles garanto a todos que nós, no que é a relación institucional co Ministerio de Fomento, estamos pedindo, esixindo e trasladando literalmente o que estas persoas integradas na comisión nos están a solicitar.

Polo tanto pasaremos este texto complementario, asinado polos dous voceiros, do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, esperando contar coa aprobación do Partido Popular.

Durante a súa intervención o Sr. López Font foi interrompido varias veces por berros do público asistente á sesión.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Saudamos ós veciños de Teis que están defendendo aquí unha xusta reivindicación.

Efectivamente e sen que sirva de precedente, por unha vez o BNG concorda neste Pleno co Partido Popular porque con estas persoas, coas persoas afectadas de Teis, estase cometendo unha grave inxustiza. Esta xente leva traballando, reivindicando e non está sendo atendida pola administración, neste caso polo Ministerio de Fomento, dende hai máis de tres anos.

Efectivamente dende hai ano e medio xa se falou neste Pleno da necesidade de que

se chegase a unha solución, de que se buscasen os mecanismos precisos para que os veciños afectados de Teis tivesen o que por xustiza lles corresponde. Sabemos que o proceso que se dá nestes momentos a nivel administrativo no Ministerio de Fomento é confuso.

Neste intre se produce unha pequena interrupción debido á indisposición dunha persoa asistente no salón, ordenando a Presidencia que se avise ós servizos médicos do Concello.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Sinto o que acaba de acontecer. Evidentemente a tensión dos veciños é terrible e é lóxico que estean moi preocupados.

Diciamos que efectivamente os veciños e veciñas de Teis logo de ano e medio seguen sen solución, que o proceso é confuso e así o entendemos.

Dende o principio temos que dicir que o BNG se implicou cos veciños e veciñas de Teis. No Parlamento a Deputada, D^a Olaia Fernández, presentou preguntas e interpelacións ó respecto do tema de Teis; tamén que o Tenente de Alcalde os recibiu en varias ocasións para escoitar as súas xustas reivindicacións.

O día 30 de outubro de 2009 recibía un correo electrónico polo que nos dicían os veciños de Teis: “Seguimos igual, esperando unha vez máis por promesas incumpridas”. O día 27 de novembro volvíñ recibir outro correo electrónico. Tivemos unha reunión o día 6 de novembro co responsable do Partido Socialista, Sr. López Font, que quedou de dármonos unha resposta.

Neste tempo morreu xa unha persoa, unha muller que agora deixa coma herdanza ós seus familiares unha vivenda expropiada sen indemnizar e agora os seus herdeiros teñen que procurar cartos para seguir loitando contra unha inxustiza que levou á súa nai á morte cando a súa saúde precisaba de tranquilidade.

Esperamos esta vez que os nosos políticos cumpran co prometido. Esta é a realidade dos veciños de Teis e é do que temos que seren conscientes. Ós afectados de Teis só lles quedan quince días para meterse nun contencioso coa administración, co Ministerio de Fomento, e todos sabemos o que significa iso. Efectivamente ó mellor dentro de dez anos os seus herdeiros acordan que teñen dereito a unha xusta reivindicación pero mentres, que vai acontecer con eles?

Coma administración temos que implicarnos e neste caso tamén dende o BNG pedímoslle ó Sr. Alcalde que utilice as influencias que di ter en Madrid co Ministerio

de Fomento e que as utilice para que a isto se lle dea unha solución, que non só as utilice para outras cousas, que as utilice para que verdadeiramente se cumpra cos veciños de Teis, coa xustiza que nestes momentos non se está a dar.

Apoiamos, apoiaremos e imos seguir apoiando onde faga falla, no Parlamento do Estado español ou neste Concello as reivindicacións dos veciños de Teis e que saiban que o BNG sempre estará con eles.

A PRESIDENCIA: Moitas grazas, Sra. Méndez, non se preocupe que esas accións xa están sendo levadas adiante. Eu esperaba que o BNG tivera algunha posición autónoma de facer algo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Se estamos todos de acordo en que lles hai que solucionar estes problemas ós veciños de Teis, non entendo como levamos xa debatendo neste Pleno practicamente un ano e medio e seguimos no mesmo punto de partida, en que están traballando niso pero non se ve ningún resultado. Vemos que os días pasan e o problema lévao cada quen dentro da súa familia.

Falaba eu de Silvia porque xa non podo falar doutras persoas coma Margarita da que xa se falou aquí e que estivo no Pleno de xullo do que foron desaloxados estes veciños e suspendeuse o Pleno durante vinte minutos. Ela dicía en “La Voz de Galicia”: “Eu non marchou de aquí ata que non me aboan os cartos”. Esta era Margarita López quen xa non está entre nós. Marchou sen os cartos.

É lamentable que logo de tres anos con este problema, de tres anos de reivindicacións, unhas familias humildes da cidade sigan loitando polo que é seu. Esa é a prioridade, a tolerancia, o diálogo, o talante que vostedes defenden, pero o desprezo ós cidadáns de Teis ata agora foi absoluto.

Esperamos que se faga valer o texto da moción e que antes de finais de ano se provoque unha reunión a tres bandas entre Concello, Fomento e afectados e se arranxe definitivamente este problema.

SR. LÓPEZ FONT: Pola gravidade do asunto eu non querría entrar en determinadas interpretacións e cualificacións. O que ocorre, Sr. Fidalgo, é que o que pode en todo caso merecer o desprezo é a forma de utilización que vostede fai de determinados temas como nesta ocasión.

Coido que estamos aquí para os solucionar e sabe vostede perfectamente, coma min,

que non é unha solución que se poida tomar administrativamente dende este Concello. Se vostede lamenta a situación na que se atopan estas persoas, eu persoalmente tamén a lamento e o que sería lóxico sería agardar o apoio de vostedes, que traballaran con este goberno e non utilizalo como o están a facer.

Eu non entrei no relatorio de datas que fixo vostede, non entrei nas responsabilidades políticas que lle corresponderían á Sra. Porro como Alcaldesa, ou coma interlocutora diante do Ministerio de Fomento. Non quero entrar niso, Sr. Fidalgo, porque coido que a situación é o suficientemente grave como para que vostedes e nós traballemos polo mesmo fin. Pódolle asegurar que dende o goberno traballamos de xeito moi intenso para solucionar este tema e encantárame que moitas cuestións que si dependen de gobernos da súa cor política, como o da Xunta de Galicia, ogallá vostedes tiveran ese grao de eficacia, rapidez e eficiencia que nos piden a nós.

Vostede fixo un relatorio de datas. É verdade que este é un proceso que naceu mal, que afectou polo medio ás persoas e ben que o lamentamos. Pero non nos poden dicir, Sr. Fidalgo, que tal e como se tiveron que ir dando os pasos legais, nós non fixeramos nada. É verdade que ata que non se decidiu o cambio de trazado non se podía facer. É certo que ata que non saíu a resolución de innecesiedade dos terreos, os afectados, as persoas que están nesta situación, non podían presentar un recurso de reposición. Pero lle garanto que tal e como se foron dando os actos administrativos por parte do Ministerio de Fomento, tiveron resposta por parte deste goberno e por parte do Alcalde.

Efectivamente, Sra. Méndez, o Alcalde está facendo valer toda a súa capacidade política de interlocución e de relación coas administracións neste tema como no resto. O que pasa é que terá que coincidir comigo, Sra. Méndez, en que só se pode actuar cando así o permiten os actos administrativos. Non se preocupe que así o estamos a facer e sábeo.

Pediría do Partido Popular que non converta isto nunha cuestión partidista. Pediría que pechemos filas en torno a esta moción coa intención de que novamente este Pleno tome posición como xa fixo anteriormente e como vostede recoñeceu mesmo coa transcripción literal da afirmación do Alcalde, que esteamos a favor das persoas que están nesta situación porque hai que recoñecer aquí que non é un proceso de expropiación calquera, é un proceso de expropiación que precisamente por todos os avatares legais que levou nos atopamos nesta situación. Ogallá fose un proceso

normal, ogallá hai anos, cando o Sr. Caballero non era Alcalde desta cidade se fixeran as cousas de distinto xeito. Esas que vostedes politicamente están negando permanentemente como o túnel e outras cuestións.

Polo tanto non serei eu no nome do Partido Socialista quen diante dunha situación coma esta queira facer partidismo, só nos corresponde ó Alcalde, ó goberno municipal e a min en concreto porque se me encomendou esta xestión directamente co Ministerio de Fomento, para que o Alcalde reciba ás persoas interesadas e lles diga e lles dea conta do resultado das xestións e o resolvamos. A nós como Partido Socialista é isto o que verdadeiramente nos preocupa, é isto polo que estamos traballando e agardamos atopar nese camiño conxunto ós vinte e sete concelleiros e ás tres formacións políticas.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. López Font, a vostede o que lle molesta é que lle digan a verdade, que baixemos á area, cambiemos os expedientes e os fríos datos e números por caras e persoas.

Se co seu discurso pretende enganar á xente, á opinión pública nun asunto tan claro que todo mundo coñeceu dende o principio, o Bloque, o Partido Popular, os xornalistas, a opinión pública, que non fará en temas nos que a xente non coñece en profundidade?

Por suposto que nós estamos desexando que este problema remate o máis axiña posible e aceptamos, como non pode ser doutro xeito, a adición á nosa moción que pide que haxa unha reunión antes do remate do ano entre o Concello, Fomento e afectados para que se solucione definitivamente o problema. Iso é o que estamos acordando agora mesmo.

A PRESIDENCIA: Votamos que haxa esa reunión, que se faga en prazo de inmediato, vostede dicía que antes de fin de ano o que pode quedar coma unha data, engadindo o apoio ó recurso de reposición presentado polos afectados.

Emenda formulada polos voceiros dos Grupos municipais Socialista e do BNG, Sr. López Font e Sra. Méndez Piñeiro, por escrito de data 30 de novembro:

Engadir á parte dispositiva da moción o seguinte texto:

“...apoiando o contido do recurso de reposición presentado, dada a situación de excepcionalidade que este proceso expropiatorio tivo como consecuencia do cambio

do trazado”.

Precisión feita á súa moción polo Sr. Fidalgo Iglesias durante o curso do debate:

Que de xeito inmediato se realice unha xuntanza entre o Ministerio de Fomento, O Concello e os veciños afectados a fin dar solución definitiva ó problema.

A Presidencia somete a votación a moción formulada polo Sr. Conde Gil xuntamente coa emenda transcrita anteriormente formulada polos voceiros dos Grupos municipais do PSdeG-PSOE e BNG e máis a precisión feita polo Sr. Fidalgo Iglesias.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Instar ó Ministerio de Fomento do Goberno de España a fin de que no prazo máximo de dous meses a contar dende a aprobación da presente moción se dea unha solución ós veciños afectados pola expropiación do Ave en Teis, apoiando o contido do recurso de reposición presentado, dada a situación de excepcionalidade que este proceso expropiatorio tivo como consecuencia do cambio do trazado.

Que de xeito inmediato se realice unha xuntanza entre o Ministerio de Fomento, O Concello e os veciños afectados a fin dar solución definitiva ó problema.

13.- (232).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A ENTREGA ÓS GRUPOS MUNICIPAIS COPIA DA DOCUMENTACIÓN EXISTENTE RELACIONADA COA BIBLIOTECA PÚBLICA DO ESTADO. DOC. 90123748.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 28 de agosto, número de documento 90123748, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte moción:

“A posta en marcha dunha Biblioteca Pública do Estado en Vigo, cuxa demanda se iniciou durante o goberno municipal de Corina Porro, conta con partida nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, como xa existiu partida nos

Orzamentos Xerais do Estado do ano 2008.

Con todo, a actuación do Alcalde Abel Caballero cos continuos cambios de situación do lugar onde se debería poñer en marcha a Biblioteca, orixinou que transcorridos máis de dous anos dende que o anterior Ministro de Cultura anunciase a construción da mesma, aínda non se puxo a disposición do Ministerio un solar para a súa construción.

Os Grupos municipais deben coñecer que xestións realizou o Alcalde en relación con este tema, dende que no mes de agosto de 2007 o ex-Ministro de Cultura, Cesar Antonio Molina, afirmou en Vigo que o Ministerio ía construír unha Biblioteca Pública do Estado na cidade.

Por todo iso, o grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno para que tome o seguinte acordo:

O Alcalde entregará aos grupos municipais, no prazo de 5 días a contar desde a aprobación desta moción, copia de todas as actuacións realizadas polo actual Goberno Municipal (incluíndo expedientes, informes e facturas) en relación coa Biblioteca Pública do Estado en Vigo.”

A comisión informativa de Xestión municipal, na súa sesión do 31 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: No seguimento das mocións que o Partido Popular presenta a este Pleno compróbase certamente o seu fracaso político, a falla de proxecto que teñen para esta cidade. Permanentemente pasan da negación dos proxectos que o goberno municipal ten para esta cidade e o Grupo municipal do Partido Popular vese obrigado a pasar á aceptación de que eses proxectos que anunciamos, que se comprometeron dentro da colaboración institucional co goberno de España e tamén co anterior goberno da Xunta de Galicia, son unha realidade. Unha vez que aceptan a realidade dos proxectos, e este da biblioteca do Estado é moi significativo, acadada a consecución da que vostedes non foron capaces, permítamo Sra. Larriba porque é cariñosamente, optan pola “marrullería” política á que nos teñen acostumados.

O texto da moción presentada polo Partido Popular é claramente incompleto, Sra. Larriba, porque cando din que a demanda da biblioteca do Estado iniciouse pola Sra. Porro, se queren seren vostedes honestos cos cidadáns de Vigo deberían engadir

literalmente “con infrutuoso resultado”. Deberían recoñecer que a fórmula que vostedes presentaron xamais se aceptou o non o acadou a Sra. Porro coma alcaldesa. Tamén poderían engadir á moción para que estivese completa e quixéramos recoñecer ante os cidadáns o realizado por cada quen, dado que vostedes se refiren ó presentado pola Sra. Porro, que só que o Sr. Caballero chegase á Alcaldía desta cidade propiciou que no ano 2007 se anunciase a ansiada biblioteca do Estado para Vigo. Vostedes están recoñecéndoo cando aluden ás datas e ó ministro Sr. Molina. Tamén na súa moción se ven obrigados a recoñecer que esta biblioteca vai ser unha realidade na medida en que ten consignación presupostaria nos presupostos xerais do Estado de 2009

Isto é o que diferencia a este goberno do goberno da Sra. Porro, a consecución de obxectivos e a súa plasmación nos presupostos xerais do Estado. Isto é o importante, Sra. Larriba, que esta cidade non tiña biblioteca do Estado nin proxecto da ter e finalmente si a vai ter. Cando falaba das *marrullerías* en sentido cariñoso, é porque empezan a tratar de confundir e despistar ós cidadáns coa situación, coas distintas propostas que se realizaron, cos cambios de criterios, etc. Non hai ningún cambio de criterio, cando se negocia cun ministerio coma o de Cultura e se ten que buscar nesta cidade unha sede para a biblioteca do Estado é evidente que hai que manexar cando menos dúas opcións.

É evidente que houbo un posicionamento moi firme por parte do Alcalde de propoñer ó Ministerio de Cultura que a Escola de Artes e Oficios era un edificio ideal para albergar a biblioteca do Estado. É verdade que todo quedaba a criterio dos técnicos do Ministerio de Cultura. Non é menos certo que ante a posibilidade de que esa situación non fose aceptada polo ministerio, este Goberno, que si que é eficaz e eficiente, tiña outra opción que era a relativa ó que xa é a sede do auditorio pazo de congresos.

Coido que o imporante é isto, non confundir ós cidadáns. Sería importante que nun ámbito coma este se recoñecese que cando a Sra. Porro era alcaldesa de Vigo non había biblioteca do Estado nin a habería e cando o Sr. Caballero é alcalde de Vigo conseguíuse.

Ante esta situación ó Partido Popular só lle queda solicitar copia da documentación. A moción que vostedes presentan non é necesaria, Sra. Larriba, o acordo que pretenden que adoptemos de que lles acheguemos a documentación no prazo de cinco días, poden solicitar a copia directamente ó Alcalde e facilitaráselles. Todos os

actos deste goberno son públicos a través das resolucións da Xunta de Goberno Local e máis coa comunicación que damos neste Pleno das resolucións de concelleiros delegados e de Alcaldía.

Chegados a este punto tamén teño un agradecemento cara vostedes: que recoñezan que este Goberno acadou a biblioteca do Estado. De todo o seu desenvolvemento e toda a súa legalidade en relación co proceso e coas actuacións que se fagan co Ministerio de Cultura vostedes serán testemuñas e terán información oficial, como teñen dereito de todas as actuacións que se están a realizar.

Conto con vostedes para a inauguración da biblioteca do Estado cando estea rematada, como tamén conto para a inauguración do auditorio.

Aínda sendo innecesario adoptar un acordo neste Pleno sobre a entrega de documentación, insisto en que non houbo goberno máis transparente nos seus actos administrativos que este goberno en canto a cumprimento da legalidade. Aínda o outro día eu tiven un debate cun membro do seu grupo municipal e insistía nos termos nos que falaba en tempos outro concelleiro: facturas, crear sombra de dúbidas, documentación... Mesmo aquí se permiten facer mención de facturas; non houbo ningunha factura que tivéramos que pagar en relación coa biblioteca do Estado, Sr. Larriba.

Non se preocupen pero me reafirmo en que somos o goberno máis transparente e máis cumpridor da legalidade e así o manifestamos nos nosos actos administrativos, por iso imos apoiar esta moción porque o contrario sería parecer que tentamos obstaculizar unha entrega de documentación que en ningún momento negamos.

Xa sei que lles molesta, especialmente ó Sr. Figueroa, que fagamos sempre a comparación coa Deputación Provincial pero de verdade que vostede, como membro do Partido Popular, ogallá na Deputación de Pontevedra se actuase do mesmo xeito que actúa o goberno municipal de Vigo porque o feito de que a Deputación non cumpra nos seus trámites administrativos e, o que é peor, non cumpra nos compromisos políticos con esta cidade non vai ser obstáculo para que nós cumpramos rigorosamente con todo o que nos corresponde.

Neste caso gustosamente votaremos a favor desta moción e entregaremos toda a documentación que coido que vostedes xa coñecen, saben todos os actos administrativos que se deron en relación con este tema. Ocorre que tratan de traer este tema non sei por que intereses partidistas pero coido que fronte a eses intereses están os da cidade que se concretan en que esta cidade teña biblioteca do Estado e

non sería malo que, como fixeron nesta moción, noutras cuestións foran recoñecendo a este Goberno todos os logros que en menos de dous anos e medio acadou.

SRA. LARRIBA LEIRA: En primeiro lugar nós non queremos “*enmarrullar*”, queremos aclarar e precisamente para que estas cuestións queden suficientemente claras queremos toda a información.

Vostede insiste en que é a terceira vez que presentamos unha moción a este Pleno por este tema; nas tres ocasións vostedes lanzaron a mesma mensaxe que eu me vexo na obriga de contestar por terceira vez. A Sra. Porro iniciou os trámites para que Vigo tivese unha biblioteca estatal; unha ministra socialista en Madrid impediullo. Meses máis tarde cun alcalde socialista nesta cidade parece que o criterio cambiou e todo é factible e a biblioteca estatal en Vigo tamén, pero teño que lembrar que quen iniciou os trámites foi a Sra. Porro.

Fala de que xa hai transparencia, que non entende moi ben por que solicitamos esta documentación e que van votar a favor o que nos parece de sentido común, pero eu lle vou lembrar aquí case unha decena de peticións de información a este Goberno dende o mes de xullo que están sen contestar. Non soamente son as que están aquí, que hai máis, senón é que non nos contestaron á petición de información que fixemos sobre este tema.

Houbo unha primeira moción no mes de marzo para solicitar a urxencia de que o goberno local proporcionase un espazo para a construción desta biblioteca estatal porque nos quedabamos sen o investimento para ese ano. Deseguido se producen esas declaracións por parte do Alcalde de pensar que a biblioteca da Escola de Artes e Oficios era o sitio ideal para facer a biblioteca Estatal. Vostedes propoñen isto á prensa cando actualmente propoñen un emprazamento igual de oportuno e de adecuado como é o auditorio. Cantos emprazamentos adecuados máis teñen vostedes na carteira? De momento levamos dous.

Como dixen solicitamos esa información e non nos contestaron, só a través da prensa. Pedimos as cartas que se enviaran ó ministerio e vostede enviounas á prensa pero non a este grupo, co que seguimos esperando esas cartas que vostede enviou ó ministerio propoñendo a biblioteca do estado na Escola de Artes e Oficios.

Avanza o tempo, o Padroado da Escola de Artes e Oficios maniféstase en contra de que se instale no seu edificio e a partir de aí isto empeza a tomar un xiro: xa non se volve falar da Escola de Artes e Oficios e empézase falar do auditorio coma

empresamento. Nese intre se inician varias preguntas, tanto a nivel autonómico coma a nivel do Parlamento Nacional para pedir información ó ministerio sobre este asunto xa que o goberno local non nos proporciona a información que estabamos a pedir.

Prodúcese unha pregunta no Parlamento de Madrid polos deputados do Partido Popular da provincia de Pontevedra en xullo e recibimos unha resposta do ministerio ó Parlamento Nacional que seguramente vostede coñece que di textualmente: “Actualmente se está a estudar a viabilidade xurídica e técnica dos dous inmobles propostos polo Concello de Vigo para situar a Biblioteca pública do Estado polo que ata o momento non se realizaron investimentos na súa execución”. Resposta do día 28 de outubro.

Curiosamente un mes antes vostedes facían esta declaración á prensa: “O Ministerio de Cultura avala que se sitúe a Biblioteca do Estado no auditorio” e non só iso senón que poñen esta frase en boca da Avogacía do Estado do Ministerio. Acúsannos de utilizar palabras grosas e insultos neste Pleno; non quero utilizar a palabra mentira pero si podo utilizar outras. Quero saber se isto é unha profecía, un desexo que non se cumpre, é unha invención ou sinxelamente é non querer afrontar a realidade porque a realidade é que estamos a piques de perder un investimento dun 1.350.000 euros nesta cidade, queda un mes, eu diría que xa a perdemos. Iso é a verdade que vostedes non afrontan.

SR. LÓPEZ FONT: Dende o primeiro momento o Grupo municipal do partido Popular estivo acusando de que esta cidade non se puido gobernar nos tres anos e medio que a Sra. Porro foi alcaldesa de Vigo porque non había presuposto, que os culpables eramos os demais. Sra. Larriba, dunha vez por todas terán que recoñecer ante os cidadáns a incapacidade política da Sra. Porro coma alcaldesa de Vigo para acadar uns presupostos no Pleno do Concello e unha colaboración institucional.

A Sra. Porro foi quen de recoñecer que non se lle poñían ó teléfono para solucionar a marquesiña da praza de España. Esta é a realidade do goberno no que estivo a Sra. Porro e algúns dos concelleiros que se atopan aí.

Frases como dicir “impediullo a ministra ou o ministro de Cultura”, non Sra. Larriba, non llo impediron; manifestouse por parte da Sra. Porro unha absoluta incapacidade para solucionar calquera tema institucional, ademais cunha particularidade: coido que determinadas cuestións o goberno da Sra. Porro non as quería acadar e por iso

tampouco poñía moita énfase en acadalas para esta cidade porque viñan de gobernos socialistas.

Para vostedes é moi fácil o discurso que veñen facendo durante estes dous anos e medio de que todos están na súa contra. Dende o primeiro momento, cando lle dixen cariñosamente o da "*marrullería*" vostedes non recoñeceron o logro deste Goberno da biblioteca do estado para a cidade de Vigo. Igual que lles ocorreu coas humanizacións, dende ese momento empezaron a mobilizar a determinados colectivos e axentes sociais en contra de decisións que benefician a esta cidade. Xa miramos o que fixeron vostedes nas humanizacións de Coia e noutras zonas da cidade: enganar ós cidadáns como se demostrou cando remataron as obras.

Sobre o que contestan os ministerios no Parlamentos Estatal ou mesmo no Parlamento Galego, non me podo facer responsable. O que si sei é que todos os anuncios realizados, ben polo Alcalde ou por algúns dos concelleiros deste goberno, están avalados por escrito e este escrito do Ministerio de Cultura do 21 de setembro afirma o que vostede leu na prensa, literalmente que é viable xuridicamente que a Biblioteca do Estado poda estar no espazo do auditorio coas formas xurídicas. Efectivamente está asinada por unha Avogada do Estado que maximo que presta os seus servizos no Ministerio de Cultura.

Non se preocupe por perder o investimento, explicámolo por activa e por pasiva. A Biblioteca do Estado está nos presupostos xerais do Estado, non se vai perder ningunha cantidade porque o Ministerio de Cultura dispón dunhas partidas xenéricas para bibliotecas.

O que ocorre é que vostedes están no permanente engano cos cidadáns. Eu oínlle dicir ó Sr. Figueroa que as cantidades que viñan para a depuradora por parte do Ministerio de Medio Ambiente estaban nunhas contas escuras, cando precisamente esas cantidades estaban nunha partida totalmente transparente e permitiron que finalmente haxa depuradora polo importante esforzo que fai o Ministerio de Medio Ambiente, en primeiro lugar poñendo unha cantidade de 120 millóns e permitindo acceder ás peticións do Presidente da Xunta sobre o financiamento do que a Xunta de Galicia non podía asumir, recoñecido aquí perante os voceiros deste Concello. Non se preocupe sobre a perda de investimento que non vai ser así.

Nós sempre contestamos ás solicitudes de información que fan vostedes. O que ocorre, Sr. Larriba e Sres. concelleiros do Partido Popular, é que non se pode estar dando a mesma información por tres sitios. Nalgunhas ocasións nos piden

información e contestación sobre asuntos que foron decididos na Xunta de Goberno Local. Son vostedes os primeiro que deberían sabelo. Que maior comunicación que un acto administrativo oficial e público decidido na Xunta de Goberno ou as resolucións que se traen a este Pleno.

Apoiamos a súa moción porque é o que estamos a facer día a día, co agradecemento de que recoñezan que conseguimos a biblioteca do Estado e facilitarémolles a información de acordo co que espero que sexa a votación desta moción.

SRA. LARRIBA LEIRA: Fálame de logros e teño que insistir en que o que teñen que facer é non poñer en risco os investimentos na cidade porque de momento a única infraestrutura que está aprobada é a depuradora gracias á Xunta de Galicia. Imos seguir esperando porque o que nós percibimos é que vostedes están a poñer en serio risco infraestruturas moi importantes para a cidade.

Deberían vixiar a prestación de servizos, ademais o Alcalde tamén é docente e sabe moi ben a demanda bibliotecaria que existe nesta cidade, especialmente en épocas de exame. El é o primeiro que debería dar resposta a esta demanda cidadá polo que a biblioteca tería que ser un tema meridianamente claro, con datas concretas e non con esta dilación constante de presentación de documentos.

Vostede preséntame aquí un documento do Ministerio. Dígolle que esta información que se presentou nas Cortes é do Ministerio da Presidencia onde di claramente que se está a estudar a viabilidade xurídica e a técnica, non di que exista un informe xurídico, polo tanto que non se puido facer ningunha investimento. Un mes antes vostedes están anunciando que o Ministerio de Cultura está avalando xurídica e tecnicamente que a Biblioteca do Estado se sitúe no auditorio, cando visto o que din neste documento parece ser que aínda están a estudar dous emprazamentos diferentes .

Como ademais están vostedes facendo gala en todos os medios de comunicación dun liderado estratéxico, isto choca con esta biblioteca que nos ofrecen agora que poderíamos dicir que encolleu. Dos proxectos e das dimensións e servizos dos que se falaba inicialmente estamos pasando a unha biblioteca que en principio vai ter 4.000 metros cadrados que, aínda que o arquitecto das obras do auditorio di que non hai dificultades de adaptación, estará vostede comigo en que estábamos perdendo unha infraestrutura *ex novo*, proxectada e programada dende un principio para que cubrira todas as necesidades dun equipamento bibliotecario moderno.

Ademais quero lembrarlle todo o que se fixo no resto de España e de Galicia. Bibliotecas estatais postas en marcha, nalgúns casos a piques de se inaugurar, noutros xa abertas e a maioría en edificios de nova construción: Badajoz, superficie 5.000 metros cadrados de parcela, 7.000 metros o novo edificio; Santiago de Compostela, xa inaugurada, 5.800 metros cadrados e logo falaremos do investimento porque neste caso son 10,4 millóns de euros; Ceuta, nova biblioteca pública, superficie 7.000 metros cadrados; Córdoba, proxecto adxudicado polo anterior Ministro de Cultura César Antonio Molina; Málaga, igual; Segovia, 5.600 metros, volume de 8.406 metros e o investimento de 11,9 millóns de euros. Estou a falar de obras proxectadas e xa rematadas ou en marcha entre os anos 2008 e 2009. Ciudad Real, Burgos, xa por non falar da de Santiago recentemente inaugurada e en calquera caso a de Vigo pasaría ser con moito a máis pequena de todas as bibliotecas estatais que existen na nosa comunidade autónoma.

Pero o máis grave de todo isto é a perda do investimento e pódese ver na comparativa dos orzamentos dos anos 2009 e 2010 o que imos perder. Vostede dicía que non teñen facturas que presentar; lamentablemente non hai ningunha factura en relación á Biblioteca Estatal, xa perderon parte dun investimento o ano pasado, este ano perden 1.350.000 euros e o que é máis grave é que o ano que ven, dun presuposto de tres millóns de euros pasamos a 40.000 euros.

Insisto no que dixen na miña intervención na anterior moción sobre este tema: Para quen gobernan? Dende logo para os intereses de Vigo e de Galicia parece que non.

(Está ausente o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Álvarez. Preside o Pleno o Tenente de Alcalde. Igualmente está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. López-Chaves Castro, instando a entrega ós grupos municipais copia da documentación existente relacionada coa Biblioteca Pública do Estado, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (233).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO CAMBIAR O TEXTO DO ARTIGO 1, APARTADO 1, DA ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. DOC. 90123749.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de agosto, número de documento 90123749, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. López-Chaves Castro, formula a seguinte moción:

“O artigo 3º da nosa Constitución de 1978 afirma que:

“O Castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecer e o dereito a usala.”

O Estatuto de Autonomía de Galicia sinala no seu artigo 5 apartado 2:

“Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito dos coñecer e dos usar. “

O artigo I da ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo di no seu apartado 1 que “O galego, como lingua propia de Galicia, é o idioma oficial do Concello de Vigo”.

A necesidade de adecuar este artigo ao disposto no artigo 5 apartado 2 do Estatuto de Autonomía de Galicia esixe unha modificación do mesmo para incorporar á ordenanza municipal o castelán como lingua oficial do Concello de Vigo.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- O artigo I apartado 1 da ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo quedará redactado do seguinte xeito:

“O galego e o castelán son os idiomas oficiais do Concello de Vigo”.

2.- O Concello de Vigo adoptará todas as medidas que sexan necesarias para a execución deste acordo.”

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 31 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Esta moción ten por obxectivo realizar unha modificación do artigo 1, apartado 1 da ordenanza de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. Nesta ordenanza dispónse que o galego é a lingua oficial do Concello pero non di nada máis nin fala do castelán. Sabemos que a Constitución

Española de 1978 sinala no seu artigo 3.1 que o castelán é a lingua oficial do Estado, é dicir, que no Concello de Vigo o castelán é tamén idioma oficial e así debería aparecer na ordenanza.

No artigo 5, apartado 2 do noso Estatuto de Autonomía di que os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia. Iso está claro pero o que non o está é a ordenanza de Normalización Lingüística e por iso presentamos esta moción.

Que non se incluía no seu momento, descoñezo se existía algún informe xurídico que acompañase a esta ordenanza, polo menos nos antecedentes nin se menciona nin aparece, e quizais unha vontade de promocionar o galego levou á non inclusión do castelán como lingua oficial do Concello pero ese erro debemos corrixilo e é necesario que esta ordenanza se adapte á Constitución e ó Estatuto de Autonomía de Galicia, non só ou ademais de que o din a Constitución e o Estatuto senón porque tamén o sinalou neste sentido a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nun suposto idéntico ó texto da ordenanza de Vigo que anulou por ser contrario ó Estatuto de Autonomía de Galicia.

Existe pois a conveniencia de adaptar este artigo á Constitución e ó Estatuto de Autonomía, é dicir, ó bloque de constitucionalidade e á xurisprudencia dos tribunais. Non debe existir esa contradición entre a ordenanza e a Constitución.

Un tema é evidente: que o castelán é lingua oficial deste Concello aínda que normativamente non apareza como tal na ordenanza de normalización lingüística. O principio de xerarquía normativa é claro, unha norma inferior non pode estar en contradición cunha norma superior e se o está debe terse en conta. Non é nada máis que a aplicación do que se chama o principio de inocuidade xurídica, a norma inferior contraditoria coa superior non se aplica. Non é lóxico que esa situación exista agás que se persiga outra finalidade ou outro obxectivo.

A reacción a esta moción por parte de membros deste Goberno municipal parece indicar que perseguen outro obxectivo, outra finalidade coa ordenanza. Noutro momento anterior se podería ter presentado a moción por calquera dos grupos pero ata o de agora a norma era inocua aínda que parece que ultimamente non o é.

Insistimos en que queremos adaptar a ordenanza á Constitución e ó Estatuto de Autonomía, nada máis. Queremos que atendan ás sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que declara que un texto idéntico a este doutro Concello de Galicia era contrario ó Estatuto de Autonomía.

Queremos que galego e castelán aparezan como linguas oficiais do Concello de Vigo

na ordenanza de normalización, só iso. É un retoque a esa ordenanza e coido que non existirá problema neste tema e non creo que nin o Bloque nin o PSOE se opoñan a esta moción. É engadir ó galego o castelán como lingua oficial. O único que queremos é ver como se defende a Constitución.

No momento de toma de posesión de todos os concelleiros e concelleiras e do Alcalde, aquí xurouse ou prometeuse gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado. Esta moción fai gardar a Constitución, votar en contra ou non admitila sería ir en contra dela e espero que en cumprimento do que se prometeu ou xurou no momento de tomar posesión non se boicotee esta moción porque suporía non cumprilo.

Por iso esperemos que voten a favor.

Non habendo intervencións por parte dos grupos municipais, a Presidencia dá a palabra ó relator, Sr. López-Chaves Castro.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Esperemos que non voten en contra dada esta falta de intervencións neste debate. No momento da presentación desta moción houbo reaccións por parte de membros deste Goberno municipal nas que acusaban a membros do Partido Popular en termos que dende logo non parecen o máis axeitados para dirixirse ós membros elixidos dunha Corporación.

O dereito é mutable, modifícase e cámbiase, pódense modificar as normas e dicía un xurista famoso que unha palabra do lexislador e bibliotecas enteiras convértense en lixo. A posibilidade de modificar as normas é algo *ínsito* en si mesmas, de tal xeito que na evolución histórica do dereito quizais os dereitos máis primitivos eran os que non se podían modificar e eran inmutables, en cambio agora si se pode facer, mesmo en materia lingüística. O propio Bloque presentou no ano 2003 unha iniciativa no Parlamento de Galicia na que de xeito unilateral quería modificar a Lei de Normalización Lingüística de Galicia.

Insisto en que hai unha sentenza do mes de febreiro do ano 2006 na que nun texto idéntico na ordenanza do Concello de As Pontes gobernado polo Bloque, que anula por contrario ó Estatuto de Autonomía un texto idéntico ó que figura no Concello de Vigo. A solución do Concello das Pontes foi sinxelamente anular o texto e non incluír o castelán como lingua oficial nese Concello. Esperemos que aquí non aconteza iso.

Dentro duns días celébrase o trixésimo primeiro aniversario da Constitución que

establece como lingua oficial do Estado o castelán. A existencia desa discordancia entre a ordenanza e a Constitución debe ser obxecto dunha corrección e só é esa modificación para que non se estableza esa contradición. Esperemos que o Partido Socialista e o Bloque non voten en contra desta moción. Non se pronunciaron, parece que é un tema que non interesa.

Votar en contra desta moción suporía o incumprimento do xuramento ou da promesa que fixemos todos os que estamos aquí no momento de tomar posesión. Se se incumpre esa promesa ou xuramento pouco é de fiar este Concello, se o Goberno municipal ou o Alcalde non votan a favor desta moción darán un fraco exemplo do que teñen que facer as administracións e os seus responsables políticos para garantir o cumprimento do noso ordenamento xurídico.

Só se trata de que o castelán tamén apareza co galego como lingua oficial do Concello de Vigo e digo que hai distorsións porque ultimamente vemos que no Concello a algúns creadores que queren facer o seu traballo en castelán non lles admiten esa posibilidade de publicar en castelán e sen embargo lles obrigan a traducir os seus textos ó galego. Polo tanto se o castelán e o galego son linguas oficiais non debe existir ningún tipo de discriminación ou diferenza por utilizar en forma oral ou escrita o castelán.

Sometemos esta moción a votación e lémbrolles outra volta que prometemos ou xuramos gardar e facer a Constitución como normal fundamental do Estado.

(Está ausente o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Álvarez, Preside o Pleno o Tenente de Alcalde. Igualmente está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González e Rodríguez Díaz, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. López-Chaves Castro, solicitando cambiar o texto do artigo 1, apartado 1, da ordenanza de Normalización Lingüística, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto da Sra. Veloso Rios, concelleira delegada de Normalización Lingüística:

Este debate xa se deu en varias ocasións neste Pleno, recentemente nos Plenos dos meses de xullo e setembro, e non nos parece oportuno volver entrar unha vez máis no mesmo debate sobre esta cuestión.

Evidentemente o castelán é lingua oficial neste Concello porque este Concello forma parte do territorio do Estado Español. A Constitución indica que o castelán é idioma oficial e tamén o galego é idioma oficial. A ordenanza nese sentido non entra en absoluto en contradición igual que tampouco entra a Lei de administración local de Galicia, Lei 5/97, que di que “O galego como lingua propia de Galicia éo tamén da súa administración local” e o Concello de Vigo, coma administración local, ten como lingua propia o galego.

En toda a lexislación da que nos dotamos democraticamente hai unha vontade de promocionar o galego; evidentemente o castelán é lingua oficial e esta ordenanza é coma unha boa parte das ordenanzas do noso país, incluíndo a ordenanza de normalización lingüística da Deputación de Pontevedra. De feito leva vinte anos en vigor, aprobouse e publicouse o 17 de maio de 1989, pasaron por este Concello gobernos de distintos partidos políticos, con alcaldes e alcaldesas de distintos partidos, con gobernos en minoría, en maioría, de coalición e ningún estimou oportuno, nin sequera o concelleiro de Normalización Lingüística don Ignacio López-Chaves, modificar esta ordenanza en ningún momento.

Agora mesmo nós tampouco entendemos que sexa necesario facelo.

15.- (234) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO A CREACIÓN DUNHA GUÍA URBANA ACCESIBLE. DOC. 90123750.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de agosto , número de documento 90123750, a concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“Unha Guía Urbana accesible dispón basicamente de información sobre rúas, puntos de interese (farmacias, restaurantes, hoteis, etc.) organizados segundo unha precisa xerarquía, cálculo de rutas urbanas, procuras por ámbitos especiais (distritos e barrios) e acceso a unha fotografía aérea de gran precisión.

A Guía Urbana accesible permite que persoas con algún tipo de discapacidade, mesmo as persoas invidentes, poidan acceder a estes servizos mediante un sofisticado proceso de transformación da información xeográfica en información textual, que pode ser reproducida en formato de audio mediante as ferramentas e axudas utilizadas polos invidentes.

Estase a producir unha falta de planificación á hora de eliminar as barreiras arquitectónicas. Deste xeito reduciuse o número de prazas de aparcamento para discapacitados e se dificulta a mobilidade polas rúas en cadeira de rodas, por exemplo ao intentar acceder aos pasos de peóns provisionais.

Ademais as diferentes guías do ocio, o plano de Vigo ou os numerosos folletos de información turística carecen de información para as persoas con mobilidade reducida: que lugares poden visitar, como chegar, que transportes poden usar, a súa conexión co lugar de destino ou onde acudir a un aseo público adaptado.

Esta falla de información afecta a museos, praias, instalacións deportivas, salas de concertos, cines, paseos, galerías de arte, teatros, miradoiros e un longo etc. por mellorar a calidade de vida dos discapacitados.

Consideramos que existe unha falla de planificación, de seguimento e un grave retroceso nas políticas transversais de accesibilidade por parte do Goberno Municipal.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

A creación dunha guía urbana accesible”.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 31 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

A concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. García Míguez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- A PRESIDENCIA (SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA): Sra. Míguez, a súa moción, como todas, ten claramente dous apartados, o apartado de antecedentes e o texto que vostedes quen queren que se vote aquí.

Vou empezar dicíndolles que teñen unha moi boa idea e que por suposto lle imos

votar a favor da creación dunha guía urbana accesible, é unha idea interesante e parabéns ó Partido Popular que por unha vez colabora con este goberno presentando iniciativas positivas. Espero que sigan por este camiño.

Tiveron vostedes unha idea boa que imos asumir e ademais, dentro do Plan de competitividade turística no que colaboramos as tres administracións, hai un apartado importante para facilitar todo tipo de información de accesibilidade, pero mágoa que vostedes dende a Concellería de Turismo en catro anos non foran quen de poñer en marcha un plan de competitividade turística e todas estas medidas de accesibilidade que agora propoñen. Pero repito que é unha idea moi interesante que imos asumir e poñer en práctica dentro do Plan de competitividade turística.

Pero non ía ser todo bo, hai outra parte da moción coa que dalgún xeito vostedes afean claramente esta iniciativa: é a mentira. Falan de “falta de planificación á hora de eliminar as barreiras arquitectónicas”, non lles vou repetir o que dixo a miña compañeira nunha moción anterior, que en todo o Estado español este é o Concello que máis investiu dentro do “Plan E” na eliminación de barreiras arquitectónicas, nin unha cidade gobernada polo Partido Popular superou á de Vigo nese traballo. Ademais faise un traballo planificado cos técnicos municipais para acadar algo moi importante como que todos os homes e mulleres de Vigo teñan igualdade de oportunidades e podan acceder ás instalacións públicas igual que o resto das persoas.

En eliminación de barreiras arquitectónicas durante o goberno anterior, cero euros. Neste “Plan E” investíronse 2.100.000 euros e 200.000-300.000 euros máis para rematar o vindeiro ano. Esa é a diferenza.

Ademais na moción di: “Consideramos que existe unha falta de planificación e de seguimento e un grave retroceso nas políticas transversais de accesibilidade por parte do goberno municipal”. Sra. Míguez, por fin neste Concello hai política transversal en todas e cada unha das concellerías; por fin funciona o Departamento de Accesibilidade onde técnicos de todas e cada unha das concellerías están planificando todo este traballo.

Polo tanto benvida sexa esa idea pero deixen de mentir nos antecedentes.

Rematarei dicindo en primeiro lugar que acabamos de escoitar ó Sr. López-Chaves dicindo que non cumprimos a Constitución pero, por certo, segundo iso el tampouco a cumpre porque tamén xurou ou prometeu facer cumprir a Constitución. O Sr. López-Chaves acaba de dicírmonos que mentres el foi concelleiro de Normalización

Lingüística non cumpriu a Constitución porque non cambiou este decreto.

Son vostedes os que non cumpren as leis porque como xa lles dixemos esta moción está única e exclusivamente en castelán cando a Lei de Normalización Lingüística deste Pleno obriga a que estean nas dúas linguas. Imos ver quen incumpre a lei ou a Constitución.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Coido que xa se explicou suficientemente o Sr. Tenente de Alcalde pero eu quereríalles mostrar a guía de Vigo e coma estamos a facer demagogia toda a mañá, eu tamén vouna facer. Pero si teño dúbidas sobre que haxa que crear algo específico para as persoas que teñen algún tipo de discapacidade porque para nós son exactamente igual cas outras persoas. Coido que ó mellor o que pretenden vostedes é discriminalas dalgún xeito.

O Consello de Accesibilidade creouse por un goberno bipartito composto daquela por nacionalistas e socialistas; estivo adormecido na etapa do Partido Popular e tivo que volver novamente un goberno bipartito do Partido Socialista e do BNG para o resucitar, estase reunindo cada tres meses e nesas reunións márcanse todas e cada unha das políticas.

Di que non se está facendo ningunha previsión pero todo o investimento do “Plan E”, do que falaba o Tenente de Alcalde, vai nese sentido, en suprimir todo tipo de barreiras. Pero hai máis, collemos o goberno en xullo de 2007 e fomos investir directamente 200.000 euros para a supresión de barreiras arquitectónicas, no 2008 o investimento específico foi de 150.000 euros. Levamos exactamente rebaixadas case 700 unidades de barreiras arquitectónicas que veñen ser uns 340 pasos, dun e doutro lado.

Ou sexa que non hai ningunha discriminación e ó mellor somos nós os que estamos traballando e poñendo cartos enriba da mesa para que non haxa absolutamente ningún tipo de discriminación e para que se cumpra co Plan de Accesibilidade.

Levamos case cinco horas de Pleno e sinxelamente, permítame Sr. Presidente, un minuto porque pola banda do Partido Popular varias veces deixaron caer iso da “valoración do Alcalde” e por iso eu querería preguntarlles se se están referindo ó estudo que eu teño aquí cando falan de que o Alcalde é o peor valorado porque se é así quérolles aclarar que vaia credibilidade que ten este estudo cando o Concello de Vigo se nega a pagarlle a unha empresa 9.800 euros por facer unha enquisa “*ad hoc*”.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sr. Presidente, isto non ten nada que ver coa moción.

A PRESIDENCIA (SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA): Sra. Abelairas, un momento por favor. Sr. Martiño, polo momento este Pleno estouno presidindo eu e vostede non tiña a palabra. Sra. Abelairas, por favor, cingase ó contido da moción.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: A moción xa rematou, sinxelamente quería clarexar iso. Era unha pregunta que facía por non ter antes a oportunidade. Houbo un Alcalde que denuncia nun xornal e di: “O Concello negouse a pagar 9.800 euros polo *ranking* de alcaldes...”

A PRESIDENCIA (SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA): Sra. Abelairas, xa rematou co tempo da moción. Moitas grazas.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Informarei un pouco da situación do Consello de Accesibilidade porque antes comentou a Sra. Méndez que se realizaba unha reunión cada tres meses pero só houbo unha nestes dous anos e medio. Eu estou no Consello e vou a todas as reunións, non como fan vostedes que sei que o Grupo Socialista non vai, nós imos a todas as que nos convocan e houbo unha reunión en dous anos e medio. Se a concelleira di que cada tres meses se fai unha reunión, mente.

Digo na moción que hai unha falta de planificación á hora de eliminar as barreiras arquitectónicas e é certo. Se xa os peóns non poden circular de xeito normal polas rúas da nosa cidade, canto peor as persoas que teñen limitacións físicas polo tanto non diga que hai planificación porque non a hai.

É unha realidade que eliminaron prazas de aparcadoiros, iso padecémolo todos os cidadáns pero mesmo hai un concelleiro que o sofre en carne propia e infórmanos da situación deste Concello.

Cando falo na moción da “falta de planificación e de seguimento, dun grave retroceso nas políticas transversais de accesibilidade”, é porque efectivamente isto tamén está a suceder e vou poñer un sinxelo exemplo. No mes de xullo creouse un servizo de accesibilidade na praia do Vao e chamamos por teléfono ás catro da tarde no mes de xullo, cando xa se implantara este servizo e non tiñan idea da hora á que poderían acceder ó servizo de baño os usuarios, cantas persoas podían estar alí apoiando e

axudando á persoa que precisara do servizo, non sabían se existían aseos accesibles nesa praia do Vao, etc.

Sra. Méndez por favor, déixenos traballar porque temos os recortes de prensa nos que se informaba constantemente da situación das praias de Samil e do Vao que saíron logo de presentar nós esta moción pero sen dar a información axeitada.

Sra. Abelairas, tamén temos nós a guía de Vigo, temos todas as guías de Turismo e non aparece absolutamente ningunha información para persoas con problemas de mobilidade. De xeito os signos convencionais que aparecen son os do aeroporto, aparcadoiros, gasoleiras, igrexas, pero non aparece ningunha indicación que poida axudar ás persoas con mobilidade reducida.

Moitas gracias por apoiar esta moción e porque se mellore a calidade de vida das persoas que máis o necesitan.

A PRESIDENCIA (SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA): Moitas gracias. En primeiro lugar, ese concelleiro que vostede di que sofre “en carne propia” as dificultades, non me vai deixar mentir e sabe tamén que se unha formación política loitou pola igualdade de oportunidades en todos os ámbitos, pola eliminación de barreiras arquitectónicas e pola igualdade de oportunidades no mundo do deporte e demais, ese foi sempre o Bloque Nacionalista Galego, sábeo o seu concelleiro. Sabe tamén e vostede tería que saber de estaren ben informada, que unha cousa é o Consello de Accesibilidade e outra a Comisión Permanente dese Consello. Polo propio Regulamento o Consello ten que se reunir polo menos unha vez ó ano, pero outra cousa é esa Comisión Permanente de Accesibilidade que é a que se reúne constantemente, na que están representadas nada máis nin nada menos que trinta e cinco asociacións e que se reúnen constantemente porque para nós é máis importante escoitar ás distintas asociacións e as súas demandas para as poñer en práctica, que non escoitar outras cuestións máis políticas. Nós queremos traballar.

Tamén lle digo que unha vez que rematen todas as obras que estamos facendo na cidade, con todo o que dicía a Sra. Abelairas sobre os traballos de eliminación de barreiras, a cidade de Vigo vai ser a número un do Estado Español de prazas para discapacitados, por riba de Madrid por poñer un exemplo, Concello gobernado polo Partido Popular.

Estas son as políticas de accesibilidade que está a facer este goberno pero queremos seguir avanzando e por iso lle imos votar a favor esta moción para chegar

evidentemente tamén a accesibilidade a toda a información de turismo de Vigo.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Non dubidamos de que se estean facendo cousas, estamos informando das cousas que non están a facer.

Escoitamos á Sra. Méndez pola radio que cinco persoas con discapacidade é algo moi importante para a sensibilidade da xente, pero isto demóstrase na rúa, nas matemáticas e non na poesía, Sra. Méndez. Dalgunha maneira coidamos que se deben tomar as medias axeitadas creando as prazas de aparcadoiros para estas persoas, que houbo falla de previsión nas humanizacións e que cada vez que poñan algo en marcha o fagan cunha planificación e cun seguimento axeitado. O caso da praia do Vao é o máis significativo.

(Está ausente o Alcalde-Presidente, Sr. Caballero Álvarez, Preside o Pleno o Tenente de Alcalde. Igualmente está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PP, Sra. García Míguez, solicitando a creación dunha guía urbana accesible, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (235).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Ó GOBERNO CENTRAL O ARRANXO DA A52. DOC. 90123752.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de agosto, número de documento 90123752, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“Con data 16 de Xuño de 2007 publicouse no BOE a resolución da Secretaria de Estado de Infraestruturas e Planificación, Dirección Xeral de Estradas, pola que se anuncia a licitación de contratos de obras para a conservación do firme e rehabilitación do firme da A52.

Para tal reforzo e rehabilitación estrutural do firme da Autovía A52, o orzamento da

licitación ascendía a 15.459.074,20 euros, cun prazo de execución de 28 meses.

Ata a data o que vimos das obras son tan só as liñas amarelas que nos anuncian futuras obras dende o mes de febreiro. A sorpresa é cando finalizado o tramo de liñas amarelas non se encontra nin un só operario nin maquinaria realizando o reforzo e rehabilitación do firme.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón o Pleno da Corporación do Concello de Vigo para a súa aprobación:

Que se inste ao Goberno Central para que de contado comecen as obras licitadas no 2007, para a conservación do firme e rehabilitación do firme da A52.

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 31 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Esta moción, como outras moitas dos meus compañeiros, está fóra de tempo debido ó sistema utilizado polo Sr. Alcalde que xa vin como neste Pleno utilizouno á súa interpretación porque cando tiña que empezar falar o grupo minoritario, empezou falar el, cando tiña que finalizar o grupo minoritario, terminou el. O que fai é adxudicar o que quere en cada momento ó seu arbitrio, así que o que reclamamos novamente é o regulamento para evitar que unha persoa dirixa o Pleno como lle pete.

O 16 de xuño de 2007 licitouse a obra para realizar a reforma do firme da A-52 pero ata o día 25 de xaneiro de 2008 non se adxudicou con vinte e oito meses de prazo de execución.

Á data desta moción, 25 de agosto de 2009, o único que tiñamos nesa vía eran unhas pintadas amarelas nas que se indicaban que se ían realizar unhas obras. Estas obras se ían realizar pero non acababan de chegar. As reclamacións partiron de distintos concellos polos que transcorre a A-52, agás a cidade máis importante, a cidade de Vigo, á que chega previo paso pola A-55. É dicir, o Sr. Alcalde nin sequera se molestou ou polo menos nós non temos constancia, en pedir que o firme da A-52 se reparase. Non me estraña que nas distintas enquisas saia como o cuarto alcalde peor valorado.

Esta reclamación xurdiu porque diariamente son 8.000 as persoas que utilizan esta vía e ven coma os seus vehículos se deterioran e como en ocasións se producen accidentes por mor do mal estado.

Preguntaranse por todas estas manifestacións por parte non deste Concello, senón

doutros. Trouxemos esta moción para que sexa este Concello tamén quen se manifeste sobre o firme da A-2. Todo isto é porque a A-52 transcorre dende Ourense a Vigo con numerosas fochancas que impiden a normal circulación.

Esta vía que se utiliza de Ourense a Vigo por unhas 8.000 persoas fai que esta moción teña sentido por reclamar algo tan importante como é a entrada e a saída de persoas da cidade de Vigo e, dada a falta de turistas na cidade debemos poñerlles os menos atrancos para que veñan. Pero a pena de todo isto é que o goberno do Sr. Caballero non entendera a necesidade de que esta vía, a única de entrada cando se ven dende o centro de España, sexa reparada. Os concellos por onde pasa esta vía, a zona de Parada, Ponteareas ou mesmo A Cañiza, reclamaron todos menos un que non o fixo que é o Concello de Vigo que, segundo a información que nós temos, tería que reclamar a reforma do firme.

Estráñanos moito que só os concellos que mencionamos anteriormente se interesaran pola mellora deste firme. Cando en febreiro, logo de moitos escritos, conseguiron que se pintaran de amarelo unhas liñas na vía indicando a súa futura reforma, foi o único que conseguiron pero xamais que se reparase.

O anterior non me estraña do Goberno do Partido Socialista porque neste Concello de Vigo pasa o mesmo. Hai expedientes que se tramitan en vía urxencia cando lles interesa, como os de reparacións de despachos, logo hai outros que van máis lentos como o do inventariado que levamos xa tres anos tentando que o fagan, pero non quero entrar niso porque non é o tema desta moción. O que si se ve é a pouca eficacia deste goberno do Sr. Caballero.

Xa dixen antes que esta moción é extemporánea posto que si se puxeron xa en funcionamento as empresas adxudicatarias, pero xa transcorreu tanto tempo que unha delas xa se declarou en suspensión de pagos, cousa que non me estraña xa que logo de case dous anos aínda non se comezou o correspondente asfaltado. Si se está parcheando para logo asfaltar enriba. Non sei cando se vai asfaltar porque están traballando como nas obras deste Concello, en cada obra hai dez persoas que cando fan un pouco vanse outra zona para realizar outra humanización, outro parche, outro arranxo, etc. Non hai unha contratación masiva como sería necesario.

Espero que o Bloque Nacionalista Galego vote a favor desta moción posto que no Congreso e no Senado presentaron sendas preguntas sobre esta situación e por iso espero que non voten en contra.

Como xa dixen que esta moción é extemporánea propoño unha modificación. Como

xa se comezaron as obras propoño o seguinte cambio na moción: “Que se inste ó goberno central para que remate as obras de conservación e rehabilitación do firme da A-52 antes de que finalice o ano 2010”. Moitas gracias.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: En primeiro lugar, como vostedes son especialistas en sacar temas que non corresponden á moción supoño que me permitirá, xa que vostede fixo dúas referencias, que eu tamén as faga.

A primeira é que o sistema utilizado polo Sr. Alcalde é o sistema acordado pola Xunta de Voceiros que marca democraticamente o funcionamento deste Concello de acordo cun regulamento que eu, que levo xa moitos anos neste Concello, sei que é co que se estivo a funcionar durante moitos gobernos, moitos deles encabezados por vostedes, sen ningún tipo de problemas e sen que vivíramos as barbaridades de estaren aquí ata as 5 ou 6 da tarde. Ó final acaban vostedes aburrindo ó persoal e non me estraña que así lles fagan moi pouco caso.

O segundo tema é o mesmo sobre o que volven insistir vostedes, a popularidade do Alcalde. E esta tomadura de pelo o que vostedes defenden? Porque a Sra. Abelairas se lle esquece dicir que son 9.800 euros sen incluír impostos. De incluír estes serían 12.000 euros. Vostede querería que o Concello de Vigo malgastara 12.000 euros dos seus cidadáns para semellante tomadura de pelo que é ese estudo? En todo caso si hai unha cousa que están poñendo todos os xornais permanentemente é que semella que a súa candidata, que debería estar sentada ó seu carón porque Corina Porro foi elixida para estaren neste Concello, non a escoitamos os meses que estivo aquí, renunciou a estaren neste Concello que era a súa obriga porque foi elixida democraticamente concelleira desta Corporación e sen embargo ela e moitos dos seus partidarios están sopesando que é mellor que non sexa candidata. Iso é o que vostedes tremen ó Alcalde de Vigo. Precisamente por esa razón é pola que lle están dando tanta importancia á tomadura de pelo que é este estudo.

Ditas estas cousas, téñolles que agradecer dobremente a presentación desta moción. Para que a xente se sitúe, en primeiro lugar dicir que isto se refire a unha obra na A-52 que vai dende o límite de Pontearreas ata o da provincia de Pontevedra cerca de Ourense, fundamentalmente afecta á Cañiza.

O primeiro agradecemento que lles teño que facer é que parece que nos recoñecen ó Concello de Vigo o que dixemos de que a área metropolitana proposta de catorce concellos é un pouco pequena, porque nos están pedindo que incluamos á Cañiza.

Evidentemente seguiremos defendendo que Salvaterra ten que estaren por riba de todo porque para iso está o Porto Seco que coído que algo terá que ver co Porto de Vigo. Pero se vostedes nos piden que incluíamos A Cañiza moi gustosos tamén entraremos nese asunto.

O segundo agradecemento é porque así me permite falar da efectividade do goberno socialista, do goberno central encabezado polo Sr. Rodríguez Zapatero.

A verdade é que en efecto é unha licitación de quince millóns e medio de euros para arranxar ese pequeno tramo, fundamentalmente o tramo que corresponde ó Concello da Cañiza, pero é un exemplo de todo o esforzo que durante esta lexislatura está a facer o goberno presidido polo Sr. Rodríguez Zapatero para mellorar as estradas españolas. Por certo, a A-52 é fundamental precisamente porque marca un obxectivo crucial que tamén o é deste goberno municipal, que é o de asegurar unha maior seguridade das nosas vías e por iso fai estes investimentos, por iso dedicou estes últimos anos setenta e oito millóns de euros para operacións de rehabilitación e mantemento desa A-52 da que estamos a falar e que por certo remata no Porriño porque como sabemos do Porriño a Vigo é a A-55.

O goberno nos tres últimos anos estivo a investir setenta e oito millóns de euros, máis ou menos vinte e seis por ano, que se corresponden con once adxudicacións e tres licitacións que teño eu aquí, pero non o quero aburrir indicándolle todas as obras que se están a facer nesta A-52 porque se vostede colle o coche verá que en efecto algunhas delas están perfectamente realizadas.

Cando se prolongan os prazos dunha obra non é porque a quen licita a obra e vai poñer os cartos lle interese tardar tres anos, interésalle facela o máis axiña posible. En ocasións as administracións atópanse con algún tipo de problema e iso sábeo vostede porque xa anunciou cal foi o tipo de problema. Tratábase dunha UTE de empresas e unha delas está nun proceso concursal. Precisamente iso é o que crea as tremendas dificultades administrativas que fixeron que a posta en marcha desta obra se atrasase aínda que vostede mesmo recoñeceu que xa está en marcha.

Pensábase aprobarlle a moción mesmo deixando iso de que “se poñan en marcha”, para que non pensara que Vigo renuncia a defender non só o que é de seu, senón o de toda a súa ampla área e dende logo de toda Galicia. Por iso imos aprobar a súa moción aínda que deixando perfectamente claro que é un problema administrativo que estamos seguros que axiña se vai resolver.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: Nós pensabamos precisamente emendar esta moción e votala a favor no sentido de que non se trata do comezo, senón do remate das obras.

En primeiro lugar dicir que foi a nosa Deputada, D^a Olaia Fernández, Deputada do BNG quen en varias ocasións reiterou a necesidade da reposición dese firme bastante deteriorado polo paso do tempo e tamén pola utilización reiterada de máis de dez mil automóviles ó día. Sabemos que é unha das vías principais.

En segundo lugar ese traballo ó noso modo de ver, quizais se dilatou un pouco no tempo, vinte e oito meses é demasiado tempo, pero o certo é que falando do tempo teoricamente ese período remata en abril de 2010, aínda quedan cinco meses para poder rematar a obra. Polo tanto non estamos falando de que rematara o prazo da obra e polo tanto estiveramos fóra de prazo para a executar porque se os datos non me fallan o prazo de vinte e oito meses remata en abril ou maio do ano 2010 e polo tanto temos aínda cinco meses de prazo.

En terceiro lugar é comprensible e pasa en ocasións que as obras teñan eses atrasos derivados da situación das empresas. Por iso eu aí lle pido ó Partido Popular un pouco de responsabilidade porque as empresas non entran en crise cando teñen un contrato deste tipo; entran en crise precisamente por non ter contratos. Por certo, nese sentido vostedes saben bastante porque baixaron máis do 25% a licitación pública neste ano e as empresas se lle están queixando da situación que se está vivindo en Galicia precisamente polo tema da licitación pública. Tome nota diso porque iso si que é importante.

Por último dicir sinxelamente que somos conscientes desa situación, desa necesidade e que polo tanto imos apoiar a moción.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Indicarlle ó Sr. Álvarez que efectivamente co prazo de vinte e oito meses as obras rematarían en abril. Tamén lle teño que dicir que tristemente na vía non están a traballar todos os días, en ocasións non o fan. Non estou alí todos os días pero podo afirmar que en ocasións non traballan. Así que para que se rematen as obras dentro dos vinte e oito meses de prazo de execución terían que estar asfaltando todos os días porque nestes momentos aínda están parcheando. Parei a falar con algún dos obreiros e pódolle dicir que o remate da obra en vinte e oito meses é moi complicado.

Sr. Calviño, coma sempre vostede emprega un ton un pouco elevado. Eu non entendo as súas manifestacións porque dixó que o Regulamento do Pleno que se aplicou

durante moitos anos xamais tivo problemas e coido que aí está a solución. Se quere falar de Corina Porro que sempre a teñen vostedes na boca, vou falar eu tamén dela porque con ela non pasaban estas cousas como que decida en cada momento o partido que a vostede lle axuda a gobernar nesta cidade.

En canto á popularidade do Sr. Alcalde, Sr. Calviño eu non quero que o meu Alcalde teña que pagar un diñeiro para que non se publique unha enquisa, O que eu quero é que o meu alcalde sexa o mellor e non teña que pagar nada, non como o que temos que, como ben indica a enquisa é o cuarto peor valorado.

Dixo vostede que as licitacións son boas, que son gracias ó Presidente do Goberno Sr. Rodríguez Zapatero e que o atraso foi por culpa dunha empresa que deu en suspensión de pagos, pero eu maxino que esa suspensión de pagos se daría nalgún momento destes dous anos de espera para o comezo das obras. Neste Concello pasou o mesmo e resolveuse nun mes a suspensión. Todos coñecemos o que pasou. Polo tanto eu non entendo por que ten que lle botar a culpa á empresa.

O máis importante é que a día de hoxe aínda non se comezou o proceso de asfaltado para a recuperación do firme, só hai un parcheado e insisto en que é imposible que as obras se rematen en tempo porque, como pasa nas rúas e nas humanizacións de Vigo, se traslada ós traballadores cara outras partes da vía.

A ver se o Sr. Alcalde con esa influencia que ten pode facer que se repare esa vía que utilizan diariamente 8.000 persoas porque a entrada á cidade de Vigo é por esa vía, pola A-52 en confluencia coa A-55. Pedimos iso para que non se produzan accidentes porque son moitas as notas de prensa que falaban de accidentes nesa vía que indican que lle acontece algo. Imos ver se realmente é polo firme e de seren así poder subsanalalo.

Solicitamos novamente que se aprobe esta moción, coido que vai ser así, gracias a todos os grupos políticos, e pido tamén que se cumpra antes do ano 2010.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Cando fala vostede de que é unha obra imposible de rematar e que iso está avalado pola conversa con algún traballador, eu diríalle que fale connosco que nós falaremos cos responsables da empresa, co Ministerio, con quen faga falla e dirémoslle de primeira man se a empresa, se o Ministerio pode ou non asegurar que se remate en prazo. Non se quede vostede exclusivamente coa información que lle dea un traballador da empresa.

Por desgracia eu tiven que ir a un funeral en Melón esta fin de semana e fun por esa

estrada que eu quero que estea nas mellores condicións e por suposto que entre O Porriño e Pontearreas practicamente todo está nas mellores condicións e cheguei un cuarto de hora antes porque tampouco estaba tan mal. É dicir, mesmo as cousas que non temos demasiado mal arranxámolas cun investimento de quince millóns e medio.

Dareille algunha información máis. Non quixen explicarlle os setenta e oito millóns investidos polo goberno central os últimos dous ou tres anos pero xa que estamos falando da Cañiza direille que dende o 28 de xullo xa está aprobada a mellora por importe de 16,8 millóns de euros dos túneles do Folgoso, os da Cañiza. Mellora en todos os sentidos: de equipamento, seguridade, etc., porque lle volvo insistir en que a seguridade das vías, como amosan os datos en toda España e tamén aquí neste Concello, é unha preocupación vital para o Partido Socialista estea na institución que sexa.

Volveu falar vostede da enquisa, do Alcalde, etc., eu só lle pediría que da ducia ou dos case vinte casos que tiñamos pendentes historicamente nesta cidade ó mellor queda algunha, pero diga unha que non estea resolta entre outras cousas polo peso deste Alcalde, deste goberno e polo peso que temos no goberno central. Outra cousa é que nos estea empezando a preocupar que lamentablemente a Xunta de Galicia semella que se está pasando ó outro lado atendendo a Vigo, pero non llo imos permitir. Pediríalle que me dixera dúas porque o mellor queda algunha, a verdade é que tiñamos vinte e tantas causas pendentes.

De enquisas non lle vou falar, aínda que si lle digo que o Partido Socialista paga as súas enquisas e ten datos que xa verá vostede. Pero eu lle mando a única que realmente é válida, é outro tipo de elección onde votaron todos os vigueses, pero o invito de novo a que vexa o resultado das eleccións europeas en toda Galicia, no contorno de Vigo, os resultados en Vigo, os resultados en todas galegas, nesas cidades onde vostedes non teñen nin un só alcalde, que vexan os resultados e se decaten de que, aínda que non sexan unhas eleccións municipais, son unha grande enquisa porque votaron todos os cidadáns que quixeron e déronlles cen mil voltas, aínda que non digo que sexan exactamente o mesmo unhas eleccións europeas que unhas municipais.

Por último algo importante, coido que está moi demostrado o papel de apoio do goberno central a Vigo e como ademais ten ó seu carón ó vicepresidente da Deputación eu invitaríao a que se preocupen das cousas que están máis preto porque

dende logo que se hai unha vía desastrosa nesta cidade, unha estrada cunha situación absolutamente terceiromundista, é a chamada Estrada Provincial que é competencia e responsabilidade da Deputación Provincial. Preocúpense vostedes de cumprir onde deben coa nosa cidade e fagan dunha vez da humanización desa vía.

Poderíalle falar tamén da Xunta de Galicia, da avenida de Ramón Nieto, como case temos que pelexar para que nos deixen poñer dous pasos resaltados porque é unha estrada da súa competencia e pagando o Concello o que debería pagar a Xunta, temos que facer nós esas obras.

Preocúpense vostedes tamén do que son responsables e non me veñan poñendo as cousas tan fáciles para poder falar ben do que o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero está a facer por esta cidade.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Fala vostede moito do Sr. Rodríguez Zapatero pero lle digo que entre 2006 e 2009 na provincia de Ourense en materia de seguridade vial deixou o 50% sen executar.

Eu non lle preguntei ó obreiro que estaba a facer, só cantos traballaban e alí pasa coma no Concello de Vigo que se traslada ós obreiros dunha a outra humanización ou obra.

O que está claro, Sr. Calviño, é que vostede tenta botar balóns fóra involucrando a outras administracións. Déalle vostede tempo á Xunta de Galicia que xa verá como florecen moitas cousas e logo vostede terá que calar. En canto á Deputación tamén está aí, o que non pode vostede esixir é que todo se faga ó meso tempo.

Sr. Calviño o que ten que facer e ver para si mesmo e ver como ten a cidade, pero esta moción non vai da cidade, vai da A-52 e vostede falou doutras vías. O firme da A-52 está mal, os vinte e oitos meses de prazo de execución rematan en abril e o firme segue mal.

Sr. Calviño, deixe de querer xustificar ó seu Alcalde que é o cuarto peor valorado polas enquisas, deixe de xustificarse coa Xunta ou coa Deputación e preocúpese das vías con fochancas, unha tras outra, con charcos de auga. Non se preocupe dos temas das outras administracións, preocúpese do que debe, de quitar as fochancas da cidade de Vigo porque cando dixó que non as había houbo un “cachondeo” masivo por parte de condutores, de “moteros” desta cidade. Preocúpese desas circunstancias.

Pero como o importante é a moción, aprobémola todos coa correspondente

rectificación sobre o remate da obra no 2010.

Emenda formulada durante o curso do debate polo concelleiro do Grupo Socialista Sr. Calviño Rodríguez:

Retirar da parte dispositiva da moción "... para que de contado comecen as obras licitadas no 2007".

A Presidencia somete a votación a moción do Sr. Martiño Gómez xuntamente coa emenda do concelleiro Sr. Calviño Rodríguez.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Instar ó Goberno Central o arranxo e conservación do firme da A52.

17.- (236).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO QUE POR PARTE DA CONSELLERÍA DE FACENDA SE EVITE O INCREMENTO DO ENDEBEDAMENTO DO CONCELLO. DOC. 90123755.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de agosto, número de documento 90123755, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"Nestes días estamos a ver como por parte do Alcalde se anuncia nos medios de comunicación a intención de incrementar o orzamento municipal para o vindeiro exercicio 2010 a pesar da crise económica que vivimos no noso país.

Dende o Partido Popular cremos que como principal forza política da cidade e sendo o partido maioritario na Corporación debemos reclamar do Goberno Municipal unha actitude de responsabilidade cara a cidadanía. E no eido do orzamento entendemos que o responsable é reclamar da administración local o sentidiño para rebaixar o nivel de endebedamento do Concello e non esgotar a magnífica herdanza recibida no ano 2007 do goberno anterior, polo tanto adoptar o acordo de conter o gasto dada a excepcionalidade da crise e a non gastar por riba das previsións de ingresos facendo desaparecer o risco do endebedamento.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Que por parte da Concellería de Economía e Facenda se teña en conta a crise económica á hora de elaborar os orzamentos do vindeiro ano 2010 reducindo gastos improditivos e evitando deste modo que se incremente o endebedamento do Concello, aínda que isto só sexa por responsabilidade política e cidadán.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 31 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: A verdade é que esta moción a presentamos no mes de agosto para o correspondente Pleno e imos debatela no mes de novembro. Tamén sei que a Sra. Díaz debe estar triste, ademais se ve así porque é unha muller comprometida cos prazos e á que lle gustan moito estes. Eu pensei que esta moción ía chegar tarde pero resulta que o goberno local non se pon de acordo en realizar os orzamentos do ano 2010, debe ser porque van ser os últimos e atopámonos, gracias a Deus para esta moción, con que aínda non se presentaron en forma e prazo coma establece a normativa vixente.

O que reclamamos na moción é que diante das manifestacións do Alcalde e mesmo tamén da Concelleira de Facenda de tentar aumentar o orzamento municipal pola vía do endebedamento, basicamente pedimos unha actitude de responsabilidade por parte do goberno cara ó próximo exercicio presupostario e un pouco de sentido común para que non se aumente ese nivel de endebedamento porque coidamos que nunha época de crise coma a que vivimos o máis responsable, así o fan as familias e así coido que tamén o deben facer as institucións públicas, é apertarse o cinto e se unha cousa non se pode facer, hai que recoñecelo e non se fai. Manifestacións como: “O Alcalde decide endebedar Vigo ó máximo só para facer rúas” ou da Sra. Díaz como: “A boa saúde das contas permítenos ampliar a débeda para adiantar proxectos” parécennos unha absoluta irresponsabilidade por parte dun goberno medianamente serio, pero non estamos diante dun goberno serio nin tampouco que faga unha boa xestión.

Polo tanto o que pedimos é que diante desta situación de crise nos apertemos o cinto, que o orzamento do ano 2010 se conxele e se evite na medida do posible o endebedamento do Concello aínda que só sexa porque dean vostedes a cara e sexan responsables.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Querería comezar falando dos prazos. Di que estou triste, deben ser ilusións porque a verdade é que eu me vexo todos os días ó espello e para nada me vexo así.

Di que o dos prazos é porque non estamos de acordo. Eu pregúntolle algo que sei que non lle gusta: En Madrid pecharon o orzamento? Non lles gusta que eu lles lembre Madrid pero hai un rato a Sra. Larriba nomeou Ceuta, Córdoba, Santiago, Málaga, Segovia, Ciudad Real, Burgos..., ela si pode facer unha ringleira de cidades, eu non podo nomear nin sequera Madrid. Pero sen nomear Madrid, dígame que cidade pechou nestes momentos os orzamentos. Se cadra o problema de Madrid é Caixa Madrid e por iso non pecharon aínda o orzamento porque está tamén detrás. Di que a escusa é que non estamos de acordo pero erra, Sr. Conde, verá nuns días como está completamente equivocado.

Dixo que queremos endebedar este Concello. Vostede sabe que hai unha Lei que se chama de Estabilidade Presupostaria? Esa Lei di que un concello non se pode endebedar por riba do que amortiza e polo tanto é imposible incrementar o nivel de endebedamento do Concello. Non hai nestes momentos ningún informe de Intervención nin ningún documento que diga que non cumprimos ou que no ano 2007 ou no 2008 non se cumpriu a Lei de Estabilidade Presupostaria e que polo tanto que estamos endebedando o Concello. Estamos cumprindo escrupulosamente esta Lei de Estabilidade Presupostaria que lle impide ó Concello endebedarse.

Digo máis, vostede di que temos que reducir os gastos non produtivos pero, Sr. Conde, xa os estamos reducindo e póñolle dous exemplos. En primeiro lugar negámonos a pagar unha enquisa partidista e política que é unha auténtica estafa. Non len a letra pequena porque falaban antes dos 9.800 euros máis IVE e pódese solicitar cun custo reducido unha presentación dos resultados, é dicir, aínda máis. Negámonos a pagar isto porque si que é non produtivo. Querería saber eu que faría a Sra. Porro, se cadra se pagara ela a enquisa seguro que aparecería como mellor valorada.

O segundo exemplo é que reducimos os gastos de publicidade ou, non lembra que vostedes gastaron dous millóns de euros en seis meses en plena época electoral? Pódolle nomear algunhas facturas que se titulan textualmente "Campaña spots publicitarios novos proxectos da cidade e entrevista á Alcaldesa", pagadas cos cartos de todos. Estes son os gastos de publicidade que vostedes fixeron nos primeiros meses de 2007, antes das eleccións.

Pero nos deixaron máis débedas. Non lembran a modificación orzamentaria de nove millóns de euros que fixemos en xullo, no primeiro Pleno? Os que deixaron endebedado o Concello foron vostedes. Pero aínda hai máis porque, non lembran os gastos de mobiliario que fixo a Sra. Porro no Areal? Non lembran a débeda que nos deixaron polo Areal, os 4.500 euros que se gastou a Sra. Porro nunha mesa de despacho? Vaia ó despacho do Sr. Alcalde e vexa onde está esa mesa, vaia ver onde están eses 4.500 euros e, onde está a butaca de 4.800 euros que comprou a Sra. Porro? Onde están as alfombras de 17.000 euros máis IVE que comprou a Sra. Porro? Perdemos tres millóns de euros en alfombras, onde están?

Os que deixaron o Concello cheo de débedas foron vostedes e tivemos que seren nós neses primeiros meses quen tivemos que sanear o Concello e como a vostedes lles gusta moito a prensa, eu teño as probas dos resultados da liquidación orzamentaria en Galicia na prensa nacional onde se di que todos os Concellos pechan en déficit: O Ferrol -5.000, Sanxenxo -5.000, Santiago -4.000, Moaña -1.900, Cervo -1.600, Culleredo -1.600, Miño -1.500, Foz -1.500, Rianxo -1.300, Burela -1.300, Lugo -400 e empezan a estar positivos: Pontevedra 5.000, A Coruña 9.000, Ourense 11.000 e Vigo 27.400. Este foi o resultado da nosa xestión do ano pasado. Consequimos un resultado positivo de ingresos fronte a gastos por 27.900 euros. Esa é a nosa xestión, é a diferenza entre nós e vostedes. Nós si que somos conscientes da crise e si que queremos actuar, pero dende logo non facer o que fixeron vostedes.

Por todo iso presentamos unha modificación ó texto da moción que propoñen vostedes. A nosa proposta é: “Que por parte do goberno municipal se teña en conta a crise económica á hora de elaborar os orzamentos do vindeiro ano 2010, fomentando os investimentos e a creación de emprego e con emisión cero de débeda neta, mantendo así o nivel de endebedamento ós niveis tan baixos como os dos dous últimos anos”.

SR. CONDE GIL: Efectivamente sei da existencia da Lei de Estabilidade Presupostaria. Dixo D^a Raquel Díaz Vázquez, Concelleira de Facenda: “Este Concello é un dos menos endebedados de España, ó 20% do seu orzamento cando o límite legal é 110 e ten unha situación que xa lles gustaría a moitas outras grandes cidades. Anticiparemos fondos e podemos ampliar a débeda pero sempre en equilibrio para garantir o investimento nos próximos anos”. A ver quen fala aquí de endebedar.

En canto ós gastos improditivos dixo vostede que os baixa. Vostede mente, pero é

que o fai constantemente neste Pleno, debe ser que como ten o corpo aquí e a cabeza en Madrid ten unha transposición.

O da enquisa é lamentable. Eu veño repetindo todos os Plenos que non só o Alcalde é o cuarto peor valorado de toda España, é que a xestión municipal tamén deixa á cidade nos últimos postos. Dende que xestionan vostedes a cidade imos en caída libre.

Dixo que reduciron os gastos non produtivos porque non pagaron 12.000 euros dunha enquisa. Na seguinte moción falarei dos 180.000 euros do vídeo, pero agora leo os recortes de prensa: "Caballero descualifica o estudo que o coloca entre os peores alcaldes". Habería que saber que pasaría de colocalo entre os mellores e, por certo, entón o Sr. López Orozco pagou pola enquisa porque parece que os socialistas son distintos en Lugo que en Vigo.

Á parte dixo vostede que reduciron os gastos en publicidade. Hai que ter cara. Aumentáronse en máis dun 20% os gastos de publicidade e protocolo neste Concello e ven dicindo vostede que se reduciron cunha grande argumentación, di que en seis meses se gastaron dous millóns de euros. Quen paga a propaganda case "chavista" do programa de Tele Vigo de "Aló Presidente"? E quen paga o programa da radio? Supoño que non o Alcalde do seu peto, pagarémolo todo nós dos nosos impostos.

Falou tamén da modificación de créditos por mor do mobiliario. Xa lles dixemos moitas veces que se teñen todas esas cousas que as traian e falamos delas. O sofá está no despacho do Alcalde e o edificio do Areal está alí que, por certo, aínda que non lles gusta adoitan usalo con bastante frecuencia. Tamén me pregunto que pasa cos oitenta e dous millóns de euros que lles deixou o Partido Popular na caixa? Coméronos e por iso se hai que endebedar porque cando se gasta máis do que se ingresa e do que se ten ó final hai que recorrer ó endebedamento.

Non imos admitir a emenda á moción en primeiro lugar porque non admitimos leccións de vostedes; en segundo lugar porque a moción é moi clara, di: "Que pola parte da Concellería de Economía e Facenda se teña en conta a crise económica á hora de facer os orzamentos do vindeiro ano 2010. En consecuencia se conxele o mesmo evitando deste modo o endebedamento do Concello aínda que isto só sexa por responsabilidade política e cidadá". A responsabilidade política e cidadá é ó que os chamamos, a que sexan responsables porque polas declaracións que fan nos medios de comunicación non o son.

Tampouco é necesario lembrar neste Pleno que cando collemos o goberno no ano

2003 a débeda deste Concello era de máis de 108 millóns de euros e que a deixamos en 47 millóns de euros. Veremos no 2011 onde a deixan vostedes porque agora non é o momento de facer o balance, será no 2011.

O dos prazos non é cosa de meu, eu non os invento, quen ven sempre aquí darse golpes no peito, presumindo dos prazos é única e exclusivamente vostede, Sra. Díaz, pero este ano non o pode cumprir. Si ten que falar en concreto de dúas cidades, unha delas é Madrid, pero xa lle dixen ó principio deste Pleno que vaia vivir e facer política e discuta nos Plenos en Madrid que é realmente o que lle gusta. O ten ben fácil, seguro que coas conexións que ten o Alcalde en Madrid lle atopa un acomodo e igual ata lle gusta podela mandar cara alí.

Non imos admitir a emenda, imos someter a moción a votación tal e como ven e se vostedes son medianamente responsables apoiarana que é o lóxico, o problema é que non o deben ser.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Asómbreme unha vez máis, Sr. Conde, xa dixen que ós poucos ían saír as verdades. Agora, na súa segunda intervención comezou por fin recoñecendo que estamos no Concello menos endebedado de España, que estamos nun endebedamento do 20%, por fin o recoñecen ó igual que o outro día recoñeceron o das débedas.

Non vou falar de Madrid, vou falar da Deputación porque o seu nivel de endebedamento nestes momentos é do 80%. Compáren. Sinxelamente compáren porque Vigo nestes momentos está nun 20% de endebedamento e a Deputación de Pontevedra, gobernada polo Partido Popular, está en máis dun 80%.

Si que defendemos que imos seguir xestionando mellor, traballando por Vigo e xerando o ano que ven investimentos e emprego e iso é o que verá nos orzamentos, porque cando vostede fala de responsabilidade o que di é que temos que diminuír os investimentos, o gasto social, as prestacións... Iso é o que defende a política do Partido Popular e diso é do que estamos en contra. Estamos xestionando eficientemente para mellorar os investimentos, o gasto social e as prestacións para así xerar máis emprego.

Dóeslle o da enquisa, claro que si, pero eu só lles fago unha pregunta: se nós non pagamos, se o Concello de Vigo non pagou para facer esta enquisa, como se fixo e apareceu o Alcalde en cuarto lugar? Porque se os cartos necesarios para facer esta enquisa eran 12 millóns de euros e non se deron, como se fixo esta enquisa? Onde

está a mostraxe, o intervalo de confianza, onde están os datos que avalan a mostraxe? Eu pódolle facer unha enquisa mañá, chamo a todos os do Partido Popular e preguntolles que opinan do Alcalde e terei unha porcentaxe dun 2% de confianza e xa está. A forma de solucionar as enquisas se non hai 12.000 euros é así, Sr. Conde, iso é o que lles doe.

Con respecto á televisión, a diferenza entre vostedes e nós é que nós non pagamos. A nós chámannos as televisións e as radios para que vaíamos os programas; esa é a diferenza.

Nós non pagamos os programas, os programas ós que imos son os de maior audiencia nesas televisións e polo tanto imos porque nos chaman, para facer un programa de audiencia no que participamos todos e os protagonistas deses programas son os cidadáns porque son eles os que nos chaman. Xa sei que isto non lles gusta.

En canto ó mobiliario, mañá podemos abrir as portas do Areal e van todos vostedes pasando por todos os despachos a ver o que falta. Pero imos facer como fixo, coido que foi o Concello de Pamplona, imos colgar de cada lámpada, colocar en cada sofá, en cada mesa e en cada alfombra a etiqueta do que custou e entón pasan vostedes e tamén os cidadáns para que vexan a lámpada de millón e medio de pesetas, as alfombras de tres millóns de pesetas, a mesa dun millón de pesetas...

Imos facer unhas xornadas de portas abertas para que todos os cidadáns poidan ver canto custou cada cadeira que está alí, cada alfombra, cada lámpada e imos poñer outra etiqueta na porta: 2.000.000 euros que foi o que custou o edificio para lle facer un despacho á Sra. Porro que non lle gustou e entón fixo outro na Deputación; dous millóns de euros na porta e a sumarlle todas estas facturas.

Pero o colmo do descaro é cando di que estamos endebedando máis e máis, estamos deixando sen cartos ás arcas do Concello.

Acabamos de dicir que este Concello foi dos poucos que rematou con cifras positivas, é dicir, incrementando as arcas do Concello. Sr. Conde, non sabe vostede o que é sumar e restar? Se temos un resultado positivo súmase, polo tanto como é iso de que estamos endebedando e diminuíndo as arcas? De onde saca vostede iso? Está enganando a todos, está informando mal para que todos crean que estamos desfalcando. Iso si que non o consinto. Os resultados están aquí, están sacados da páxina do Ministerio, Sr. Conde.

Fágolle un reto: vaia á páxina web do Ministerio de Economía e Facenda, teclee onde

pon “Estatísticas e informes”, teclee onde pon “Estatísticas territoriais” e aí teclee de novo “Datos presupostarios das entidades locais”. Aí está todo, aí estamos os que terminamos en positivo e os que en negativo, os que sumamos e os que restamos. Só hai unha razón para que non acepten a emenda que nós propoñemos: que non están dispostos en ningún momento a colaborar con este goberno porque a nosa emenda é moi clara, di que imos traballar polo investimento, polo emprego e con endebedamento cero. Máis investimento, máis emprego e endebedamento cero. Néganse sinxelamente por dicir que non.

Durante a súa intervención a Sra. Díaz Vázquez foi interrompida en tres ocasións polo Sr. Figueroa Vila, tendo que intervir a Presidencia para pedirlle que gardase silencio.

SR. CONDE GIL: Coido que vostede está equivocada, vostede estaba falando aquí de D. Emilio Pérez Touriño, ex Presidente da Xunta de Galicia, dos despachos, das cadeiras, dos “*mojitos*”..., coido que vostede non estaba a falar da persoa axeitada. Hai que ter “cara lavada” Sra. Díaz, para nos dicir aquí que un programa de televisión cede 60 minutos ou o tempo que sexa a un señor para que faga un programa gratuitamente. Iso non o cre nin a miña filla de sete anos e a verdade é que o programa non é precisamente de moito humor porque o Sr. Gila e o Alcalde pouco parecido teñen.

No ano 2003 cando o Partido Popular colle o goberno a débeda era de 108.300 euros e cando o deixamos no ano 2007 era de 47 millóns de euros.

O índice de endebedamento baixou do 66,1% no ano 2003 ó 21,5% no ano 2007. Se vostedes poden presumir dese dato de 27.000 euros positivo é por toda a xestión que fixo o Partido Popular rebaixando a débeda por habitante e os índices de endebedamento e todo neste Concello.

Agora ven dicir que dentro de pouco veremos o orzamento. Xa veremos se é verdade, o ano está rematando, igual levamos a sorpresa e o presentan; di que van dedicar parte o emprego pero o dato está aquí: co Sr. Caballero hai 8.367 parados máis dende xuño de 2007 a outubro do ano 2009 e falta o mes de novembro que remata hoxe. Teño aquí as cifras do paro, Sra. Díaz, e vostede dedícase sinxelamente a invitarnos a ver as dependencias da rúa Areal. Cando queira e tamén pode levar a todos os socialistas que están empregados, que igual algún está sentado por aquí en troques de estaren no seu posto de traballo e que nos fagan de guía, que vaian

poñendo as etiquetas nas cadeiras, na alfombra ou na lámpada. Cando e onde queira, non temos medo nin nada que agochar.

O que si lle rogaría é que a partir de agora me mande as instrucións de como hai que entrar na páxina web porque como di vostede que non sei nin sumar nin restar, entrar nunha páxina web xa pode ser algo moi difícil para min, vou ter que ir un *master* ou senón mo da vostede así igual se pon un pouco máis contenta dándome leccións e así non está tan triste coma está.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Conde Gil, instando que por parte da Concellería de Economía e Facenda se evita o incremento do endebedamento do Concello, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (237).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOLICITANDO SE POÑAN NA WEB DO CONCELLO TODOS OS VÍDEOS E FOTOS PROMOCIONAIS DA CIDADE. DOC. 90123756.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de agosto, número de documento 90123755, o concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

“Estes días estamos asistindo ao escándalo que supón o encargo dun vídeo por parte do goberno municipal cun custo de 180.000 euros para as arcas municipais sen que nin sequera os vigueses e viguesas tiveran coñecemento directo do mesmo, ao se atopar só colgado na rede “youtube”.

Dende o Partido Popular entendemos que é necesario que todos estes vídeos promocionais e fotografías da cidade estean a disposición dos cidadáns ao menos para o seu coñecemento.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

“Que a partir da presente moción se proceda a colgar na web do Concello de Vigo todos os vídeos e fotografías promocionais da cidade a disposición dos veciños e veciñas da cidade.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 31 de agosto, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Vou falar dun tema interesante do que hai tempo que teríamos que ter falado, pero dada a falla dun regulamento do Pleno e a insistencia en paralizar as mocións para que se acumulen no rexistro deste Concello, tratámolo varios meses logo.

Ó fío do que dicía antes a Sra. Díaz sobre o aforro deses 12.000 euros que falaba antes que custaba a enquisa, no mes de agosto descubrimos que gastarmos nun vídeo de promoción da cidade nada máis nin nada menos que 180.000 euros, trinta millóns de pesetas. Como non son cartos de seu a algún débelle parecer pouco. Teño aquí o vídeo e é increíble que custe 180.000 euros. Este vídeo que semella que serviu para promocionar a cidade no Mundial de Hockey a patíns, evento que se realizou este ano, digo que parece ser porque non coinciden moito os datos, tamén para outra serie de eventos que tampouco quedaron moi claros, é un vídeo que se titula “Vigo, corazón de dragón”, dura sete minutos e a súa única publicidade realízase en YouTube. Calquera de nós pode facer isto, gravar un vídeo en casa e colgalo en YouTube. Xa ve, Sra. Díaz, que ata sei entrar en internet e sei que hai vídeos que fan cidadáns anónimos de moitos sitios e que teñen millóns de visitas. Este vídeo que custou a chilindrada de 180.000 euros, máis de 30 millóns de pesetas, tivo unha cantidade increíble de visitas en YouTube: 1.619. Quedei conmocionado ó veren que 1.619 veces alguén entrou en YouTube para veren un vídeo de 180.000 euros, con gravacións de imaxes aéreas de sete segundos por máis de 14.000 euros, realizacións de imaxes en 3D de 10 segundos que custan case 5.000.000 de pesetas,

como en Vigo non hai fotografías, nin fotógrafos, nin arquivo de fotografías no Concello, realización de fotografías máis de 3.100 euros; rodaxe, montaxe, post produción e sonorización de máis de 85.000 euros. É unha cousa moi alucinante e tamén é alucinante que entraran 1.619 veces.

Dende o Partido Popular coidamos que non é de recibo que se gasten estas cantidades a dedo cunha empresa amiga que casualmente fixo o vídeo de promoción do Bloque Nacionalista Galego para as eleccións municipais, vídeo que é dunha calidade semellante á do vídeo que teño eu aquí, é algo curioso e eu tamén invito ós cidadáns a que entren no YouTube para que o poidan consultar porque ten imaxes que lembran a este vídeo de 180.000 euros.

Pedimos que a partir de agora todos os vídeos de promoción da cidade e todas as fotografías teñan un apartado na páxina web do Concello e que polo menos todos os cidadáns saiban onde acudir para os poder ver e non teñan que entrar no YouTube e marcar "Vigo, corazón de dragón".

Neste caso vimos como o Partido Socialista estivo total e absolutamente calado, ninguén dixo absolutamente nada deste gasto pero hoxe ven a Sra. Díaz aquí a darse golpes no peito porque presuntamente tampouco hai ningunha proba máis que a desculpa, alguén pediu 12.000 euros por unha enquisa, cousa que non acreditaron en ningún caso.

Entendemos por tanto que polo menos, xa que nos gastamos esta inxente cantidade de diñeiro nun vídeo de promoción da cidade, que se colgue na páxina web e que todos os cidadáns poidamos ter acceso ó mesmo e mesmo utilízalo porque igual no facebook do Sr. Domínguez, do Sr. Caballero ou mesmo no meu podíamos colgar algunha desas imaxes ou vídeos para que os nosos amigos de fóra de Vigo puideran ter coñecemento desta cidade.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Debe ser a cuarta ou quinta vez que neste Pleno vostede saca a colación o tema do vídeo e tamén a cuarta ou quinta vez que lle explico que non se pagaron 180.000 euros por un vídeo. Agora debe ser a primeira vez que empeza vostede a analizar por que se pagaron eses 180.000 euros. Vostede queda moi tranquilo cando segue mentindo e intoxicando. Alá vostede con esa tranquilidade.

Vou dar datos. Á empresa á que se lle encarga ese vídeo, non a dedo senón en trámite de urxencia avalado polos servizos xurídicos e da Intervención, traballa en

Vigo non só para este Concello, nin sequera só para o Bloque Nacionalista Galego. Esa empresa, por poñer un exemplo, traballou tamén para a Autoridade Portuaria, para o Porto de Vigo. Non se pode desprestixiar a empresas desta cidade coma vostede o está a facer. Son empresas que traballaron tamén para concellos gobernados polo Partido Popular, seica daquela eran amigos de seu. Non se pode desprestixiar a unha empresa desta cidade que ten o mesmo dereito de traballar con este Concello, co BNG e con quen queira como teñen as súas, exactamente igual.

Voulle pedir un favor. Quero que vostede vaia o último concurso público que saca Xacobeo co goberno do Partido Popular e vexa por canto licitan practicamente os mesmos conceptos dos que vostede está a falar para un spot que serviu de publicidade para o novo Xacobeo. Máis de medio millón de euros, non que ofertaran as empresas senón prezo de licitación e practicamente por eses mesmos conceptos.

A diferenza entre vostede e eu é que eu non vou criticar algo que se se fai tecnicamente ben e se fai polo libro, como se fixo isto, pode valer porque o mercado se move nunha serie de marxes e iso vostede sábeo. Non critiquei xamais iso nin o ía facer, pero agora si porque son vostedes os que están mentindo e calumniando. Sabe a que empresa se lle adxudicou ese spot? A unha empresa de Madrid. Cos cartos dos galegos e das galegas adxudícaselle ese spot, que entre unhas e outras cousas foron dous millóns e medio de euros, o medio millón e isto que lle estou dicindo, os conceptos polo que vostede di que se malgastan 180.000 euros, pois máis de dous millóns e medio de euros foron cara unha empresa de Madrid. Esa é realmente a diferenza.

Repito que non vou entrar na dinámica que vostedes queren que entre pero cando queira falamos dos gastos de promoción do Padroado Rías Baixas pertencente á Deputación Provincial. De seguiren vostedes nesa dinámica non se preocupen que tamén falaremos diso.

Explíqueillo cinco veces, dixémolo por activa e por pasiva e vostede acaba agora de analizar certos conceptos desa factura e polo tanto antes estivo enganando e intoxicando cando dixo á cámara que ese aparato, que non é máis ca unha copia que vostede pediu e que se lle deu, vale 180.000 euros. Vostede sabe que unha copia en DVC non vale eses cartos. Iso é falsear e intoxicar. Pero vaia vostede ás contas do Xacobeo e falaremos de como se malgasta.

Non quería entrar nisto porque coido que hai que elevar o nivel desta Corporación. O BNG nunca adxudica a dedo como vostede acaba de dicir, adxudica sempre dentro

da lei, como eu coido que tamén fan vostedes e xamais dixeran o contrario porque de teren probas do contrario non o diría aquí, iría onde teño que ir. Estou seguro que vostedes na Deputación, na Xunta, etc., non adxudican a dedo e repito que de teren probas iría cara outro sitio pero non deixaría a calumnia, “mente que algo queda” coma vostedes están facendo.

Non tiña a intención de sacar estes temas porque quería e quéroille votar a favor da moción e imos votarlle a favor porque non temos ningún problema na Concellería de Turismo en poñer todas as fotos e imaxes na web do Concello e ademais que se porán.

Pero vostedes dunha alternativa válida coma a que presentaron anteriormente da guía de accesibilidade, sempre utilizan todos os resortes que teñen para mentir e calumniar. Sigán facendo así. Nós imos dedicármolos a traballar por esta cidade e non a malgastar. É unha irresponsabilidade o que vostede acaba de dicir hai un momento, que hai que reducir, que hai que conxelar o orzamento en tempos de crise. Iso é unha gran irresponsabilidade porque en tempos de crise hai que aumentar as axudas para as familias necesitadas, para bolsas, para comedores escolares, para o pequeno e mediano comercio; iso é o que hai que facer en tempo de crise.

SR. CONDE GIL: Eu non quixen indicar en ningún momento que gastasen eses 180.000 euros na caixa, senón no que contén o CD e o que está colgado no YouTube e que tivo 1.619 entradas que todos sabemos que non teñen que coincidir co nominal de persoas.

Sr. Domínguez, sei que este tema do vídeo dóelle pero como di o refrán “quen se pica allos mastiga”. Que veña vostede dicir que estamos desprestixiando a unha empresa desta cidade como pode ser Cícere, que curiosamente ten outra filial que tamén traballa bastante para vostedes, a persoa que contratou cunha axencia de viaxes de Santiago de Compostela as viaxes a Bruxelas cando foi o da Universiada ten *narices*, ten vostede unha “cara lavada política” que non lle entra pola porta. Que veña falar do Xacobeo e de todas esas cousas, antes a Sra. Díaz falaba de Madrid, vostede agora vai Santiago. A feira da Habana na que se consumiu aquela cantidade de cartos en “*mojitos*” unha empresa de Alemaña foi a que levou os libros que nin sequera de España, como dirían vostedes do Estado Español. Ou sexa que se unha empresa de Madrid, de España fixo o vídeo, o que descoñezo nestes momentos, está no seu dereito se se presentou a un concurso e gañouno por algún motivo sería.

O que non é de recibo é o que di vostede que se agora recoñezo e analizo porque perdoe, Sr. Domínguez, esta factura entregóuselle no seu momento ós medios de comunicación e está colgada na páxina web do noso partido, non a agochamos en ningún momento e eu falei e analicei esta factura dende o primeiro momento e consultamos tamén con empresas que se dedican á comunicación, mostrámoslles o vídeo e din que sen entrar a xulgar a creatividade do realizador á hora de localizar as imaxes e o formato, que coma moito, botando polo alto serían 24.000 euros. Ata 180.000 euros hai bastante.

Realización de imaxes en 3D. A verdade é que eu vin o vídeo e cronometreino. Hai imaxes en 3D das que eu falei cun técnico, persoa moi entendida nesta materia, e díxome que imaxes en 3D deben ser a recreación dalgún estadio deportivo por motivo do Mundial de Hockey. Pois non, os dez segundos, a 3.000 euros o segundo de realización de imaxes en 3D é dun feto. Non me estraña que este Concello ocupe o cuarto posto pola cola en xestión municipal tamén porque con estes gastos o raro é que non sexa o último.

En canto ós sete segundos das gravacións de imaxes aéreas saíron por 14.200 euros, non vou facer agora aquí a división pero saen por uns cartos.

Pero o bo de todo este tema é que a maioría das imaxes son de arquivo. É máis, estase promocionando un mundial de hockey e non sae un só segundo deste deporte malia que temos un equipo nas máis altas divisións deste país. Iso si, saen dez segundos dun feto en 3D, non entendemos moi ben o significado. Igual como o Sr. Domínguez Olveira dixo que era un poeta nunha intervención, igual o hockey, a poesía a través do feto; eu non o entendo moi ben.

Pero si que as imaxes deportivas que saen son de arquivo, da Cutty Sark, da Volvo Ocean Race, do Real Club Celta de baloncesto e de fútbol; esas son as imaxes deportivas que se utilizaron neste vídeo para promocionar a cidade para o Mundial de Hockey. Vin o vídeo que se atopaba colgado, non sei se o está nestes momentos porque dende o mes de agosto coido que se suspendeu a páxina web do Mundial de Hockey, e non é exactamente o mesmo vídeo que se me entregou. Xa que van votar a favor da moción colguen todos na páxina web.

Insisto novamente en que curiosamente coido que esta é a mesma empresa que realizou o vídeo do Bloque Nacionalista Galego porque o certo é que a calidade das imaxes, a sonorización, rodaxe, montaxe e todo iso son moi similares.

Aquí se nos acusa de que é unha irresponsabilidade que pidamos que se conxele o

orçamento, que o que hai que facer é gastar máis, tirar a casa pola fiestra cando non se ten. Gastando 180.000 euros nun vídeo de sete minutos de duración non me estraña que vostede pense que o mellor é tirar a casa pola fiestra pero nós coidamos que épocas de crise o mellor é aforrar.

Por certo, xa que falou de axudas, polo menos cando saquen unha liña de axudas que se cubra, que non pase como as axudas da súa concellería destinadas ás familias para adquirir no comercio de Vigo que non se cubriron.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Evidentemente segue vostede na mesma liña. De momento ata os dous millóns e pico que gastou Corina Porro na anterior lexislatura e xusto antes das eleccións municipais aínda queda bastante. Non quería pero hai que dicilo todo xa que vostede o di e foi con empresas de comunicación cuxo propietario era un coñecido militante do Partido Popular e, mire vostede o que lle digo, non me parece mal sempre que se contratase como o hai que facer. Hai algún delito en que neste Concello se contrate a unha empresa legalmente establecida e que polas canles legais fixera un vídeo para o Bloque? Coidado, vídeo pagado polo Bloque Nacionalista Galego, nós pagamos as cousas e as publicidades que facemos, o Bloque paga sempre.

Un debate así, Sr. Conde, a min persoalmente non me gusta absolutamente nada, gustaríame que faláramos de como entre todos promocionamos esta cidade.

O vídeo "Vigo, corazón de dragón" estivo na páxina web da Universiada e hai varios porque dependendo de cada momento e de cada proxección hai que adaptar ese vídeo; recibiu máis de 36.000 entradas de máis de 80 países diferentes; ese mesmo vídeo que unha ex compañeira súa de Corporación puido ver no momento da súa primeira fase cando nos acompañou a promocionar a Universiada.

En troques de estar aquí falando de como promocionar esta cidade, igual que o estamos facendo entre Xunta, Ministerio e nós, de como entre todos facemos que Vigo teña máis turistas, que veña máis xente... porque claro que poderíamos discutir aquí se o vídeo lle gusta máis ou menos, se é de maior ou menor calidade; claro que iso é discutible, pero non todo o que vostede está sacando.

Tamén dixo que se contratou a unha axencia unha serie de viaxes. Contratouse a unha axencia de Santiago pero os cartos foron para hoteis desta cidade, todos e cada un dos hoteis foron desta cidade. Contratáronse as viaxes para traer ás delegacións e ás seleccións de hockey a esta cidade, para lle dar riqueza a esta cidade e contrátase

cunha axencia de Santiago por unha razón, porque todo iso se fai a través da Federación que é quen nos marca a serie de provedores que temos que poñer.

Acabo de tomar unha decisión. Pode vostede seguir nesta liña canto queira, vou contestar hoxe e non penso contestar xamais porque esta Corporación e a cidade merecen outro tipo de debate, de verdade que si.

Eu non me atrevo a dicir se vostede sabe sumar, restar, multiplicar ou dividir, supoño que si, coido que si, pero o que se paga dun vídeo non son os segundos ou os minutos que aparecen nel; o que se paga é o tempo de realización deses minutos e segundos. É outra auténtica falacia dicir que se cobran 30.000 ou non sei cantos euros dixo vostede, por tres segundos a 3.000 euros o segundo; repito que o que se paga nun vídeo non son os minutos de realización final, senón todo o que custa chegar a eses minutos ou segundos.

Para gravar unhas imaxes aéreas como as que se gravaron, porque entre outras cousas neste Concello non había nin unha soa imaxe, nin unha soa fotografía propiedade do Concello de Vigo e por iso temos que pagar dereitos e por iso agora si no Plan de Competitividade unha das cousas é pagar os dereitos a certos fotógrafos, pois na realización dunhas imaxes aéreas hai que alugar un helicóptero para as facer e para chegar a eses sete ou dez segundos o helicóptero ó mellor ten que saír tres, catro ou cinco veces por unha razón que calquera cidadán entende: porque hai veces que cando se sae a climatoloxía, etc., impide esa gravación.

Pero lle repito que por iso mesmo, gravacións aéreas, 3D, realización, etc., o Xacobeo licita por medio millón de euros. Pero iso si, como dicía antes, a unha empresa de Madrid.

Non sei que entende vostede por axudas. Este Concello por primeira vez vai dar a máis de setecentas familias unha cantidade que oscilará entre 600 e 800 euros para incentivar o consumo nesta cidade. Máis de 1.100 comercios presentáronse a outras axudas para o pequeno e mediano comercio. Iso é o que ten que facer unha administración en tempo de crise, axudar ós sectores que máis o necesitan.

Repito que lle imos aprobar a moción porque si estamos de acordo en que as imaxes se poden poñer na web do Concello, non pasa nada, sinxelamente volveríalle pedir unha vez máis que eleve o nivel desta Corporación e que traballe conxuntamente co goberno para que Vigo teña a promoción que necesita e vou utilizar unha palabra un pouco vulgar pero máis acadaia nestes momentos, non “enmerden” por favor a vida política deste Concello.

SR. CONDE GIL: Hoxe teñen a obsesión de dicirme esa palabra, debe ser que din en fibra sensible.

Dicía vostede antes que tiña todos os informes favorables, pero os informes da Intervención e da Asesoría Xurídica non din o mesmo e comínolle a que os lea. Eu só falo de dous aspectos: “Declaración de nulidade da prestación dos servizos prestados pola empresa Cícere Comunicación S.L.” e “Indemnización substitutiva a favor da compañía Cícere Comunicación por un importe de 180.000 euros, IVE incluído”. Iso porque fixeron unha adxudicación a dedo, Sr. Domínguez Olveira. Por certo, esta empresa xa leva facturado non só so os 180.000 euros, por unha banda máis de 361.000 euros e a través da outra empresa que é Anónimo Publicidade máis de 1.200.000 euros. Estes datos corresponden ó mes de agosto deste ano. Isto son moitos cartos e como xa llo demostrei co informe da Intervención a maioría das adxudicacións foron dixitais.

Por certo, un día nun avión ou nun helicóptero para realizar unha gravación de imaxes aéreas sae por 1.000 euros, ata 14.200... Non sei se estiveron catorce días co avión por aí, non sei se deu algún que outro paseo.

O certo é que os datos están aí. Di vostede que o vídeo fala outra volta da poesía, da prosopopea, fala do divino e do humano, da realización... A realización de guións foi por 6.824; rodaxe, montaxe, post produción e sonorización 85.139,91 euros; realización de diferentes versións 3.000 euros; estilismo e coordinación do equipo de figurantes 3.125 euros; realización do proxecto 4.795 euros; gastos de produción 5.100 euros. Todo isto sumado á realización de imaxes aéreas, á realización de imaxes en 3D e á realización de fotografías dá un total, IVE incluído, de 180.000 euros. Un escándalo, Sr. Domínguez Olveira, ademais para o promocionar en YouTube que xa lle digo que hai moita xente anónima que fai vídeos con millóns de visitas que lle custan igual 40 ou 50 euros e iso xa tirando polo alto.

Vostede critica e di que se en Vigo non había ningunha imaxe. Vostedes non deben buscar ben porque hai un vídeo que poden pedir a Televisión Española e do que o Concello ten copias, de vinte e cinco minutos de duración, dunha calidade extraordinaria, realizado para o programa “Cidades para o Século XXI”, realizado por Televisión Española, que non é por nada pero que seguramente ten mellores profesionais ca empresa que realizou o vídeo dos sete minutos que lle custou ó Concello de Vigo os gastos de aloxamento dos profesionais que viñeron gravar o

vídeo, 3.000 ou 4.000 euros. Foi un convenio asinado entre a Sra. Porro e Televisión Española. Esta é a maneira de xestionar do Partido Popular. Non lle custou un duro ó Concello de Vigo. Vostede tiña vinte e cinco minutos dunhas magníficas imaxes para facer promoción da cidade e non facía falta gastar 30 millóns de pesetas que é o que lle custa un piso a un cidadán de Vigo. Non facía falta porque existía ese vídeo no Concello de Vigo. Igual o que teñen que facer vostedes é buscar ben.

En canto á empresa de Santiago, curiosamente era “Viajes Santiago”, empresa que traballaba tamén bastante co Bloque Nacionalista Galego na Xunta de Galicia.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez e Muñoz Posse,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PP, Sr. Conde Gil, solicitando se poñan na web do Concello todos os vídeos e fotos promocionais da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTE:

A.- INCREMENTO NA CONTÍA DESTINADA A COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE NO ORZAMENTO VIXENTE DO ORGANISMO AUTÓNOMO ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS. EXPTE. 159/13.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe-proposta de data 28 de outubro de 2009, emitido polo administrador da Escola Municipal de Artes e Oficios coa

conformidade da presidenta da Xunta Reitora:

“A Presidenta do Organismo Autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios, con data 27 de outubro do ano no que andamos ditou orde de servizo para a instrución da proposta ó órgano municipal competente co obxecto de incrementar a partida 4221.1500000 (produtividade), ata un máximo de 43.000€, xa que a cantidade existente na partida é insuficiente para retribuír a actividade extraordinaria, o especial rendemento, a iniciativa e o interese con que determinado persoal da Escola desenvolve as funcións inherentes ao posto de traballo que desenvolve.

O complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ao sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), presupostos ós que o art. 21.1e) da Lei 31/1990, do 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a produtividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de recoñecerse o dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futura de non se manter os presupostos legais, é dicir, o especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Polo que ás Administracións Locais se refire o art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que a contía do complemento de produtividade se reflicte para cada exercicio no orzamento de cada Administración Local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartado 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ao Pleno de cada Corporación a través do orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

Legislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Lei 3/1982, de agosto, de Reforma da Función Pública (LRFP)
- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Réxime retributivo dos Funcionarios das Administracións Locais (RD 861/1986), modificado por RD 168/96 do 2 de febreiro.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990).
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLFL).

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos, a

S.Ordinaria 30.11.09

materialización da implementación da partida de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito da Presidenta do Organismo Autónomo da Escola Municipal de Artes e oficios, o incremento do crédito existente ao obxecto de que con posterioridade se instrúa o correspondente expediente de modificación de crédito.”

Polo anteriormente exposto, o administrador da EMAO emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, con data 30 de outubro, emite o preceptivo informe do xeito que segue:

“O referido expediente ten por finalidade someter á consideración do Concello-Pleno proposta de incremento da contía global dotada no orzamento vixente do organismo autónomo correspondente ó ano en que andamos para complemento de produtividade. A cantidade que se pretende ampliar, segundo se desprende da proposta, ascende a un máximo de 43.000 euros.

A competencia para a fixación e ampliación de dita contía global corresponde ó Pleno da Corporación, a teor do previsto no artigo 93.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local.

Polo que respecta ós feitos e circunstancias que motivan a solicitude ó Pleno da Corporación do incremento da contía do complemento de produtividade obedece, segundo se desprende da orde de incoación do expediente que se informa: *“Téndose producido circunstancias e feitos determinantes dunha actividade extraordinaria e de un especial rendemento e téndose apreciada unha especial iniciativa e interese con que determinado persoal desta Escola desenvolve as funcións inherentes ó posto de traballo que desenvolve, procede retribuír por tales circunstancias e feitos a dito persoal mediante a atribución ós mesmos de complemento de produtividade”*; o que en termos xerais resulta congruente co exposto no apartado primeiro do artigo 5 antes citado do Real Decreto 861/1986 do 25 de abril, ó referirse ás circunstancias, feitos e factores que retribúen este incentivo o rendemento.

Sen embargo o anterior, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual do complemento de produtividade deberá concretarse, por parte dos órganos ou responsables que propoñan a súa asignación, estas motivacións agora expostas de forma xenérica.

Por outra banda, queremos referirnos ás incidencia das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano 2009 en canto ó crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto da proposta incluída no expediente que se está a informar.

O artigo 22 da Lei 2/2008, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, establece no seu apartado segundo:

Dos. Con efectos de 1 de enero del año 2009, las retribuciones del personal al servicio del sector público, incluidas, en su caso, las diferidas..., no podrán experimentar un incremento global superior al 2 % con respecto a las del año 2008, en términos de homogeneidad para los dos periodos de la comparación tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.

E o mesmo precepto nos apartados oito, nove e once indica:

Ocho. Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo, siempre con estricto cumplimiento de lo dispuesto en la normativa vigente.

Nueve. Los acuerdos, convenios o pactos que impliquen crecimientos retributivos superiores a los que se establecen en el presente artículo o en las normas que lo desarrollen deberán experimentar la oportuna adecuación, deviniendo inaplicables en caso contrario las cláusulas que se opongan al mismo.

Once. Este artículo tiene carácter básico y se dicta al amparo de los artículos 149.1.13 y 156.1 de la Constitución. Las Leyes de Presupuestos de las Comunidades Autónomas y los Presupuestos de las Corporaciones locales correspondientes al ejercicio 2009 recogerán expresamente los criterios señalados en el presente artículo.

Pola súa parte o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, determina que a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo.

Por conseguinte, do exposto desprendese que as xenéricas razóns que se esgrimen na proposta que se informa para solicitar a ampliación da contía global existente no orzamento do organismo para complemento de produtividade, no momento da súa asignación individual deberanse concretar en criterios obxectivos que poñan de manifesto e xustifiquen o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para adecuar tal contía de incentivos ó rendemento ó número de efectivos ou ó grao de consecución de determinados obxectivos, todo isto para a debida e necesaria observancia da normativa legal citada.”

A Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, na súa sesión ordinaria do día 20 de novembro, prestou a súa aprobación á proposta citada anteriormente.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 23 de novembro, ditaminou favorablemente.

(Está ausente o Sr. González Sagarra do Grupo Popular)

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación da partida 4221.1500000 (produtividade) por unha contía máxima de 43.000 euros.

Segundo.- Instar ao órgano competente do organismo autónomo Escola Municipal de Artes e oficios para a instrumentación da modificación presupostaria correspondente.

19.- (129).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTAS DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO, RELATIVAS Ó NÚMERO DE MOCIÓNS E INTERVENCIÓNS NO PLENO E VOTACIÓN DE EMENDAS.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Son varias as preguntas sobre toda pola forma de desenvolver este Pleno.

Nas intervencións das mocións é un debate que tivemos en varios plenos. No mes de xuño houbo dúas intervencións do grupo que non era propoñente, no mes de xullo, agosto e setembro unha e agora en novembro dúas. Aquí temos a acta aprobada na que se dicía que só debería intervir unha vez un grupo, agora parece que segundo os Plenos intervéñen ás veces unha e outras dous veces.

En segundo lugar, o número de mocións. Normalmente eran nove mocións agora se poden poñer máis, pódense poñer once.

No tema das emendas. Ata agora e nos últimos plenos se votaban as emendas antes

da votación do punto, agora non se fai.

A miña pregunta é: no próximo Pleno que vai pasar? Porque en cada Pleno se vai cambiando cada cousa e isto demostra que pola falta de regulamento orgánico de Pleno ó final é unicamente a decisión do Alcalde a que fixa o funcionamento do Pleno. Non hai regulamento orgánico de Pleno e polo tanto vemos que as intervencións, número de mocións, as emendas, en cada Pleno son distintas. Non hai seriedade, non é un Pleno serio, Sr. Alcalde, e se ten un criterio o ten que manter continuamente e se non o ten diga que segundo o que vostede decida en cada momento é o que se vai aprobar.

O que fai falta e reiterámolo dende o mes de xuño que nos prometeu que o ía traer a Pleno, é un regulamento orgánico de Pleno. Para cando é ese regulamento, Sr. Alcalde.

A PRESIDENCIA: Voulle contestar, Sr. López-Chaves, poderíalle contestar por escrito pero o vou facer directamente.

Primeira cuestión, o criterio de intervención dos grupos é sempre o mesmo. Neste Pleno houbo un erro que eu recoñecín. Dinlle a palabra a un grupo que non correspondía e inmediatamente dixen que fora un erro da Presidencia, pero o criterio de intervención é sempre o mesmo: grupo propoñente, goberno, grupo restante; grupo propoñente, goberno e grupo propoñente. Sempre é igual, ese é o criterio que se utiliza.

Esta vez houbo unha diferenza nas dúas primeiras mocións porque acordamos debatelas conxuntamente e polo tanto cambiamos a forma de procedemento porque agrupamos dúas mocións que tiñan dous grupos propoñentes distintos e consultouse de voz ó propio voceiro neste Pleno.

Habitualmente establecemos un criterio que é o de nove mocións, pero nesas nove mocións o criterio que aparece no regulamento e o que se aplicaba ata hai pouco no Parlamento de Galicia é a proporcionalidade e esta vez dous grupos, Grupo Socialista e Grupo do BNG, reclamaron a súa cota e non quitamos mocións do Grupo popular que era o que deberíamos facer, deberíamos ter retirado dúas mocións do Grupo Popular e as mantivemos para que vostedes tiveran sempre a súa cota. Polo tanto mantemos sempre o grupo e tratamos ademais de que haxa unha certa capacidade de formulación da oposición, a máxima posible,.

Nós estamos traballando no regulamento pero vostedes gobernaron aquí tres anos e

medio e non o elaboraron. Agora urxen a este goberno a que faga o que vostedes non fixeron.

Presentaremos un regulamento porque coidamos que é bo actualizar o regulamento existente que xa ten moito tempo. Presentarémolo e esperamos a súa cooperación tamén para a súa aprobación.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Eran tres preguntas, era o número de mocións, as intervencións e as emendas porque esta vez non se votaron con anterioridade á iniciativa e o informe da secretaria dicía que as había que votar. Agora chegamos e non as votamos, igual a próxima si... Iso non pode ser.

A PRESIDENCIA: Voulle explicar rapidamente, Sr. López-Chaves, porque o grupo propoñente das emendas non as someteu a votación. Teñen o dereito de sometelas a votación ou non e decidiron non facelo. Polo tanto o criterio foi o mesmo, pero eles decidiron non sometelas a votación.

Preste atención, Sr. López-Chaves, preste atención ó Pleno.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás quince horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña..